

OS LALINENSES EN AMÉRICA

Proxectos educativos e organización escolar



XOSÉ MANUEL MALHEIRO GUTIÉRREZ



COLECCIÓN DEZA BÁSICOS N° 8

Para Brais e Millán, mozos dezaos, promesas de futuro.

Quero agradecer a Manuel Igrexas, Bieito Alonso e Antón Costa o tempo dedicado á lectura do orixinal deste traballo, e as súas valiosas opinións; así como aquelas persoas que de xeito xeneroso e desinteresado proporcionaron parte da documentación necesaria para levalo a cabo, e que aparecen citadas ao longo do texto.

D.L. 3921402
I.S.B.N. 84-607-4997-5

Foto Portada: Comisión pro-cemiterio, reunida en Buenos Aires en outubro de 1904,
xerme do movemento societario dezao e trasdezao.

Deseño e produción editorial: Alvarellos comunicación gráfica - Lalín

1. Presentación	9
2. Prólogo	11
3. Introducción	17
4. O movemento migratorio nas terras de Deza e Trasdeza: a intervención escolar dos emigrantes.	19
5. Hijos del Partido de Lalín de Buenos Aires: beneficencia, instrucción e mutualismo.	31
6. Hijos del Partido de Lalín de La Habana: entre a influencia dos arxentinos e a propia autonomía.	69
7. Club Lalín e La Habana: compromiso social, mutualismo e recreo	81
8. Unión del Partido de Lalín de Buenos Aires: a rexeneración social mediante o laicismo escolar e o apoio ao movemento agrario	87
9. Bibliografía	111
10. Anexos:	
Anexo I. <i>Actas de Constitución da Sociedade H. Partido de Lalín B.A.</i>	117
Anexo II. <i>Actas de Constitución da Sociedade H. Partido de Lalín H.</i>	119
Anexo III. <i>Directivas das Sociedades.</i>	121
Anexo IV. <i>Programa escolar de Unión del Partido de Lalín.</i>	139
Anexo V. <i>Listas de alumnado de Unión del Partido de Lalín.</i>	143
Anexo VI. <i>Relación de Socios de Hijos del Partido de Lalín B. A.</i>	149
Anexo VII. <i>Programa Festival Campestre de Unión del Partido de Lalín</i>	157

“Los de América sabremos premiar a los hombres que sirvan a las causas nobles, pues Vd. no ignora que lo que hacemos nos cuesta grandes sacrificios, los cuales olvidamos en homenaje a un ideal de emancipación humana por cuantos hemos sentido en carne propia el atraso de nuestro pueblo de origen”.

(Fragmento de carta dirixida ao mestre Manuel Sánchez polo directivo Jesús Blanco. Buenos Aires, 17 de setembro de 1923.)

PRESENTACIÓN

A nosa particular historia recente non se pode entender sen ter en conta o fenómeno da emigración. Ata mediados do século XX moitos dos acontecementos más senlleiros de Lalín e a nosa comarca, en xeral de Galicia enteira, desenvolvíanse a miles de quilómetros de distancia.

Lalín non remataba nos lindes administrativos, ó contrario, Lalín era tamén parte de Bos Aires, A Habana ou Caracas. Os nosos veciños e familiares afincados alen mar nunca deixaron de ser e obrar como galegos. O seu esforzo e traballo persoal e colectivo, e sobre todo a súa xenerosidade e amor a esta terra, levounos a por en marcha importantes proxectos nos eidos educativo, social e asistencial. Quen non coñece as escolas feitas polos americanos. O Hospitalillo. A penicilina e medicinas que nos enviaron nos tempos máis duros. Ou o diñeiro líquido que axudou a levantar Lalín.

É un acto de xustiza recoñecer esta labor, e recoñecer que Lalín supera o mero territorio municipal. Por este motivo este libro é só unha mínima homenaxe ós lalinenses afincados en América que tanto nos deron no seu momento sen pedir nada a cambio.

Hoxe a emigración galega a América rematou, e os fluxos son á inversa. Non esquezamos a historia e non nos enchamos de soberbia para recibir a estos novos habitantes do noso concello. Pensemos que fai moi poucos anos os papeis deste gran teatro da vida eran outros, e sexamos nós tamén xenerosos e acolledores.

Agradezo ó dezao Xosé Manuel Malheiro que co seu traballo de investigación contribúa a manter viva unha idea e un modo de interpretar as relacións entre persoas dun xeito solidario e comprometido.

*Xosé Crespo Iglesias
Alcalde de Lalín*

PRÓLOGO

O autor deste libro, Xosé Manuel Malheiro, é xa, por dereito propio, unha das inexcusables referencias do mundo e da labor da emigración en Galicia e, sobre todo, nas terras de Deza e Trasdeza. Anos e anos de paciente e traballosa, documentada e rigurosa investigación, fan de Malheiro unha das discretas pero imprescindibles persoas que están preservando para as xeracións vindeiras a memoria de nós, dos homes e mulleres que perviven en nós. A memoria, en suma, do mellor de Galicia.

Porque, en efecto, non é posible entende-la historia de Galicia sen entender o que significa a emigración. Abonda pensar naqueles aspectos que ainda hoxe son visibles na paisaxe, na alma e na economía galega: as escolas patrocinadas por emigrantes; as casas de indianos; as empresas vencelladas a sectores productivos básicos do país, como Pescanova ou Sargadelos; as remesas e fluxos económicos; o calado labor de mercar terras, construir casas, mellora-lo gando, observiarlle ós veciños un cruceiro, un reloxo para o campanario da igrexa, un camiño empedrado, unha estrada, unha granxa-escola, un hospital...

Pero a pegada de emigración non só é importante en Galicia senón fóra dela: esa bandeira dos centros galegos que eternizan orgullosamente o nome da parroquia, da bisbarra ou da terra; esa impagable labor mutualista e de apoio nos países de acollida...

O libro e a súa orixe

Neste seu novo libro, *<Os lalinenses en América. Proxectos educativos e organización escolar>*, Malheiro vén a profundizar no camiño e nas investigacións realizadas por Costa Rico e Peña Saavedra e a dar un paso máis. Documenta e detalla a inmensa labor educativa que honra a emigración dezana e achégase a este fenómeno migratorio a través das Sociedades de Instrucción que os lalinenses fundaron e mantiveron en América.

O libro tivo a súa orixe nas páxinas da cuarta edición de <*La Voz de Galicia*> _Deza, Taboirós e Terra de Montes_ que tiven o honor de dirixir de 1989 ó ano 2000. Nelas, Malheiro contribuiu decisivamente, cós seus traballos de intrahistoria local vencellados as escolas de emigrantes, ó que foron alguns dos firmes principios da devandita edición: cohesionar un territorio, contribuir á súa autoestima, defender tódalas facetas da súa cultura, da súa personalidade e das súas potencialidades, rescatar e revaloriza-lo seu rico patrimonio cultural, social e productivo e, de paso, impedir que o olvido incluira unha rica e transcendente memoria...

Daquelas páxinas, daqueles inesquencibles anos, sairon tamén outros libros _de Olimpio Arca, Reimóndez Portela, Armando Vázquez, César Gómez, Francisco Rubia ou o propio Malheiro_ que hoxe son fundamentais referentes para quen queira conocer, de verdade e profundamente, o pasado e o presente das terras de Deza, Trasdeza, Taboirós e Terra de Montes.

Un fenómeno común e un caso de poder

O libro de Malheiro, ademáis de ser un pormenorizado relato do pasado máis próximo, é un estudio da emigración galega e dezana como unha historia familiar. Convén deterse neste punto para romper tópicos e facer algunas precisóns.

En contra dalgunhas teses tradicionalistas sobre o carácter peculiar e aventurero do galego e sobre a súa vocación emigrante, derivada do atraso económico, hai que decir que a emigración galega, sobre todo a primeira emigración galega a América, foi un fenómeno común e bastante similar ó de outros países.

A súa causa principal derívase do feito de que a Revolución Industrial, que tivo lugar en Inglaterra a finais do século XVIII e en Francia, a finais do XIX, tivo, entre outras consecuencias, a grande acumulación de capital en mans privadas de nacións prósperas, feito que orixinou a denominada fase expansionista do capitalismo mundial. O capital inviste onde consigue maiores beneficios. E América apareceu ós seus ollos como un campo aberto onde todo estaba por facer.

Baste decir que Buenos Aires, por exemplo, pasou de ter 55.000 habitantes en 1855 a 1,5 millóns trinta anos despois. Necesidades de infraestructuras, rúas cidadáns, ferrocarrís, redes de sumidoiros, alumeados, construción de vivendas, etc. deron pé a un gran mercado de traballo e aí, nesa necesidade de mán de obra que requerían países en incipiente desenvolvemento, tivo a súa orixe a emigración en xeral, e a galega en particular, da segunda metade do século XIX e pri-

meiro cuarto do XX.

Pero ¿quén emigraba?. Emigraron os galegos, os asturianos, os cántabros, os vascos, os cataláns. Pero non os andaluces, os estremeños, os murcianos ou os casteláns. É decir, emigraba a España húmida, non a España seca. Emigraba quen podía, quen tiña poder para emigrar.

Na segunda metade do século XIX, marchar á emigración costaba, aproximadamente, o valor dunha casa, non mala, da zona rural de Galicia. E a España norteña, a que emigraba, tiña unha estructura económica que posibilitaba hipotecar cartos ou terras para pagar a viaxe.

A emigración, unha historia de familia e de cultura

No caso da nosa terra, esa emigración tivo tamén moito que ver coa peculiaridade da estructura da familia galega. Como é sabido, a familia galega foi, perante longo tempo, unha auténtica unidade orgánica de sociabilidade onde convivían avós, tíos solteiros, pais, fillos casados, netos... Esta unidade familiar ampla era precisa para traballa-la terra. O normal era ter seis, oito, dez fillos, para paliar a elevada taxa de mortalidade infantil e para dispoñer de brazos...

Cando, por esas datas, se rompeu o difícil equilibrio entre os recursos e a poboación, entre o que se produce na terra e o que se consume na casa, as familias galegas adoptaron unha estratexia: podían prescindir dalgún fillo e mándalos a América para que producisen un plus de riqueza para a casa. A obsesión dos que se foron eran remitir diñeiro rápido para pagar a hipoteca ó cura, a seus pais, a algúns ricos propietarios... da súa viaxe. Moitos retornaron enriquecidos e outros seguiron remitindo cartos sempre dun ou doutro xeito. Gracias a esas remesas e a esas aportacións, Galicia acometeu a transformación agraria, disputo de sociedades de instrucción e recreo, viuse poboadas de casas de indianos, estradas, escolas, hospitais, etc.

Finalmente, dous datos máis para contextualizar axeitadamente o libro de Malheiro, a emigración e a labor das sociedades de instrucción e dos emigrantes.

O primeiro tén que ver coa circunstancia histórica. En 1868, España vive un deses escasos intres que puidera denominarse alborada de liberdade. Isabel II é expulsada pola revolución da Gloriosa, a aristocracia e a mitra perden terreo e, por vez primeira, o pobo adquire un evidente auxe. Apróbase a Constitución de 1869, a máis progresista da nosa historia, e un grupo de intelectuais españoles, e tamén galegos, viviron a utopía da Revolución de 1869. Pensaban que outro mundo era posible. Que era posible a esperanza.

Pero cando, cinco anos máis tarde, o xeneral Pavía puxo fin ó chamado Sexenio Revolucionario, á intelectualidade e ás xentes con inquedanzas caeullés o mundo encima ó ver a España privada, outra vez, de liberdade. A desesperanza voltou có regreso da mitra oscurantista, da privilexiada aristocracia, da monarquía corrupta. E decidiron marchar, buscar novos horizontes.. Ninguén os empuxou para irse a América, autoexiliados, emigrados, fuxitivos. Foron os que Xosé Ramón Barreiro chama Exiliados da Utopía: Waldo Alvarez Insua, os Conde Salgado, Cisnero Luces, Varela Stolle...

Radicados en Bos Aires, A Habana ou Montevideo, lanzaron a idea da unidade dos galegos e crearon xornais como El Gallego, El Eco de Galicia, ou La Voz de Galicia nas devanditas cidades. Dende eles, pretendían unir ós galegos en torno á súa etnicidade e á idea de que podían ser pobres, marxinados ou con escasa relevancia social nos países de acollida, pero tiñan unha historia, unha fidalguía e unha riqueza cultural e patrimonial superior ós nativos dos países de residencia.

Os centros e as Sociedades de Instrucción

O paso seguinte, e lóxico, a esa ardua labor foi a creación dos centros galegos con un doble fin: dar asistencia social e mutual ós emigrantes; e ofrecer, doutra banda, os seus salóns como punto de encontro e de vida social que posibilitase a acollida e introducción dos galegos na sociedade nativa mediante a celebración de bailes, actos sociais, concertos, veladas culturais...

Os primeiros intentos, pois, de fomentar e potenciar a instrucción dos emigrantes iniciaronse xustamente cando apareceron os centros galegos. Esta coincidencia debe interpretarse non só como o resultado da capacidade asociativa dos emigrantes senón tamén como a necesidade de que a colectividade, en tanto que tal, atopáse na sociedade a respetabilidade que algúns xa conseguiran de xeito individual.

Despois da experiencia escolar dos centros galegos _case sempre levada a cabo polo entusiasmo e a visión de futuro de persoas como Fráiz Andión, Ares de Parga, Alonso Ríos, Suárez Picallo_, foron as colectividades micro e medio territoriais as que se plantearon o compromiso de formar en Galicia, por medio dun ensino primario o máis xeralizado posible, non só ós futuros emigrantes senón tamén ós galegos en xeral.

Houbo, pois, un cambio de plantexamentos. En vez de paliar aceleradamente os déficits dos emigrantes, pensábase en prestar un servicio más completo a Galicia dotándoa de escolas e centros de ensino. Dende que en 1903 apareceu a primeira Sociedade de Instrucción, a Alianza Aresana de Instrucción, proliferaron este tipo de sociedades en América e centos de escolas de emigrantes en Galicia. A Estrada chegou a contar con 12, Silleda con 4 e Lalín con 3.

Este é o mundo que documenta Xosé Manuel Malheiro no seu libro *<Os lalinenses en América. Proxectos educativos e organización escolar>*. Unha obra que tódolos dezanos leerán con devoción pois detrais deles, como detrais de tódolos galegos, ó cabo, non hai máis que un labrego, un mariñeiro ou un emigrante. Un traballo que nos enseña a ve-lo mundo con ollos galegos e que nos mostra un camiño: o dunha comarca, a de Deza e Trasdeza, en plena recuperación do mellor de sí mesma.

A mí, como a case tódolos galegos, resultame más doado falar da emigración coa alma nos beizos ou coa pel, que coas palabras. Por eso quero darrlle as grazas a Xosé Manuel Malheiro polo seu impagable e documentadísimo traballo sobre os lalinenses en América. E escuso decírille que a súa obra quedará non só na historia da comarca, senón na memoria colectiva e nas xentes da propia comarca. Persoas coma él forman parte xa, por dereito propio, do benquerido nome de Deza e Trasdeza.

*Martín Fernández Vizoso
Xornalista*

Santiago de Compostela, xaneiro de 2005

INTRODUCCIÓN

A historia das terras de Deza dos dous últimos séculos, como a do resto de Galicia nesa época está impregnada por milleiros de relatos familiares que teñen como tema central a emigración. Primeiro a Cuba, á Arxentina, ao Uruguai ou ao Brasil; máis tarde a México e Venezuela e os Estados Unidos de Norteamérica, e posteriormente, nas derradeiras décadas do século pasado, tamén fóra das nosas fronteiras, a Europa, País Vasco ou Cataluña. Desgraciadamente aínda hoxe seguen a escreberse historias familiares de modernos emigrantes galegos, que como aqueles abós o facían hai agora un século cara América, os seus netos seguen a abandonar hoxe as vilas galegas para buscar mellor acomodo nas illas Canarias, Andorra, Irlanda ou Portugal.

Por iso, a emigración galega, ademais doutros numerosos aspectos é, sobre todo, unha historia familiar. Podemos dicir incluso, sen medo a equivocarnos que, como cada unha das engurras que o tempo foi deixando no rostro das nosas aboas labregas ou mariñeiras, curtidas ao sol de xullo e ao vento de febreiro, así tamén Galicia foi debuxando as engurras da súa historia cos centos de milleiros de relatos familiares ligados á emigración. Historias de vida, de familia, de aldea, que se formaron seguindo a estela interminable dos vapores trasatlánticos, camiño de América, coas bodegas a rebentar de galegos e galegas. Historias que acabaron por tecer unha trama cultural, política, económica, xeográfica... pero sobre todo, unha tupida trama emocional que chega até nós ancorada no recordo: a do pai, o tío, o abó disposto a narrar a súa particular experiencia de indas e vindas, de traballo e sacrificio, de éxito ou fracaso lonxe do eido.

É o retrato, vestido con traxe e garabata de domingo, do parente trasterrado, de semblante serio, ergueito na súa dignidade, que un día trouxo o correo desde Buenos Aires, Montevideo, Río de Janeiro ou La Habana. É tamén a foto de grupo, posando solemne tras a primeira xuntanza da Sociedade de instrucción recén formada, que máis tarde será contemplada por un feixe de cativos, enmarcada, na parede da escoliña de calquer aldea remota de Galicia. Unhas e outras forman parte dunha galería de imaxes que cruzaron o Atlántico querendo amosar -ou agachar- os resultados dunha nova vida chea de esperanza lonxe da Terra, e

se foron fundindo pasenxo nun crisol que hoxe conforma, tamén, a nosa Historia. Son milleiros de imaxes, repetidas no seu estereotipo, que se dilúen no bullicio anónimo das grandes urbes americanas, pero gardan para nós, na súa individualidade, a grandeza das xestas heroicas.

E así, case como se se tratara dun retrato doméstico, tentamos achegarnos ao fenómeno migratorio dezao a través das sociedades de instrucción que os emigrados fundaron e sostiveron en América froito dun traballo colectivo. Forman unha parte importante da Historia, que aquí observamos desde unha óptica singular: a das obras filantrópicas ligadas ao benestar dos que quedaban na aldea, ao fomento da educación primaria mediante a creación de escolas, case sempre humildes na feitura, pero exemplares no planteamento pedagóxico: escolas onde se educaba con sentido para seren útiles na vida. Reafirmando a autonomía individual fronte á dependencia gregaria, a libertade da razón fronte á mordaza do dogma, a emancipación cidadá fronte á tutela e o abuso do poder.

Algunhas sociedades confiaron o testigo da instrucción aos gobernos da Segunda República a partir de 1931; outras mantiveron a intervención escolar até o golpe militar de 1936. En América, a actividade societaria continuou despois dessa data centrada no mutualismo e o recreo. Nalgúns casos chega até nós: en Buenos Aires, en torno ao *Centro Lalín*, onde acabaron por agruparse en 1982 algunas das entidades ali radicadas; en La Habana, a través da Sociedade *Hijos del Partido de Lalín*, que congrega aos dezaos que ainda alí van quedando.

Para as Sociedades de instrucción de Deza, para os seus fundadores, componentes e responsables actuais; para os mestres que dirixiron as súas escolas defendendo con valentía un modelo pedagóxico alternativo á anacrónica palmeta, sexa este traballo, tamén, un modesto recoñecemento.

O MOVEMENTO MIGRATORIO NAS TERRAS DE DEZA E TRASDEZA: A INTERVENCIÓN ESCOLAR DOS EMIGRANTES

A historia da intervención societaria dezá comeza dun xeito informal o ano 1904, cando un grupo de emigrados lalinenses se reúne en Buenos Aires para construir un cemiterio na vila natal. Pero será un pouco máis tarde, cando a partir daquel núcleo inicial xurda a Sociedade *Hijos del Partido de Lalín*, o 7 de agosto de 1908¹. Inmediatamente despois, o 15 de agosto dese ano², tamén na capital arxentina, nace Hijos de Silleda, formada polos emigrados das 33 parroquias do seu termo municipal. E o primeiro de xaneiro de 1909 fórmase a *Asociación Hijos del Partido de Lalín (Protección)*, como resultado dunha primeira escisión de *Hijos del Partido de Lalín*, con fins de recreo e mutualidade, pero desaparece pouco tempo despois reintegrada novamente na entidade inicial.

O 20 de marzo de 1909³ créase a Sociedade *Pro Escuela en Bandeira*, igualmente aberta ó ámbito municipal silledán, gracias a un dun grupo de veciños das parroquias de Moalde, Chapa, Santiso, Lamela e Cervaña⁴, cunha clara sensibilidade cara a educación laica e o movemento agrarista e antiforal.

Xusto un ano despois, desta volta na capital cubana e a instancias da Sociedade lalinense de Buenos Aires, constitúese a que en principio non ía ser máis que unha delegación da primeira. Pero a Sociedade *Hijos del Partido de Lalín* de La Habana naceu con voz propia no Salón de Sesións do Centro Galego o 20 de marzo de 1910, como comprobaremos oportunamente, “con el objeto de agrupar a los emigrantes de los seis ayuntamientos del Partido Judicial de Lalín que residan en la isla de Cuba”⁵.

1. Sociedad Hijos del Partido de Lalín: *Libro de Actas nº 1*. Buenos Aires, Acta de Fundación de 7 de agosto de 1908, p. 1, que debo á amabilidade de Daniel González Alén.
2. Asociación Hijos de Silleda: *Boletín informativo nº 24*. Buenos Aires, 1983, p. 1.
3. Sociedad pro Escuelas en Bandeira: *Acta de fundación*. Buenos Aires, 20 de marzo de 1909.
4. ÍDEM: *Acta de Iniciación*. Buenos Aires, 11 de marzo de 1909.
5. Sociedad Hijos del Partido de Lalín: *Estatutos*. La Habana, 1939, p. 5., que debo á amabilidade de José García Antón, cubano de ascendencia galega finado en La Habana en 1997.

SOCIEDADES DE EMIGRANTES NAS TERRAS DE DEZA E TRASDEZA				
Sociedade	Constitución	Ref.	Sede	Concello
Hijos del Partido de Lalín	7 agosto 1908		B. A	Lalín
Hijos de Silleda	15 agosto 1908		B. A	Silleda
Asociación Hijos del Partido de Lalín (Protección)	1 xaneiro 1909		B. A.	Lalín
Pro Escuelas en Bandeira	20 marzo 1909		B. A.	Silleda
Hijos del Partido de Lalín	20 marzo 1910		H.	Lalín
Silledanos Unidos		1911	B. A.	Silleda
Pro Escuela Hijos de Loño	25 febreiro 1912		B. A.	Vila de Cruces
Hijos de Ventosa y su Distrito	2 maio 1918		B. A.	Agolada
Sociedad de Instrucción Hijos de Ventosa y su Término	14 dec. 1918		H.	Agolada
Hijos de Rodeiro		1920	H.	Rodeiro
Club Lalín. Soc. de Instrucción, Protección al Trabajo y Recreo	14 abril 1920		H.	Lalín
Unión del Partido de Lalín	30 xaneiro 1921		B. A.	Lalín
Residentes del Distrito de Rodeiro	21 xuño 1921		B. A.	Rodeiro
Soc. de Instrucción, Protección Mutua y Recreio Hijos de Golada	10 setembro 1922		H.	Agolada
Ayuntamiento de Silleda	21 outubro 1922		H.	Silleda
Hijos del Valle de Ulla y su Comarca	10 febreiro 1928		H.	Silleda-A Estrada
Soc. Instr. y Recreativa Pro-Escuela de Brocos y sus Contornos	20 xullo 1930		B. A.	Lalín
Hijos del Ayuntamiento de Golada y sus Contornos	20 xullo 1930		B. A.	Agolada
Unión Residentes del Ayo. de Carbáa	24 maio 1936	1935	B. A.	Vila de Cruces
Hijos de Moalde Unidos		1986	B. A.	Silleda
Hijos de Loño			H.	Vila de Cruces

Fonte: elaboración propia

No ano 1911 sitúase a única referencia coa que contamos de momento para determinar a existencia da entidade *Silledanos Unidos*. Así consta nunha nota de prensa insertada en *El Eco de Galicia* de Buenos Aires. A noticia reflicte a recente constitución da súa Asamblea⁶.

Novamente na capital arxentina ten lugar, o 25 de febreiro de 1912⁷, a aparición da Sociedade *Pro Escuela Hijos de Loño*, que o fai cunha marcada identidade parroquial e uns fins educativos de inspiración conservadora. *Pro Escuela Hijos de Loño* mantiña estreitos contactos con *Hijos del Partido de Lalín*, e moitos dos socios desta eran tamén dirixentes daquela agrupación. Existe outra entidade formada por residentes desta parroquia en La Habana, denominada *Hijos de Loño*, da que descoñecemos a data de constitución.

Mediando un dilatado lapso de tempo sen que teñamos referencias que documenten entretanto outra fundación, o 2 de maio de 1918 fundase *Hijos de Ventosa y su Distrito*, radicada en Buenos Aires; e o 14 de decembro de 1918⁸ celébrase en La Habana o nacemento da *Sociedad de Instrucción Hijos de Ventosa y su Término*. Os seus afiliados pertencen ao municipio de Agolada, e o seu ámbito de influencia céntrase naquela parroquia. Tamén sobre esas datas encádrase a presencia da Sociedade cubana *Hijos de Rodeiro*, da que atopamos unha referencia en *Eco de Galicia*⁹ onde con data de 2 de maio de 1920, informa sobre as eleccións celebradas para nomear unha nova xunta directiva.

6. "Silledanos Unidos". *El Eco de Galicia*. Buenos Aires, nº 712, 10/8/ 1911, p. 7.

7. Sociedad pro Escuela Hijos de Loño: *Estatutos*. Buenos Aires, 1912, p.1, Tít. II, art. 1.

8. Sociedad Hijos de Ventosa y su Término: *Copia del Poder Especial otorgado por D. Alfredo García Vázquez á favor del Señor Jesús Diéguez*. La Habana, 15 de maio de 1920, p. 2. (Texto manuscrito).

9. "Los de Rodeiro". *Eco de Galicia*. La Habana, nº 118, 2/5/ 1920, p. 25.

A década dos anos vinte inagúrase coa sociedade cubana *Club Lalín*, que se inscribe o 14 de abril de 1920 no rexistro de asociacións do Goberno Civil de La Habana. Case un ano despois na Arxentina, o 30 de xaneiro de 1921¹⁰, constitúese *Unión del Partido de Lalín*. Nace como resultado da división entre dous sectores enfrentados por diferencias ideolóxicas, como trataremos nun apartado deste traballo.

Algunhas semanas despois, o 21 de xuño de 1921 fórmase *Residentes del Distrito de Rodeiro* en Buenos Aires; e algúns meses máis tarde, o 10 de setembro de 1922¹¹ aparece na República antillana a agrupación denominada *Sociedad de Instrucción, Protección Mutua y Recreo “Hijos de Golada”* co obxecto de “contribuir moral y materialmente al impulso de la Instrucción y al Progreso del Ayuntamiento de Golada”¹².

Semanas máis tarde ten lugar, tamén nesta capital, o inicio dunha nova Sociedade formada por emigrantes silledáns, que con ese obxectivo se reúnen o 21 de outubro de 1922 nos locais do Centro Galego. A nova agrupación denominase *Ayuntamiento de Silleda*, e tentará levar a cabo varios proxectos, entre eles un xornal e a construción dunha escola, aínda que ningún deles prosperou. Non foi o caso de *Hijos del Valle del Ulla y su Comarca*, integrada por emigrantes de varias parroquias de Silleda e A Estrada confluíntes no val do Ulla, que se fundou en La Habana o 10 de febreiro de 1928 e colaborou no progreso escolar da súa zoa de influencia, como veremos.

Na década dos trinta vanse crear varias entidades. A primeira xorde o 20 de xullo de 1930 en Buenos Aires. Trátase da *Sociedad Instructiva y Recreativa Pro-Escuela de Brocos y sus Cotornos*. Coa mesma data, 20 de xullo de 1930, aparece tamén a *Sociedad Hijos del Ayuntamiento de Golada y sus Contornos* radicada en Buenos Aires. Con menos precisión pode datarse o inicio da sociedade silledá *Hijos de Moalde Unidos*, malia ter datos que confirman a súa existencia en 1935. Xa, para rematar, cómpre mencionar a Sociedade cruceña *Unión de Residentes del Ayuntamiento de Carbia*, que nació o 24 de maio de 1936, escassas semanas antes do golpe militar que deu inicio á Guerra Civil, e acabou por afogar as diferentes iniciativas escolares que os galegos emigrados espallaron por Galicia.

10. “Sociedad ‘Unión del Partido de Lalín’. Auxiliar y fomento de sociedades agrarias y culturales”. *Céltiga*. Buenos Aires, nº 37-38, 25/7/ 1926, s.p.

11. Sociedad Hijos del Ayuntamiento de Golada: *Crónicas de la fundación de la Sociedad “Hijos del Ayuntamiento de Golada”*. Narración desde Septiembre de 1.922 al 1.992. La Habana, p. 1.
(Texto mecanografiado).

12. Ibid., p. 4.

Fomentaron o ensino e facilitaron o acceso á educación a centos de nenos e nenas

Promover a instrucción, erradicar o analfabetismo, mellorar as condicións de vida dos que permanecían na comarca de orixe mediante unha formación axeitada á cultura agropecuaria constituiu a principal preocupación da meirande parte das Sociedades dezás. E, en moitos casos, ademais, facer da escola o xérnolo dunha nova conciencia democrática amparada na liberdade e a xustiza social mediante a reivindicación política. E grazas a esta inquedanza, que pouco a pouco comezou a facerse realidade a partir de 1912, cando *Hijos de Silleda* inaugura a súa primeira escola en Laro, o panorama escolar comarcal experimentou ata 1936 unha apreciable transformación. Durante eses anos creáronse nada menos que vintedous centros educativos nos que participaron os emigrantes dezaos, e dous máis fóra dos límites comarcrais. A estes cómpre engadir dúas escolas de primeiras letras, creadas por emigrantes un pouco atípicos no século XVII. A primeira corresponde á parroquia cruceña de San Miguel de Duxame, e foi fundada o 4 de xullo de 1620¹³ por Andrés Otero Bermúdez, irmán de Domingo Antonio, Xeneral Virrei de Indias. A el se atribúe o mandato de construír este establecemento escolar que aínda se conserva na actualidade, malia o seu estado ruinoso, desde sempre coñecido como “O Colesio”. A segunda data de 1699, cando Antonio Ramos del Soto, indiano radicado no Vicerreinato de Nueva España, en México, creou na parroquia de San Pedro de Salgueiros unha escola de nenos¹⁴. O edificio tamén se conserva na actualidade, e figura no inventario municipal desde que fora doado “al Ayuntamiento por una antigua Fundación en el año 1.920”¹⁵.

Pero deixando estes dous casos, ímonos deter nas escolas creadas durante a primeira metade do século XX. Algunhas delas financiáronse directamente polas sociedades de instrucción ou por filántropos a título individual; outras foron creadas pola veciñanza coa axuda parcial dos ausentes, que achegaron imprescindibles recursos para materializar aqueles precarios proxectos, froito da iniciativa popular, obrigada a resolver cos seus propios medios, e cos que podían chegar de América, as carencias educativas queinxustamente padecía a Galicia rural.

13. Asociación de Directivos de Entidades no Lucrativas Españolas-Centro de Fundaciones: *Directorio de las Fundaciones españolas*. Madrid, Ediciones Peninsular, 1986, p. 271.

14. PEÑA SAAVEDRA, V.: “Siglo XVII: génesis de las fundaciones docentes de los indios gallegos”. *Educación y Europeísmo. De Vives a Comenio. Actas del VII Coloquio Nacional de Historia de la Educación*. Málaga, Universidade de Málaga, 1993, p. 303. Véxase tamén, do mesmo autor: “Indianos precursores de la filantropía docente en Galicia” (1607-1699), en *Revista de Indias* nº 216, 1999, pp. 375-389.

15. Concello de Vila de Cruces: *Inventario*. Sen paxinar.

SOCIEDADES DE INSTRUCCIÓN EN CENTROS ESCOLARES EN DEZA E TRASDEZA				
Concello	Sociedade	Parroquia	Escola	Inauguración
Agolada	Hijos de Ventosa y su Término	Ventosa	Escola Primaria	1920?
Agolada	H. Ayunt. de Golada y sus Contornos ⁽¹⁾	-	-	-
Agolada	I. y R. Pro-Escuela de Brocos y sus C. ⁽²⁾	Broncos	¿?	¿?
Lalín	Hijos del Partido de Lalín - (B.A., H.) ⁽³⁾	Lalín	Escola Primaria	1 setembro 1924
Lalín	Hijos del Partido de Lalín	Gresande	Ramón Glez. Vigide	1 novembro 1922
Lalín	Hijos del Partido de Lalín	Prado	M. Curros Enríquez	12 decembro 1923
Lalín	Club Lalín ⁽⁴⁾	Alemparte	Escola Primaria	25 abril 1928
Lalín	Club Lalín	A Xesta	Escola Primaria	decembro 1928
Lalín	Club Lalín	Busto	Escola Primaria	-
Lalín	Club Lalín	Gresande	Escola Primaria	-
Rodeiro	Hijos del Ayuntamiento de Rodeiro	Az	Escola Primaria	¿?
Silleda	Hijos de Silleda	Laro	Rosalía de Castro	5 decembro 1912
Silleda	Hijos de Silleda	Escudero	Bernardino Rivadavia	1917?
Silleda	Hijos de Silleda	Siador	F. Giner de los Ríos	1921?
Silleda	Hijos de Silleda ⁽⁵⁾	Refoxos	Escola Primaria	-
Silleda	Hijos de Silleda ⁽⁶⁾	Dornelas	Escola Primaria	-
Silleda	Pro Escuelas en Bandeira	A Bandeira	E. I. P. C. ⁽⁷⁾	1 setembro 1930
V.Cruces	Pro Escuela Hijos de Loño	Arxentina	E. P. M. G. ⁽⁸⁾	3 setembro 1922 ⁽⁹⁾
V. Cruces	Hijos del Partido de Lalín - Habana ⁽¹⁰⁾	Insua	Escola Primaria	1928

Fonte: elaboración propia

1. Subtitulada “Protección-Instrucción y Recreo”, pero non chega a fundar ningún centro escolar.
2. Descoñecemos, polo momento o grao de colaboración coa escola nacional de Brocos.
3. Ambas entidades fundan o centro que se instala no *Hospitalillo*.
4. Colaborou achegando mil pesetas para axudar a construir os edificios das escolas nacionais.
5. Financiou o alquiler da escola pública da parroquia de Refoxos.
6. Colaborou na construcción do edificio da escola pública de Dornelas.
7. “Escuela de Instrucción Primaria y de Comercio”.
8. “Escuela Privada Mixta Graduada”.
9. Inaugúrase oficialmente en 1922, pero comeza a funcionar en 1917.
10. Colaborou na financiación do edificio da escola nacional de Ínsua.

Partimos de Agolada realizando un reconto dos centros escolares creados en cada municipio. Neste concello, os emigrantes radicados na illa de Cuba, que en 1918 constituiran a *Sociedad de Instrucción de los Hijos de Ventosa y su Término* para “fundar y sostener una ó más escuelas de instrucción Primaria”¹⁶, verán cumprido ese obxectivo ao comezo dos anos vinte. O edificio da escola de Ventosa foi sufragado enteiramente polos socios, así como tamén o seu memento ata o ano 36, como tamén parece probable que o fora, polo menos en parte, a escoliña que áinda existe en Brocos, gracias ás axudas da *Sociedad Instructiva y Recreativa Pro-Escuela de Brocos y sus Contornos*.

Neste mesmo concello o benfeitor Francisco Oro Meire, emigrado a Cuba, fundou unha escola de ensino primario na súa parroquia de orixe, para beneficio dos nenos e nenas dos lugares próximos, como reza na placa que áinda se conserva na súa frente: “Fue construido este edificio escolar a expensas de D. Francisco Oro Meire, con objeto de que los niños y niñas de las parroquias de Eidián, Basadre y Ramil reciban la instrucción primaria. Año 1920”.

No concello de Lalín, *Hijos del Partido de Lalín* de Buenos Aires ergueu un Hospital e Asilo nun suntuoso edificio, hoxe desaparecido, que comezou a funcionar no ano 1922, e acabou reconvertido nun centro de ensino primario en

16. Sociedad Hijos de Ventosa y su Término: *Copia del Poder Especial otorgado por D. Alfredo García Vázquez á favor del Señor Jesús Diéguez*. La Habana, 15 de maio de 1920, p. 2.

1924. Esta obra tamén foi sufragada polos dezaos residentes na illa de Cuba, membros da Sociedade *Hijos del Partido de Lalín* daquela capital. Asimesmo, tamén desde a capital cubana, a Sociedade *Club Lalín* cooperou na construción de catro escolas, nas parroquias de Vilanova, Alemparte, Busto e Gresande, como veremos máis detidamente en capítulos posteriores.

FILANTROPÍA PARTICULAR E CENTROS ESCOLARES EN DEZA E TRASDEZA				
Concello	Filántropo	Parroquia	Escola	Creación
Agolada	Francisco Oro Meire	Basadre	Escola Primaria	1920
Lalín	Manuel Ramos e Marcelino Otero	Barcia	Escola Primaria	1923 ¹⁷
Lalín	Manuel, Antonio e Benito Glez. Gamallo	Soutolongo	Escola Primaria	1925
V.Cruces	Andrés Otero Bermúdez	Duxame	Escola primeiras letras	4 xullo 1620
V.Cruces	Antonio Ramos del Soto	Salgueiros	Escola primeiras letras	1699

Fonte: elaboración propia

Ademais destas, a Sociedade *Unión del Partido de Lalín* radicada en Buenos Aires fundou dous centros. O primeiro na parroquia de Gresande, e o segundo na de Prado, como tamén comprobaremos oportunamente ao longo deste traballo.

Ás anteriores, resultado da intervención societaria, deben sumarse dúas escolas que foron levantadas grazas ó peculio particular doutros emigrantes que, á súa vez, tamén pertencían á sociedade *Hijos del Partido de Lalín* de Buenos Aires. A primeira constrúese na parroquia de Barcia, a carón da súa centenaria carballeira. Manuel Ramos Ramos doou o terreo onde se ubica o edificio e Marcelino Otero González achegou o capital para a súa construcción e dotación, que foi inaugurado contra 1918. A segunda créase na parroquia de Soutolongo baixo o patrocinio dos irmáns Manuel, Antonio e Benito González Gamallo. Comeza a construirse no ano 1923 e inaugúrase en 1926, coincidindo cunha viaxe de Manuel á súa vila natal, ocasión que aproveita para entregar a obra ás autoridades educativas da provincia, encargándose estas do seu sostemento¹⁷.

No concello de Rodeiro, os emigrantes radicados en La Habana lograron construir unha escoliña, que se inaugurou a mediados da década dos trinta, na parroquia de San Cristobo de Az. A entidade dos cambotes en Cuba, denominada *Hijos del Ayuntamiento de Rodeiro*, achegou os fondos para mercar o terreo e construír o edificio, os veciños da parroquia colaboraron con diversos traballos, e o Estado ocupouse de contratar o mestre e supervisar as clases.

Da outra banda do río Deza, *Hijos de Silleda* crearía tres escolas. A primeira inaugúrase en Freixeiro, parroquia de Laro, o 5 de decembro de 1912¹⁸. Máis

17. Véxase: MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M.: "As fundacións docentes dos indianos nas terras de Deza", en *Pontevedra. Revista de estudios provinciales* nº 15, pp. 133-144.

18. Unha nota en *Suevia*, nº 2, 8/3/13, p. 2. informaba: "viene funcionando admirablemente, bajo la dirección de un distinguido pedagogo compostelano. En la actualidad hay matriculados unos ochenta niños, los que reciben una esmerada educación, lo cual dice mucho a favor de tan filantrópica asociación, porque demuestra que la enseñanza de las primeras letras en aquella comarca, era de imperiosa necesidad".



Edificio para escola inaugurado na parroquia de Barcia contra 1918, que promoveron Manuel Ramos e Marcelino Otero, afiliados á Sociedade *Hijos del Partido de Lalín* de Buenos Aires.



Edificio para escola nacional, inaugurado en 1926 na parroquia de Soutolongo, mandado construir polos irmáns González Gamallo.

tarde, contra 1917 creouse a segunda no lugar de Penadauga, en Escuadro¹⁹. Nun principio, as clases impartíanse nun local alugado, pero a Sociedade contará cun local propio, construído *ex profeso*, algún tempo despois. Ese mesmo ano de 1917, os seus membros aprobaban en asemblea unha subvención anual de 60 pesos, moeda arxentina, destinada a sostener outro centro na parroquia de Refoxos porque “se encuentran en aquel punto muchos niños que carecen de la más elemental instrucción, y la sociedad cuenta en la actualidad con recursos suficientes para hacer funcionar la escuela”²⁰. Por último, en 1921 adquiríuse o terceiro edificio en Siador, que se inaugurou algún tempo despois, logo dunhas reformas. A Sociedade tamén subvencionaba o aluguer da escola de nenas de Cortegada, que deixou de abonar ao integrarse as súas alumnas no novo edificio de Siador. Contra 1931 enviou unha subvención aos veciños de Dornelas para que remataran a construcción da escola da parroquia, que permanecía inconcluso por falta de financiación. Esta escola tamén foi subvencionada pola sociedade *Hijos del Valle del Ulla y su Comarca*, que enviou a cantidade de 100 pesos cubanos a comezo dos anos trinta²¹.

Nese mesmo concello, *Pro Escuela en Bandeira* inauguraba tamén un expléndido edificio escolar naquela vila, logo de padecer non poucos atrancos durante preto de vinte anos. A escola abriuse o primeiro de setembro de 1930. A entidade sufragou a totalidade do edificio, o seu material escolar e o salario do mestre durante o tempo que permaneceu en activo.

No concello de Vila de Cruces sobrancia o traballo realizado polos emigrantes da parroquia de Loño. A escola abriu as súas portas no ano 1917, pero inaugurouse oficialmente, con todas as obras rematadas, en 1922 coincidindo coa viaxe do seu presidente, Roque Vázquez, quen tamén ocupara cargos de responsabilidade en *Hijos del Partido de Lalin* de Buenos Aires. O rexo edificio de dous andares que alí ergueron atópase hoxe nun lamentable estado de abandono. Ademais deste, na parroquia de Santo Tomé de Ínsua, a sociedade *Hijos del Partido de Lalin* de La Habana, que contaba con algúns afiliados naturais dessa parroquia, enviou unha subvención para axudar a levantar a escola do lugar, que foi inaugurada en 1928.

Por último débese engadir outros dous centros escolares nos que tamén participaron emigrantes naturais de Deza, afiliados á Sociedade *Hijos del Valle del Ulla y su Comarca*²², a pesar de que se acabaran implantando en parroquias dos

19. Na Asemblea ordinaria que os socios da entidade celebraron o 13 de outubro de 1918 en Buenos Aires, Alonso Ríos solicita unha subvención de 150 pesos para mobiliario e útiles escolares da escola de Penadauga, así como aumento de salario para o mestre da de Freixeiro, que a propia Asemblea fixa en “25 duros españoles” por mes.

20. Sociedad Hijos de Silleda: *Libro de Actas*. Buenos Aires, 4 de febreiro de 1917, p. 68.

21. “Hijos del valle del Ulla y su Comarca”. *Eco de Galicia* nº 381, 25/8/35, p. 18.

INTERVENCIÓN SOCIETARIA E PARTICULAR DOS EMIGRANTES DE DEZA						
Sociedad / Filántropo	Constitución	Sé	Concello	Escola	Patroquia	Inauguración
Andrés Otero Bermúdez Antonio Ramos del Soto Hijos del Partido de Lalín Hijos de Silleda	7 agosto 1908 15 agosto 1908	(1) B.A. B.A.	Vila de Cruces Lalín Silleda	Escola de primeiras letras Escola de primeiras letras Hospitalillo- Escola primaria (3) "Rosalia de Castro" "Bernardino Rivadavia" "Francisco Giner de los Ríos" Escola primaria (4) Escola primaria (5)	Duxame Salgueiros Lalín Lato Escudro Siador Refoxos Dornelas	4 xullo 1620 1699 1 setembro 1924 5 decembro 1912 setembro de 1918 setembro de 1921 anos trinta
Asociación Hijos del Partido de Lalín (Protección) Pro Escuelas en Bandeira Hijos del Partido de Lalín	1 xaneiro 1909 20 marzo 1909 20 marzo 1910	B.A. B.A. H.	Lalín Silleda Lalín	"Escola de Instr. Primaria y Comercio" Hospitalillo- Escola primaria (3) Escola primaria	A Bandeira Lalín Insua (Cruces)	1 setembro 1930 1 setembro 1924 xullo de 1928
Silledanos Unidos Pro Escuela Hijos de Loño Hijos de Ventosa y su Distrito Sociedad de Instrucción Hijos de Ventosa y su Término Francisco Oro Meire Hijos del Ayuntamiento de Rodeiro Club Lalín. Soc. de Instrucción, Protección al Trabajo y Recreo	25 febreiro 1912 2 maio 1918 14 decembro 1918 14 abril 1920	B.A. B.A. B.A. H.	Vila de Cruces Agolada Agolada Rodeiro Lalín Lalín Lalín Lalín Lalín Lalín	Escola primaria Escola primaria Escola primaria Escola primaria Escola primaria Escola primaria Escola primaria Escola primaria Escola primaria Escola primaria	Loño Ventosa Basadre S. Estebo de Az Vilanova Alem parte Busto Gresende Gresende Prado	3 setembro 1922 ⁽⁶⁾ 1920? 1920 decembro 1928 25 abril 1928 1 novembro 1922 12 decembro 1923
Unión del Partido de Lalín Residentes del Distrito de Rodeiro Soc. de Instrucción, Protección Mutua y Recreo Hijos de Golada Ayuntamiento de Silleda Manuel Ramos e Marcelino Otero Manuel, Antonio e Benito González Gamallo Hijos del Valle de Ulla y su Comarca	30 xaneiro 1921 21 xuño 1921 10 setembro 1922 21 outubro 1922 B.A. H. B.A. B.A. H.	B.A. B.A. H. H. B.A. B.A. B.A. B.A.	Rodeiro Agolada Agolada Rodeiro Lalín Lalín Lalín Lalín Lalín Lalín	"Ramón González Vigide" "Manuel Curros Enríquez" Escola primaria Escola primaria Escola primaria Escola primaria Escola primaria Escola primaria Escola primaria Escola primaria Escola primaria Escola primaria	1923? 1925 1930? 1930? Ponte Ulla c?	
Soc. Instr. y Recreativa Pro-Escuela de Brocos y sus contornos (7) Hijos del Ayuntamiento de Golada y sus Contornos Unión Residentes del Ayto. de Carbia Hijos de Maide Unidos Hijos de Loño	20 xullo 1930 20 xullo 1930 24 maio 1936 c? c?	B.A. B.A. B.A. H.	Lalín Agolada Vila de Cruces Silleda Vila de Cruces			

Fonte: Elaboración propia

1.

Manila, Illas Filipinas.

2. Vicerreiado de Nova España, México.

3. Comeza sendo hospitalillo en 1922 e inaugúrase como escola en 1924.

4. mantivo esta escola mediante unha subvención.

5. Envíouse un donativo para axudar á súa construción.

6. Comezou a funcionar en 1917, pero a inauguración oficial celebrouse en 1922.

7. Ainda que é probable, non existe constancia de que promovera a escola de Brocos.

concellos de A Estrada e Vedra. A primeira localizase en de Arnois. Cando o Inspector de Ensino Primario decidíu clausurar o local que alí había por non reunir unhas mínimas condicións pedagóxicas, os veciños optaron por organizarse e tratar de erguer un novo edificio mediante unha colecta. Aparte de buscar fondos na parroquia, dirixíronse aos residentes de Arnois en América na procura de apoio. Tanto o Comité de Residentes del Distrito de La Estrada como a Sociedade Hijos del Valle del Ulla y su Comarca fundada en La Habana respondieron favorablemente, achegando a axuda necesaria. Asimesmo, os emigrantes de Silleda, afiliados na Sociedade do Val do Ulla tamén axudaron a financiar a restauración da antiga cárcere de Ponte Ulla habilitándoa para escola de ensino primario, que se inaugurou en 1928.

O mutualismo, a protección aos recén chegados e o recreo aos asociados

Pero moitos emigrantes dezaos consideraban que, antes de iniciar proxectos ligados á instrucción ou á beneficencia na terra natal, cumpría facilitar o camiño aos que se ían incorporando á colectividade emigrada. Había que axudar aos recén chegados a atopar traballo, a promover vínculos de identidade entre os residentes na nova terra de adopción facendo máis doado o sempre traumático proceso de integración; ou ben facilitarles o camiño de volta en caso de que a súa particular aventura, como ocorriu en tantos casos, deviñera en inxusto fracaso.

Segundo este criterio, os membros da Sociedade *Hijos del Partido de Lalín* de Buenos Aires, ademais de erixir un Hospital-Asilo, unían tamén os seus esforzos proporcionando auxilio “al recién venido para procurarle colocación y repatriar a todos los socios que carezcan de recursos”²³. Hijos de Silleda, na mesma liña, organizaba os seus recursos para protexer “a los enfermos imposibilitados para trabajar, repatriándolos desde Argentina”²⁴. Pola súa parte, Hijos del Partido de Lalín de Cuba procuraba “protección y ayuda entre todos sus asociados, así como una mayor unión entre los naturales y oriundos del Partido de Lalín en esta República”²⁵. E a escindida dos lalinenses de Buenos Aires, *Asociación Hijos del*

22. Formada por residentes en Cuba procedentes das parroquias de Arnois, San Miguel de Castro, Cira, Dornelas, Orazo, Loimil, Oca, Agar, Remesar, Santo Tomás de Ancorados, Riobó e Berres, dos concellos da Estrada e Silleda.

23. Sociedad Hijos del Partido de Lalín: *Libro de Actas* nº 1. Buenos Aires, 1908, Acta del día 17 de agosto de 1908, p. 1.

24. Castrillo Sagredo, B.: *El aporte de los indianos a la instrucción pública, a la beneficencia y al progreso en general de España y su historia hecha en la prensa de Buenos Aires*. Oviedo, Tipografía Región, 1926, p. 148.

Partido de Lalín (Protección) defendían antes que nada o mutualismo e a sociabilidade entre a colonia dezá.

Os estatutos da Sociedade *Pro Escuelas en Bandeira* non determinan fins mutualistas ou recreativos, pero si establecen a necesidade de manter relacións con outras agrupacións “que se propongan la difusión de la enseñanza laica en Galicia, buscando un intercambio de ideal y de acción conjunta”²⁶. Pola súa parte *Pro Escuela Hijos de Loño*, tamén enuncia intencións mutualistas e recreativas, que levará a cabo durante o tempo que mantivo a súa actividade.

Por outro lado chama a atención a oferta un tanto singular da Sociedade *Silledanos Unidos*, que nacera para “proporcionar fiestas recreativas mensuales y extraordinarias cuando la Comisión directiva lo estime conveniente” e “atender consultas médicas gratuitas, y despachar consultas jurídicas también gratuitas”²⁷. Asimesmo, propúñase “construir casas en varios puntos de la capital, pagadas por mensualidades y con facilidades de pago”²⁸ para os seus afiliados. Do mesmo xeito, *Club Lalín* fundárase para cumplir fins mutualistas, como “auxiliar a los asociados que caigan en desgracia”²⁹ e “proporcionar acomodo y trabajo a los recién venidos y a los socios que lo soliciten”³⁰. Parecidos fins ocupaban á *Sociedade Hijos del Valle del Ulla y su Comarca*, que enunciaba no seu regulamento “sostener y procurar una completa armonía entre sus asociados, la protección mutua entre los mismos, el auxilio y el recreo”, ademais de “dispensar protección y amparo a los asociados, auxiliándolos y protegiéndolos cuando por enfermedad, accidente u otra causa lo necesitaren”³¹, como por exemplo “prestar fianza que no exceda de 100 pesos cubanos a sus afiliados, siempre que no sea la detención motivada por delito probado contra propiedad o la moral”³².

Unión del Partido de Lalín tiña por obxecto, ademais dos fins instructivos que máis adiante detallaremos, “cultivar y difundir el espíritu de asociación entre todos los coterráneos” e “proTEGER a sus asociados de acuerdo a los medios que se disponga para tal objeto”³³. E a *Sociedad de Instrucción, Protección Mutua y Recreo Hijos del Ayuntamiento de Golada* comprometíase a “contribuir moral y materialmente al impulso de la Instrucción y al Progreso del Ayuntamiento de Golada, velar por la unión y la armonía de todos sus asociados, fomentar la fra-

25. Sociedad Hijos del Partido de Lalín: *Estatutos*. La Habana, 1939, p. 1, art. 2.

26. Sociedad pro Escuelas en Bandeira. *Estatutos*. Buenos Aires, Imprenta la Iberia, 1923, pp. 5-6, que debo á amabilidade do profesor Antón Costa Rizo

27. “Silledanos Unidos”. *Eco de Galicia*. La Habana, nº 315, xaneiro de 1927, p. 3.

28. Ibídem.

29. Club Lalín. *Reglamento*. La Habana, J. Iglesias Impresor, 1920, p. 4.

30. Ibídem.

31. Sociedad Hijos del Valle del Ulla y su Comarca. *Reglamento*. La Habana, Imprenta Casa Harris, 1956.

32. “Hijos del Valle del Ulla y su Comarca”. *Eco de Galicia* nº 381, 25/8/35, p. 18.

33. Unión del Partido de Lalín: *Libro de Actas 1939-1948*. Buenos Aires, p. 3.

ternidad de los hijos de ambos sexos de la Golada residentes en Cuba”³⁴, ademais de “dar su apoyo a toda clase de proyectos e iniciativas, fiestas, etc. que con dicho objeto hubiese para estos fines”³⁵. Tamén a *Sociedad Ayuntamiento de Silleda* promovía obxectivos mutualistas entre os afiliados residentes na capital cubana, entre outros fins xa mencionados, e a entidade do Val do Ulla indicaba asimesmo que podería celebrar toda clase de festas “para solaz y recreo de sus asociados, tales como jiras, bailes, veladas y cualquiera otro acto de expansión”. Tamén nesta liña, a *Asociación Unión Residentes del Ayuntamiento de Carbia* en Buenos Aires propúñase “fomentar los vínculos de amistad y camaradería, y cultivar el espíritu de asociación” entre os seus membros³⁶.

Convén non esquecer, asimesmo, que a meirande parte das entidades intentaron irradiar as súas mensaxes, orientadas cara o mutualismo ou a instrucción, a través doutros medios indirectos, pero de grande eficacia social. Un deles foi a organización de actividades recreativas, acontecementos nos que, como indica Núñez Seixas, os dezaos trasterrados podían reunirse y recrear o seu espacio social de orixe”³⁷. As festas societarias tiñan tamén a finalidade de achegar recursos indispensables ás súas arcas, facilitar a supervivencia das organizacións e financiar en gran medida os seus proxectos. A natureza dos actos era variada, pero a profusión que se reflicte nos diferentes medios consultados, permite facernos idea da actividade social que desplegaban moitas das comisións nomeadas para ese fin. Sen deternos noutras consideracións, que habían merecer un estudio máis detallado, as numerosas fiestas, *jiras, matinées, almuerzos, lunch familiares, festivales*, actos folclóricos, representacións teatrais, etc., evidencian a variedade dos actos sociais que a colonia emigrante celebrou no seo das súas respectivas entidades.

Pero como tamén afirma Núñez Seixas, o obxectivo destas veladas non se reducía só a proporcionar momentos de lecer. Moitos dos seus programas incluían conferencias formativas sobre os fins pedagóxicos, sociais ou políticos; sobre os males que padecía a terra de orixe, incluindo o caciquismo ou a influencia da Igrexa católica; ou ben, sobre diversos aspectos da educación cívica e democrática, base ideolóxica da meirande parte das asociacións dezás, como teremos ocasión de comprobar nas vindeiras páxinas.

34. Sociedad de Instrucción, Protección Mutua y Recreo Hijos del Ayuntamiento de Golada: *Nuevo Reglamento*. La Habana, Imprenta “La Industrial”, 1929, p. 3.

35. Ibidem.

36. Asociación Unión Residentes del Ayuntamiento de Carbia. *Estatutos*. Buenos Aires, Imprenta Carrera y Rey, 1971, p. 3.

37. NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: “Gaitas y tangos. Las fiestas de los inmigrantes gallegos en Buenos Aires”. Ayer. *Asociación de Historia Contemporánea* nº 43, p. 194

SOCIEDADE HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN DE BUENOS AIRES. BENEFICENCIA, INSTRUCCIÓN E MUTUALISMO

**Desde os inicios en Buenos Aires até a inauguración
do Hospitalillo en 1922**

Hijos del Partido de Lalín ten a súa orixe nunha comisión constituída o 2 de outubro de 1904 por varios veciños residentes en Buenos Aires, todos eles comerciantes acomodados, que se organizaban para recabar fondos con destino á construcción dun cemiterio.

Adoito acontecía que entre a colonia de emigrados galegos se celebraban xuntanzas no domicilio dalgún coñecido ou parente para falar da aldea, intercambiar noticias chegadas por carta, ou matar saudades lembrando anécdotas da infancia nun intento de manter vivos os vínculos coa Terra. E foi así como un reducido grupo de veciños de Lalín, que acostumaba reunirse todos os domingos en casa de José Neira, decidiu formar unha Sociedade para promover iniciativas que beneficiaran aos veciños na vila natal, como xa fixeran outros emigrados de diferentes zonas de Galicia³⁸. A partir da construcción do cemiterio, pensaron en darlle continuidade a ese grupo informal a través dunha asociación legalmente constituida.

Isto ocorre catro anos máis tarde: o 14 de xuño de 1908 ten lugar unha reunión na que se discute unha proposta para dotar a Lalín dun hospital, e o 7 de agosto constitúese formalmente a Sociedade co nome de *Hijos del Partido de*

38. Os naturais de Fornelos da Ribeira, do concello de Salvaterra, establecidos en Buenos Aires viñan de crear, en abril de 1904, a primeira entidade do movemento societario galego, denominada "La Concordia". En xaneiro de 1905 nacía unha das sociedades de meirande renome entre a colonia galega: a Unión Hispano-Americana Valle Miñor. Pola súa parte, a primeira en fundarse na Habana, tamén en 1904, sería a Alianza Aresana de Instrucción.

Lalín (en diante *HPL*). Nese marco asociativo, que acolle aos residentes dos seis concellos do Partido xudicial, un grupo de emigrados comeza a traballar, desde Buenos Aires, “con el fin de allegar fondos para la construcción de un Hospital en la Villa de Lalín, provincia de Pontevedra”³⁹. Na sesión inicial quedan nomeados os cargos directivos provisionais, que corresponderon a Benito Neira Areán como presidente, Pedro Presas como vicepresidente, Norberto Triana como secretario e Amador Rodríguez, realizando as funcións de tesoureiro. Dez días máis tarde, estes presentan un borrador de regulamento, aprobado posteriormente, que reflicte os seus obxetivos:

- 1º. Fundar y sostener un Hospital-Asilo de Caridad en la villa de Lalín para asistir a todos los enfermos pobres del partido, teniendo salas de pago para las personas pudientes que quieran utilizar los servicios que en él se presten.
- 2º. Repatriar a todos los socios enfermos que carezcan de recursos, previo reconocimiento facultativo.
- 3º. Estimular con medios propios la fundación de Sociedades análogas en Lalín y su Partido para contribuir al nobilísimo y humanitario fin que esta Sociedad se propone.⁴⁰

Como o resto de entidades étnicas de carácter local que se fundaron na emigración americana durante o primeiro tercio do século XX, *HPL* cumpría a función de reproducir os lazos de paisanaxe que actuaban como estrutura de acollida e integración socio-laboral dos dezaos en Buenos Aires, e ao mesmo tempo, promover obras que redundaran en beneficio dos seus paisanos na comarca de orixe. O cargo de presidente electo despois daquela directiva provisional recaiu en Guillermo González.

Segundo datos que achega Núñez Seixas, os 35 socios fundadores proviñan na súa inmensa maioría do concello de Lalín (85,7%), e a orixe dos 306 dos 408 socios que ingresaron a partir de setembro de 1908 até maio de 1912 dan o seguinte resultado: concello de Lalín, 213 (69,6%), Agolada 30 (9,8%), resto da provincia pontevedresa, 17 (5,5%), resto de Galicia, 8 (2,6%), Arxentina, 16 (5,22%), e outros, 8 (2,6%).

Na primeira asemblea celebrada o 17 de agosto de 1908 deciden que o centro sanitario se denomine “Hospital-Asilo de Caridad”. A súa titularidade recairía sobre a propia asociación, deixando aberta a posibilidade de entregártelle ao

39. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires). *Libro de Actas* nº 1, p. 1.

40. Ibid., p. 3.

Bispado de Lugo, e mesmo ás autoridades da vila se estas se comprometían formalmente a sostelo, “y cooperen a su engrandecimiento dotándolo de todos los adelantos que necesite”⁴¹. Asimesmo, debía ser atendido por relixiosas, encargadas da educación inicial dos nenos e nenas pobres da localidade nunha aula anexa. Intención que queda plasmada nunha enmenda, na Asemblea de aprobación dos Estatutos, o 22 de novembro de 1908:

Que el artículo 35, se aclare en este sentido: correrá la administración de este establecimiento benéfico á cargo de Hermanas de la Caridad, siempre sujetas á la C. D. que se nombrará al efecto en Lalín, la que dará cuenta a la aquí constituida de todos los actos que ejecute, justificándolos siempre; además será obligación de las expresadas Hermanas el enseñar la primeras letras a los niños pobres.⁴²

A Sociedade, que aínda non conta con sede propia, celebra as súas xuntas nos locais do *Orfeón Gallego*, o *Círculo Gallego*, o *Centro Gallego* ou a *Asociación Patriótica Española* segundo a ocasión. E entre outros asuntos, na reunión da Xunta Directiva do 10 de xaneiro de 1909 acorda dirixir unha carta a todos os sectores influíntes da vila dezá, especialmente o clero e autoridades municipais, para implicalos no proxecto. A primeira carta vai dirixida aos párrocos do Partido “nombrándolos miembros de propaganda en favor de esta Sociedad, a fin de que difundan entre sus feligreses los fines de la misma y hagan los mayores socios posibles”⁴³. A través destes vínculos, os seus dirixentes deixaban patente, desde o principio, unha determinada filiación ideolóxica.

Ao mesmo tempo deciden crear unha Subcomisión en Lalín, presidida polo alcalde da Vila, e encomandan directamente as xestións, co cargo de secretario, ao rexistrador Ramiro Goyanes Crespo⁴⁴. Este responde aceitando “gustosísimo tan honroso mandato, y cuente esa Sociedad que pondré a contribución mis escassas fuerzas a tal objeto, y que mis ardientes anhelos se encaminarán a salir airoso en la empresa”⁴⁵.

41. *Sociedad Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires). Libro de Actas nº 1*, p. 7.

42. *Ibid.*, p. 14.

43. *Ibid.*, p. 26.

44. Figuraban tamén, como prosecretario José (...), tesoureiro Perfecto Goyanes e vicetesoureiro Enrique Aller. Como vocais, Nicasio Blanco, Teófilo García, Ricardo Crespo, Eduardo Vidal, Antonio Blanco, Gumersindo Goyanes Sánchez, Antonio Gutiérrez e Benito Rodríguez.

45. *Sociedad Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires). Memoria y balance general correspondiente al periodo de 1910 a 1911. Buenos Aires, Imprenta y encuadernación Ucha y Miralles, 1911*, p. 5, que debo á amabilidade de Anxo Basterra.

Por outro lado, a Xunta directiva propón crear unha Subcomisión de Damas, que comeza presidindo María Lajosa, a quen acompañan Camila Ulloa, Aurora González, Leonisa F. Salgado e Adelaida Goyanes⁴⁶. María Lajosa, que en principio aceita o ofrecemento, acaba por renunciar algúns tempo despois a causa das múltiples dificultades que comezan a xurdir. Entre elas, a compra do terreo, pois cumpría buscar un lugar adecuado ás necesidades do edificio e, ao mesmo tempo, negociar cos diferentes propietarios as mellores condicións de compra, o que non sempre resultaba doadoo. Ademais de manter o compromiso inicial referente á cesión do inmoble ao Bispado de Lugo. Sobre este aspecto, recollemos unha anécdota, non exenta de humor, que reflicte as condicións esixidas por un veciño de Lalín, José Diéguez de García Sánchez, como compensación polo terreo doadoo para construir o edificio. María Lajosa transmíteo así en misiva enviada a Buenos Aires⁴⁷:

Luego que recibí la carta á que tan tarde contesto, traté de asegurar el solar como V. me indica por medio de una escritura, y me encontré con que al tío Pepe se le ocurrió ponerle una pensión, lo cual me pareció muy mal y esperé a ver si se convencía con razones más y de algunas personas más, y por eso tardé todo este tiempo en escribir a V. pero al fin, en vista de que el bueno del viejo no desiste de sus manías le he dicho que no se le aceptaba, puesto que ya bastante tendríamos que gastar para llevar allí el agua y sólo por ser regalado le queríamos. Esto no obstante para que si Vs. quieren que se acepte, no valga mi parecer, pero creo que no vale el solar la pensión con que lo carga que consiste en pagar 12 misas cada año”.⁴⁸


A contestación dos asociados, mestura de desconcerto e indignación, non se fixo esperar naquela asemblea: “Rechazar la oferta del terreno ofrecido por José Diéguez de García Sánchez, por gravarlo con las misas que expresa la carta. Estamos, dijo el Sr. Presidente, para abolir los foros y no debemos consentirlos, cuanto más crearlos”⁴⁹. Outros membros da Xunta Directiva tomaron a palabra “reclamando el espíritu retrógrado del señor José Dieguez y por unanimidad se le condena por falta de nobleza en los sentimientos de filántropo, demostrados al principio para cambiarlos luego en los de retrógrado y ultramontano”.

46. Sociedade Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires). *Libro de Actas* nº 1, p. 28.


47. Transcribese literalmente do orixinal. María Lajosa sería máis tarde a vicepresidenta da Unión Regional de Derechas, constituída en Lalín en maio de 1932.

48. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires): *Libro de Actas* nº 1, p. 79.

49. Ibíd., p. 82.



Vista do edificio Hospital-Escola edificado pola Sociedad Hijos del Partido de Lalín,
inaugurado como escola en 1924.



Vista da escola que sería clausurada en 1930

Estas e outras dificultades, que teñen lugar tanto en terras de Deza como na capital arxentina -en xaneiro de 1909 prodúcese a primeira escisión, que deu como resultado a Asociación Hijos del Partido de Lalín (Protección)⁵⁰- animan a dirixirse ao propio alcalde, recabando o seu apoio para que entre todos “presten su fehaciente y valioso concurso, tanto las autoridades como el clero y demás personas pudentes de su partido dejando a un lado rencillas políticas y preponderancias personales”⁵¹. Era necesario atrair a atención e o interese daquelas persoas que, como o rexedor local, podían facilitar os pasos dunha iniciativa, que os de Buenos Aires consideraban

un gran adelanto para esa región y un paso de progreso moderno, a la vez que humanitario, que podría amortizar el cariño que conservamos latente a ese pedazo de tierra que nos vio nacer y que no podemos alvidar a pesar de la distancia y el tiempo de ausencia.⁵²

A mediados de 1909, a Sociedade aproveita a viaxe que realizan a Lalín os socios Benigno González Gamallo -promotor, xunto cos seus irmáns Manuel e Antonio, dunha escola en Soutolongo-, Marcelino Otero -quen tamén, xunto con Manuel Ramos, fundaría outra escola en Barcia- e Manuel Frade, e encómendalles as xestións necesarias “para elegir el terreno y compromiso de pago del mismo en el que se ha de construir el Hospital Asilo y Cocina Económica”⁵³. Pero non se chegou a materializar ningún acordo nesa ocasión.

Por outro lado, a medida que se vai difundindo o proxecto sanitario dos dezaos, comezan a escoitarse voces que discrepan do modo de entender a beneficencia e o sentido da inversión en obras de progreso para a Vila. A Sociedade *Pro Escuelas en Bandeira*, que nacera o 20 de marzo de 1909 cuns fins estritamente educativos⁵⁴, difunde no seu voceiro *Fomento de la Instrucción Gallega* un artigo asinado por Teófilo García no que trata de convencer aos promotores do proxecto para que levantaran un centro de ensino, argumentando que “es el modo de pensar de todo el vecindario del Partido de Lalín, y aún es tiempo de meditar sobre los pasos dados”⁵⁵.

50. HERVELLA GARCÍA/SEIJAS MONTERO: *Lalín-Bos Aires, unha historia compartida*. Lalín, Padroado Cultural de Lalín-Seminario de Estudios de Deza, 2001, p.43.

51. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires). *Libro de Actas* nº 1, p. 29.

52. Ibidem.

53. Ibid., p. 40.

54. Sobre esta entidade pódese consultar o noso traballo *A escola da Bandeira. Unha nova escola en Galicia. 1909-1936*. A Bandeira, Asociación Cultural Vista Alegre, 2000.

55. “Una carta desde Lalín. No se desea hospital. Se precisan colegios”. *Nova Galicia* nº 283, 18/4/09.

Pro Escuelas en Bandeira tiña cimentado o seu ideario político de esquerdas no rexeneracionismo hispanoamericanista, anticaciquil, antiforal, e nun forte anticlericalismo, mediante un compromiso activo co mundo rural. Non é de extrañar, por tanto, que os membros da entidade silledá, máis concienciados e combativos, apostaran pola intervención escolar do colectivo emigrante, animando de paso aos de Lalín a que optaran pola súa independencia respecto das instancias locais, de claro signo conservador.

Esta polémica poña de manifesto as acusadas diferenzas existentes entre as sociedades dezás no momento de concebir e implantar os seus proxectos educativos, e que ten, ao noso xuízo, un gran interese. Dunha banda estaban as que defendían unha concepción progresista, laica e anticlerical, que se identificaba coa rexeneración e a emancipación social das clases populares, especialmente os traballadores do campo. Era a que encabezaban *Hijos de Silleda* e *Pro Escuelas en Bandeira*, aos que seguieron máis tarde *Unión del Partido de Lalín* e, de xeito más feble desde La Habana, *Hijos del Partido de Lalín* e *Club Lalín*.

Doutra banda situábase a concepción conservadora, que se identificaba coa beneficencia e a realización de obras de caridade cun sentido relixioso, estreitamente asociada ao clero local. Opción pola que se inclinaban maioritariamente os de *HPL*, secundados por *Pro Escuela Hijos de Loño*. Diante desta situación, Teófilo García afirmaba:

Con esta mi idea y de la que participa el pueblo, no pretendo disuadiros de la tuya [sic] para fundar un Hospital. La encuentro beneficiosa, pero es de notable más urgencia el Centro de Enseñanza, porque precisamente, donde hay civilización se crean hospitales, y no hay hospitales en países sin ilustración.⁵⁶

É posíbel que estes comentarios, que xorden tanto en América como en Galicia, e que por outro lado non foron os únicos, comezaran a influir no proxecto do Hospital, forzando cara unha paulatina orientación escolar. Como por exemplo o editorial do xornal *La Defensa*, con data 24 de outubro, no que declara que “lo más esencial, lo que es aquí más apremiante es una Escuela, pues la enseñanza oficial apenas puede dispensar sus beneficios a la décima parte de los niños del Ayuntamiento”⁵⁷; ou o que aparece cun contido similar o 18 de abril de 1909 no xornal *Nova Galicia*. Por iso, na xunta da comisión directiva celebrada

56. GARCÍA, T. "Lo que hace falta en Galicia". *Fomento de la Instrucción Gallega*. Órgano de la Sociedad Pro Escuela en Bandeira nº 2, 15/9/1909, p. 2.

57. "Desde Lalín". *Nova Galicia* nº 316, 5/12/1909.

o 2 de xaneiro de 1910, na que se discuten varias alternativas para dar contido ao edificio, figure tamén a creación dunha pequena escola:

En lo que se refiere a distribución de locales y líneas generales de edificación, terminándolas en su totalidad para librarlas al servicio á que se dedican en el orden siguiente: primero: Asilo, Cocina Económica, Escuela y Sala de Operaciones. [...] Segundo: El Hospital, que vendría a coronar nuestros deseos.⁵⁸

Segundo con esa paulatina revisión do proxecto inicial, medio ano despois, en asemblea extraordinaria, decídese modificar o regulamento, e entre outras reformas salienta a do artigo 40, no que xa se acepta a creación de centros escolares de ensino primario e secundario “para la educación de los niños y niñas pobres del partido de Lalín, pudiendo admitir en las aulas a los hijos de personas pudientes, previo pago de la cuota mensual que se designe”⁵⁹.

De igual modo na *Memoria y Balance General correspondiente a 1910-1911*, o seu presidente Guillermo González, persoaxe influente dentro da organización, menciona esta posibilidade asegurando: “Formamos un núcleo poderoso de hombres de buena voluntad, que nos permite afirmar la pronta realización de las obras donde han de instalarse el Hospital Asilo y Colegio, que son objeto de nuestros desvelos”⁶⁰.

Polémicas á parte, o proxecto segue a avanzar malia facelo con lentitude. Contra 1910 encárganselle os planos do edificio ao arquitecto Guillermo Álvarez, natural da vila ourensá de Cortegada. Guillermo Álvarez representa unha de moitas historias persoais de tesón e intelixencia vinculadas á emigración: iniciárse en Buenos Aires como operario da construcción, pero na súa teima de superación persoal chegou a rematar a carreira de arquitectura, incluso a facer fortuna na profesión. En 1935 doou á súa vila natal un edificio, proxectado por el mesmo, onde se instalaron as “Escuelas República Argentina”, as dependencias do Concello e as oficinas do Xulgado. Sensible como os de Lalín ás obras filantrópicas, aceita o ofrecemento e acaba doando os planos da futura obra á entidade, que remite a Lalín, a Ramiro Goyanes, “para que adquiriese un solar apropiado, en lugar y extensión, para levantar el edificio que en el plano se proyectaba”⁶¹. Guillermo Álvarez realiza o seu traballo e entrega os planos rematados a mediados do ano 1912. Aínda así, estes tardarían un tempo en chegar ás mans de Goyanes.

58. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires): *Libro de Actas* nº 1, pp. 74-75.

59. Ibid., p. 93.

60. Sociedad Hijos del Partido de Lalín: *Memoria y Balance General correspondiente al periodo de 1910 á 1911*. Buenos Aires, Imprenta y Encuadernación Ucha, Miyares & Cía, 1911, p. 3.

61. Ibid., p. 6.

As obras comezan arredor de 1915, logo de superar non poucos atrancos. Entre outros, a demora na correspondencia entre Buenos Aires e Lalín, a falta de entendemento entre os membros da entidade, ou as dificultades para atopar un solar adecuado. E pasa algúns tempo até que, bastante avanzadas a mediados do ano 1917, o presidente da entidade responde a unha carta de Goyanes, seu valedor en Lalín, onde lle indica:

Hasta ahora no pensábamos más que habilitar el hospital y la escuela primaria para niñas a cargo de las monjas, pero dado el interés que hay por la escuela secundaria, hemos decidido que se haga lugar para ella en el edificio. De manera que el hospital quedará reducido por ahora a una sala de primeros auxilios, etc., etc., a fin de que quede local para destinarlo a las aulas de enseñanza secundaria. La escuela secundaria tendría por objeto enseñar las asignaturas del bachillerato, haciéndolas aprobar a los alumnos en el Instituto Nacional de Santiago. Los derechos de examen y otros gastos en Santiago serían de cuenta de los alumnos.⁶²

O contido da misiva anterior reflicte a importancia que nesta altura implicaba xa a cuestión educativa sobre a sanitaria, e Guillermo González, que asume de xeito efectivo a creación de escolas para ambos sexos, encarga a Goyanes “tenga la bondad de mandarnos presupuesto para un buen profesor, que dé clases de mañana y de tarde y además nocturna, para adultos y mocitos que por tener ocupaciones no pudiesen concurrir a las diurnas”⁶³.

Aínda así, o hospital inaugúrase contra 1922, pero non nas dimensións e importancia que se pensaba orixinalmente, quedando reducido a un modesto dispensario con seis camas e un médico á fronte, que se ve obrigado a pechar aos poucos meses a causa das dificultades que xorden para o seu sostento. O fracaso debeuse, en boa medida, a dúas razóns: por un lado, non ter en conta que os seus destinatarios carecían de recursos propios para abonar os gastos ocasionados polas consultas médicas que alí realizaban, e mesmo as mediciñas. Pero ademais, no xiro efectuado pola entidade cara a esfera educativa tamén influiu a intervención que estaban a realizar outras sociedades da comarca radicadas en América. A saber: naquelhas datas, *Hijos de Silleda* de Buenos Aires sufragaba o funcionamento de tres escoliñas creadas en Laro, Escuadro e Siador. Estas, aínda que modestas na súa factura, difundían con éxito entre a veciñanza un modelo que nada tiña que ver co que se desenvolvía nas destortaladas escolas públicas rurais; *Pro Escuelas en Bandeira* tiña xa moi avanzado o seu proxecto escolar

62. Sociedad Hijos del Partido de Lalín. *Memoria y Cuentas generales. Ejercicio 1916-1917.* Buenos Aires, Talleres Gráficos, 1917, p. 20.

63. Ibid., p. 24.

para esta localidade; asimesmo, os residentes de Loño sostiñan desde habia cinco anos unha escola na súa parroquia. En San Cristobo de Az, os cambotes residentes en Cuba tiñan creado a súa escola, que funcionada desde os primeiros anos vinte, e *Unión del Partido de Lalín* viña de implantar o seu primeiro centro en Gresande, ao que seguiría o de Prado. Experiencias que, sen dúbida, coñecían ben os membros de *HPL*.

O estímulo producido polas realizacións antes mencionadas, unido ao fracaso do proxecto sanitario, fixo que, a partir deses anos, ninguén o mencione xa como unha idea factíbel. Sobre este frustrado experimento no deixan de ser eloquentes as palabras pronunciadas polo médico Manuel Brandido Palmaz, encargado da súa xestión durante o breve lapso de tempo que permaneceu activo: “Los padres de familia no dudan en mandar el ternero o el cerdo al albeite, pero no mandan a sus hijos al Hospital, ya que son muy caras las medicinas”⁶⁴. Quizáis non se decatara de que os gastos que importaba unha consulta médica privada, aos que debían sumarse os das mediciñas, eran un luxo fóra do alcance da meirande parte dos campesiños, que malamente podían asegurar o substento cos seus propios recursos.

Hijos del Partido de Lalín e a expansión polo país austral

Para desenvolver o proxecto e reunir o capital no menor tempo posíbel, a Comisión Directiva trata xa desde o primeiro momento de chegar a outros puntos do país, e mesmo do continente, onde residían emigrantes dezaos, difundindo os seus proxectos entre o maior número de coterráneos. A principios de decembro do ano 1908 fúndase a Subcomisión de Avellaneda, que agruparía ao colectivo lalinense desa cidade, para que “trabaje en pro de los ideales que esta Asociación persigue, lo que es de suma utilidad para el engrandecimiento y buena marcha de la misma”⁶⁵.

Pouco tempo despois inténtase trasladar a iniciativa a outros lugares da República Arxentina, como San Pedro, Estación Makenna, Azul, ademais dos respectivos concellos do Partido Xudicial en Galicia: Lalín, Silleda, Carbria -Vila de Cruces, a partir de 1944-, Agolada, Rodeiro e Dozón. Meses máis tarde inicianse os contactos coa comunidade cubana para formar alí unha Subcomisión⁶⁶, que acabará sendo a Sociedade *Hijos del Partido de Lalín* de La Habana. A través desta agrupación, como veremos, os lalinenses residentes na illa caribeña

64. Entrevista realizada a Andrés Granja, en setembro de 1991.

65. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires): *Libro de Actas* nº 1, p. 19.

66. Ibid., p. 62.

contribuirán economicamente a levantar o *hospitalillo*. Aparte dos anteriores, propónense outros lugares onde tamén chegaran os dezaos, como as illas Canarias ou as Filipinas, sen que se teñan noticias de que por esas terras se formarse algún tipo de asociación con fins similares.

Por último, creouse unha delegación en Montevideo presidida por Manuela García de Castro, que como indica o presidente en abril de 1910, logo de visitala persoalmente, “convinimos en formar una Comisión de Propaganda para gestionar entre nuestros coterráneos el mejor modo de allegar recursos para llenar los fines que nos proponemos. El resultado de nuestro trabajos fueron excelentes, dando una colecta que subió al monto de 674,70 pesos oro por concepto de donaciones y mensualidades de los socios inscritos”⁶⁷.

O intento de fusión cos residentes de Silleda

A traxectoria asociativa de *HPL*, como toda organización heteroxénea na que participan elementos diversos, ten que afrontar varias crises, provocadas polas pequenas liortas de poder ou de influenza entre os seus dirixentes. Estes conflitos desembocan nunha serie de movementos que darán lugar a dúas escisiones e outros tantos intentos de fusión con diferentes entidades. A primeira fusión tentase coa Sociedade Hijos de Silleda a finais de 1908 -os silledaos fundadan esta organización o 13 de agosto dese ano- pero finalmente non se leva a efecto por diverxencias nos seus planteamentos: o 13 de decembro, en sesión ordinaria, os de Lalín toman o seguinte acordo por unanimidade:

Que nunca se aceptará la fusión de las dos sociedades, a no ser que dejen a un lado los fines con que constituyan la suya y acepten en su integridad los de otra, por considerarlos más prácticos y más ajustados al ideal de todos nuestros coterráneos, siendo la protección mutua de los socios y la de los periódicos que ellos proponen, imposibles de llevar a cabo, por cuanto superarán siempre los gastos a los ingresos, dada la cuota mínima que se paga y el reducido número de socios con que cuenta.⁶⁸

Á marxe das lóxicas rivalidades entre concellos de procedencia, existían razóns de tipo político que dificultaban calquer entendemento: *HPL* rexeita a fusión con *Hijos de Silleda* porque os seus dirixentes, con Alonso Ríos á cabeza, pertencían á opción esquerdista que mencionamos en páxinas anteriores; defen-

67. Ibid., p. 76.

68. Ibid., p. 22.

día unha liña política anticaciquil, anticlerical e apoiaba as reivindicacións do movemento agrario existente na comarca⁶⁹. Entre os seus membros había militantes socialistas e tamén anarquistas, ademais doutra moita xente que sen militar en ningún movemento, pero identificada cos sectores populares da emigración dezá, expresaba a súa sensibilidade cara a posturas más progresistas.

Con todo, os dirixentes da sociedade *HPL* estaban integrados nunha élite acomodada que sintonizaba con sectores máis conservadores e tiñan boas relacións co clero e cos representantes do poder político baixo a influenza do Marqués de Riestra. Entre os líderes dezaos que xiraban nesta órbita estaba Guillermo González, presidente entre 1910 e 1918. Guillermo González era un comerciante e pequeno industrial do sector textil, natural de Lalín, e propietario en Buenos Aires da fábrica de camisas “González, Medina y Cía” e de varios comercios de roupa⁷⁰. Ou o avogado José Neira Vidal, que chegou a Buenos Aires en 1895, onde estudou bacharelato e ingresou na primeira promoción de procuradores da Facultade de Dereito e Ciencias Sociais. Neira Vidal foi secretario da entidade entre 1920 e 1926, e secretario do Centro Galego entre 1927 e 1932⁷¹.

Entre os notábeis da institución tamén se atopaban Aniceto Troitiño, un próspero comerciante natural de Soutolongo, dono de varios establecementos de roupa masculina na capital, e presidente entre 1927 e 1933; Roque Vázquez, acaudalado propietario natural de Carbia, que ocupou cargos na directiva de *HPL*, e foi presidente da sociedade *Hijos de Loño* en 1923; Eleodoro Friol, que presidiu a *HPL* entre 1920 e 1926, e foi presidente do Centro Unión de Corredores de Comercio; ou os irmáns Manuel, Benigno e Antonio González Gamallo, copropietarios dunha axencia de cambios, a firma “González Hnos.” domiciliada na Avenida de Mayo, e promotores nos anos vinte unha escola en Soutolongo.


No seu conxunto, non se distinguiron polo seu entusiasmo cara a causa agraria nas terras de Deza, nin pola súa simpatía, en xeral, cara posturas políticas progresistas en Buenos Aires⁷², enfrentadas nun principio co riestrismo. Ao contrario, o propio González dirixía unha carta ao Marqués de Riestra en xaneiro de 1917 na que solicitaba o seu apoio, e ao tempo explicáballe que a administración do Hospital Asilo e Colexio “estaría a cargo de hermanas de caridad (...) con lo

69. Para afondar sobre este aspecto recomendamos consultar o traballo de Núñez Seixas: “Da rexeneración da Bandeira: notas sobre a emigración, asociacionismo e mobilización sociopolítica”; e Manuel Igrexas: “Os emigrantes e a transformación social na Comarca de Deza”, ambos en MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M.: *Fomento de la Instrucción Gallega*. Vigo, Ir Indo, 2002.

70. HERVELLA GARCÍA/SEIJAS MONTERO: *Op. Cit.*, 2001, p.42.

71. *Ibid.*, p. 45.

72. NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: “Lalinenses emigrados na Arxentina pola República: notas a un discurso de 1931”. *Descubriendo. Anuario de Estudios e Investigación* nº 3, p. 116.



Alzado do Hospitalillo.



LO DICEN LOS CLIENTES

Para vestirse bien y económicamente no hay como lo de

TROITIÑO

Usted puede comprobarlo fácilmente, encargándose su traje o adquiriendo en mi casa su sombrero, su camisa o la ropa interior que necesite.

Mi clientela es una cadena de amigos que se recomiendan unos a otros, y cuando el río suena...

PIEDRAS 368

U. T. 37. Avenida 4665

Anuncio Insertado na revista *Céltiga* polo empresario Aniceto Troitiño: Buenos Aires, 1926



Eleodoro Friol, presidente entre 1924 e 1926.

que a la vez que obtenemos grandes ventajas de orden económico damos un rotundo mentís a esas inteligencias perversas o limitadas, que quieren rodear de una aureola irreligiosa a todo lo que de América procede”⁷³.

Cabe citar, abondando nesta diferenza de criterios entre os residentes dezaos, que se mantén ao longo do tempo, o acto que organizou *HPL* en Lalín, en 1925, para homenaxear á Republica Arxentina. A xunta directiva decidiu batizar a rúa principal, estrada Santiago-Ourense, co nome “Avenida Buenos Aires”, facendo coincidir o acto de colocación dunha placa dourada pola entidade coa festa da patroa local, a Virxe das Dores. Isto motivou un contundente artigo en *El Despertar Gallego* asinado por Benito González Iglesias, onde entre outras cousas criticaba:

No nos hagan pasar el ridículo a todos los lalinenses realizando un homenaje a esta República con procesión de santos y con romería; no podemos pasar en silencio tamaño retroceso. Un homenaje que debiera ser puramente civil, ilustrado con discursos doctrinarios para ilustración del pueblo por su elevado significado, fue convertido en una farándula de iglesia y romería.⁷⁴

Antón Alonso Ríos, membro fundador de *Hijos de Silleda*, criticaba por aquel tempo a tibieza política dos líderes de certas colectividades galegas, calificándoa de “conformismo chato” e “indolencia repugnante y dormilona”⁷⁵, ironizando sen referirse expresamente aos de Lalín, sobre o carácter frívolo das súas actividades, “que consiste en dar xantares y organizar peregrinaciones, misas y tedeums, con mucho bombo y platillos”⁷⁶.

As escisións dos sectores máis críticos

Esta dialéctica entre as diversas posturas e modos de entender a vida asociativa provocou dúas escisións importantes. A primeira tivo lugar en 1909. Nesta ocasión, a polémica ten que ver co obxecto da acción societaria. O sector domi-

73. Sociedade Hijos del Partido de Lalín. *Memoria y Cuentas Generales*. Ejercicio 1916-1917. Buenos Aires, Talleres Gráficos, 1917, p. 38.

74. La Sociedad ‘Hijos de Lalín’ no es liberal. Un homenaje a la Argentina realizado por la iglesia”. *El Despertar Gallego* nº 62, 18/10/25.

75. “Alcance espiritual de la Federación”. *El Despertar Gallego*, nº 82, 15/8/1926, p. 1.

76. “Ni están todos los que son...” *El Despertar Gallego*, nº 106, 4/9/1927, p.1.

nante, influído quizás pola cúpula directiva formada polos fundadores, xente acomodada da capital, consideraba prioritaria a realización de obras benéficas na comarca como o *hospitalillo*. Mientras outro grupo era partidario de centrar os esforzos na atención mutualista aos residentes en Buenos Aires, afirmando que “los artesanos queremos lo más práctico, rápido e indispensable, o sea la protección, el socorro y el trato íntimo entre los naturales de Lalín en América”. A intervención filantrópica non era entendida como un xesto de solidariedade, senón máis ben como unha disculpa para a promoción persoal, porque segundo afirman os escindidos “se creen ya más arriba del artesano y cortejan la autocracia por compromisos o conveniencias”⁷⁷, do que se intúe as relacións de poder na propia organización. Os arredados adoptaron o nome de *Asociación Hijos del Partido de Lalín (Protección)*, e asumiron fins exclusivos de recreo e mutualidade. Este é un exemplo que ilustra o choque de intereses que se producía no seo das sociedades de instrucción, como afirma Núñez Seixas, debido a rivalidades locais trasplantadas desde Galicia, ou, como neste caso, “a división entre os socios que preferían practicar a filantropía como estratexia de consolidación do seu prestixio social e máis os sectores máis populares, interesados diante todo en fins inmediatos de protección e recreo”⁷⁸

Esta nova entidade foi esmorecendo até desaparecer aos poucos meses. Varios socios trataron de promover unha refusión, sen éxito naquel momento⁷⁹, pero que acabará levándose a efecto algún tempo despois, en maio de 1911. Nesa altura, Cupertino González e Benito Neira pola parte dos escindidos pechan a liorta pactando unha modificación dos estatutos para que figurara expresamente a protección aos afiliados, satisfacendo dese xeito a preocupación mutualista que motivara a división. Cupertino González e Benito Neira entregaron o libro de actas da Sociedade escindida prometendo “mandar otros libros pertenecientes a la Sociedad Protección, para su archivo, el escudo de dicha sociedad y diez pesos, con lo que queda solamente la Sociedad Hijos del Partido de Lalín”. O presidente e o secretario de *HPL* felicitan ao presidente e ao secretario da escindida “deseando que nuestra Sociedad cuente muy pronto con mil socios”⁸⁰.

A segunda ruptura ten lugar en 1921, organizada por un grupo de asociados dirixidos por Jesús Blanco, natural de Cristimil. Blanco era un dos principais

77. Hijos del Partido de Lalín”. *Nova Galicia* nº 299, 8/8/09. Tomado de Núñez Seixas, X. M.: “A parroquia de alén mar: Algunhas notas sobre o asociacionismo local galego en Buenos Aires (1904-1936). Semata. Ciencias Sociais e Humanidades nº 11, 1999, p. 362.

78. Ibid., p. 361.

79. Sociedade Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires): *Libro de Actas* nº 1, p. 59.

80. Ibid., p. 116.

líderes dentro da *Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales*, e a escisión deu como resultado outra sociedade de orientación política máis progresista, cunha base ideolóxica laicista, socialista reformista, democrática e de rexeneración cívica que tiña como obxecto o compromiso socio-político coa xente do campo⁸¹. Houbo tamén un intento de integración en 1932, áinda que sen éxito, como veremos oportunamente.

Un complicado camiño entre o “Hospital-Asilo” e a “Escola de Artes e Oficios”

Como xa se comprobou en páxinas anteriores, a evolución dos obxectivos marcados polos residentes de Lalín foi significativa desde 1908, cando se funda a Sociedade para construir un Hospital, até 1924, que se reabre o edificio como colexio tras o fracaso do proxecto inicial. En total, dazaseis anos de constantes dificultades de diferente natureza.

Inflúen, por un lado, o acopio de recursos, que contaba con sistemas de captación limitados. Pero ademais, ten que ver a deficiencia dos medios de comunicación, que fan retardar a correspondencia durante prolongados períodos de tempo e, en consecuencia, retrasan o trámite das xestións e a toma de decisións. Este é un obstáculo compartido por moitas Sociedades no desenvolvemento dos seus respectivos proxectos. No caso concreto de Lalín, asegura Andrés Granja:

Os medios de comunicación son lentos. Entre carta e carta pasan varios meses, o que dificulta enormemente o entendemento entre a Comisión de Lalín e a Sociedade de Buenos Aires. Isto fai que se demoren as decisións, que xurdan constantes malentendidos, discordias sobre o valor do terreo, do presuposto da obra... Así pasan moitos meses até que chegan os primeiros cartos e comeza a edificación.⁸²

Sobre a demora das noticias enviadas a través do correo, insertamos como exemplo dúas referencias. Ambas poñen de relevo os atrancos que padecen os ‘americanos’ para recibir os planos do edificio enviados desde Lalín, e que provocan as correspondentes demoras na toma de decisións. A primeira pertence a unha Asamblea celebrada en novembro de 1909 pola Comisión Directiva, na que o seu presidente, Guillermo González, lamenta non poder dispoñer áinda da mencionada documentación:

81. HERVELLA GARCÍA/SEIJAS MONTERO: *Op. Cit.*, p. 47.

82. Entrevista realizada a Andrés Granja, en setembro de 1991.

Hace pocos días recibimos carta de la Presidenta de la Sub-Comisión de Señoras y Señoritas de Lalín, en la que nos comunicaba la valiosa donación del Señor José Diéguez de García Sánchez, consistente en una extensión de terreno en un hermoso paraje denominado el ‘Pontillón’, donde han de levantarse las obras que perpetuarán la memoria de los Hijos del Partido de Lalín en Buenos Aires [...] También nos prometía la infatigable Presidenta que en el día de hoy estarían en nuestro poder los planos de las obras y los presupuestos para su construcción. Desgraciadamente no han llegado a nuestro poder todavía, siendo de lamentar no poderlos exhibir en este acto”.⁸³

Na segunda referencia, que pertence ao tratado nunha sesión cinco meses despois, xustifícase a tardanza da reunión debido novamente ao retraso dos citados documentos:

Hace uso de la palabra el Sr. Presidente y dice: todos sabeis el acendrado cariño que profeso á la Institución en cuyo engrandecimiento todos estamos empeñados; pero mis múltiples ocupaciones y la falta de contestación á nuestra correspondencia y los planos de las obras de Lalín, me impidieron, bien a pesar mío, de convocarlos á Reunión hasta hoy.⁸⁴

A compra definitiva do terreo decídese en Asamblea o 3 de xullo de 1911⁸⁵, e posteriormente xírase unha primeira cantidade de 14.000 ptas. O orzamento das obras vai centrar o debate en Buenos Aires, o que dilata aínda máis os prazos para a súa execución, que permanecen sen comezar doce meses máis tarde⁸⁶. Pero en 1917, Ramiro Goyanes xa podía explicar con certo detalle o avance das obras, as súas características e as necesidades económicas pendentes. Os traballos de cantería do edificio costaran 30.000 pesetas da época, e o orzamento para a carpintería ascendeu a outras 21.000; como seguía a dicir Goyanes,

otras 500 pendientes van consumidas en partidas no incluidas como pinturas, jornales, descuento del timbre en las letras giradas y compra de la cantera para extraer la arena. (...) Para las cuales acaso no lleguen 3.000 pesetas, pues con arreglo al presupuesto que me proporcionó persona inteligente se emplearán 250 carros de arena y 300 quintales de cal.⁸⁷

83. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires): *Libro de Actas* nº 1, p. 66.

84. Ibid., p. 76.

85. Ibid., p. 119.

86. Ibid., p. 138.

87. Sociedad Hijos del Partido de Lalín. *Memoria y Cuentas Generales. Ejercicio 1916-1917*. Buenos Aires, Talleres Gráficos, 1917, p. 17.

As obras avanzan lentamente, e ás veces permanecen paralizadas durante semanas. O representante en Lalín explicaba aos de Buenos Aires as dificultades que provocaban as demoras na altura de 1917: “No me encarguen precipitación y no olviden de que esto no es una ciudad en donde se encuentren a la mano elementos y materiales”⁸⁸. Ademais, cando as Misioneiras Franciscanas de Pamplona debían viaxar a Lalín para facerse cargo dos servizos do *hospitalillo* e a aula para nenos sen recursos, segundo o pactado, resolven presionar á Sociedade para que entregue o edificio ao Bispado de Lugo, “en cuyo caso quizá llegasen a desaparecer las dificultades”⁸⁹.

Sobre o montante final da obra, o xornal *Correo de Galicia* cita a *Memoria* do exercicio 1918-1919: “entre lo invertido en el gran edificio construido en Lalín para instalación de hospital y escuelas y el fondo existente entre las comisiones alcanza la respetable cifra de 56.468,98 pesos”⁹⁰. A construcción do *hospitalillo* conclúe contra 1919, pero permanece sen actividade até a súa inauguración. Durante case tres anos padece un certo abandono, tendo que acometerse algunas obras de reparación previas á ansiada apertura.

Esta chega por fin en 1922, e para a súa posta en funcionamento, a Sociedade contratou ao médico Manuel Brandido que, como xa se apuntou, dimitiu do seu cargo pouco tempo despois, debido ás dificultades que planteaba manter a actividade sanitaria: por un lado, o gasto resultante do sostento; por outro, a falla de demanda dos seus servizos entre os veciños de Lalín. O asociado López Páez define en poucas palabras aquela situación, nunha xunta directiva celebrada na altura: “lo del Hospital en Lalín es un ‘bluff’, ya que no es posible sostenerlo”⁹¹.

Posteriormente, o edificio deixa de prestar servizos médicos para pasar a ser centro escolar de ensino primario, en setembro do ano 1924. Isto acontece despois de ser tomada en consideración unha proposta formulada desde Lalín para reconverteilo en Instituto de ensino secundario baixo a tutela do réxime de Primo de Rivera:

El Sr. Secretario da lectura a la nota pasada por la Subcomisión de Lalín, en la que consta el proyecto de creación de una sala de primeros auxilios y la instalación de una escuela de 2^a enseñanza.

88. Ibid., p. 18.

89. Ibid., p. 22.

90. “Hijos del Partido de Lalín”. *Correo de Galicia* nº 706, 30/11/1919, p. 2. *El Heraldo Gallego*, pola súa parte indicaba en setembro de 1925 que a suma ascendía a 45.000 pesos, sendo o capital da Sociedade, de 80.000 pesos. Ver: *El Heraldo Gallego*, nº 625, 20/09/1925.

91. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires): *Libro de Actas* nº 2., p. 63.

Pide el Sr. Blanco la palabra y se extiende en consideraciones respecto a la orientación que debe darse a estas escuelas. [...] Se resuelve que en virtud de la gestión realizada por la Subcomisión y a fin de no entorpecer su labor, se acepte la propuesta presentada, y una vez inauguradas las escuelas, la Junta Directiva, estudie con detención el punto, y asesorada por los socios que estime oportuno reglamente en forma definitiva el desenvolvimiento que deban tener esos institutos docentes".⁹²

Entretanto, os emigrados radicados en La Habana, aos que nos referiremos más adiante, viñan contribuindo desde ese tempo con sucesivas achegas económicas ao sostemento do proxecto lalinense, e asumen sen problemas a modificación da idea inicial.

A escola que acaba por crearse no hospitalillo

Pero volvendo á escola elemental de primeiro ensino que acaba por instalarse no edificio, inaugúrase oficialmente, para nenos e nenas, o primeiro de setembro de 1924 baixo a presidencia de Eleodoro Friol. Unha nota que remite a revista *Céltiga* informaba que “a los grandes progresos realizados por esta antigua y prestigiosa asociación, agrégase hoy el funcionamiento normal de las Escuelas que sostiene en la ciudad de Lalín, inauguradas oficialmente, según se informa, el primero del mes en curso”⁹³.

En 1925, este colexio, “dotado con el más moderno material pedagógico” acollía unha matrícula de 70 alumnos, “cantidad que las actuales autoridades de la meritoria entidad procura por todos los medios aumentar”⁹⁴. Estes recibían, segundo indica a revista, “la más completa instrucción primaria, dictándose especialmente cursos de Geografía e Historia Americanas, lo que supone una loable contribución a los verdaderos ideales de hispanoamericanismo”. Ao mesmo tempo, durante os meses de xullo e agosto funcionaban colonias escolares sostidas polo Estado, das que tamén era protector Casimiro Gómez Cobas, un pontevedrés afincado na Arxentina, promotor doutras obras filantrópicas ligadas á educación⁹⁵.

92. Ibid., p. 64.

93. *Céltiga*, nº 9, outubro de 1924.

94. “Sociedad Hijos del Partido de Lalín”. *Correo de Galicia* nº 1026, 20/9/1925.

95. Casimiro Gómez doara material escolar para a escola de Viascón, no concello de Cotoabade, así como un solar en Pontevedra para construír unha escola. Véxase: PEÑA SAAVEDRA, V.: *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*. Santiago, Xunta de Galicia, 1991, Vol. II, p. 376.

O hospitalillo e as Colonias escolares pontevedresas

En 1925, a Xunta Provincial de Instrucción Pública, apoiada polo Gobernador Civil, a Deputación, o Concello de Pontevedra e a Inspección de primeiro ensino -ademas de contribucións particulares como a do citado Casimiro Gómez-decide crear unhas colonias de verán no hospitalillo co beneplácito da Sociedade “en un edificio magnífico, construido de nueva planta por los emigrados del partido en América y que se cede gratuitamente para fines de enseñanza”⁹⁶. Este edificio, segue a informar o xornal, “cuenta con cómodos salones, patio, una sala con material de enseñanza y una magnífica huerta. Cerca existen grandes robledales en los que los niños podrán pasar la mayor parte del día”⁹⁷.

As dez mil pesetas que lograron reunir, entre subvencións oficiais e doazóns particulares, serviron para poñer en marcha esta actividade estival na que participaron un grupo de cativos e cativas da capital “que por sus condiciones físicas y de salud, necesitan un mes de aireación y alimentación sana, en un clima de altura, para ayudar a su desarrollo y fortalecimiento”, en turnos separados de 25 días. Estes participaban nun programa variado de actividades como “gimnasia respiratoria, clases de escritura y redacción del diario de la colonia, ejercicios de lectura comentada y recitados al aire libre, juegos y recreos en el robledal inmediato, cuentos y conversaciones de orden moral”. Dirixía estas primeiras Colonias o mestre pontevedrés Alfredo García Hermida, e administraba o mestre lalinense Leopoldo Sanmartín⁹⁸.

As Colonias inaugúranronse cun primeiro grupo de 24 alumnos das escolas nacionais de Pontevedra “necesitados de mejorar sus organismos mediante el cambio de clima marítimo por el de altura”, que chegaron á vila o primeiro de agosto, acompañados por García Hermida e Juan Novás, inspector de educación da zona de Lalín. Alí os esperaba o alcalde Jesús Aller, o secretario do Concello Samuel Goyanes, e o xa mencionado Leopoldo Sanmartín, ademas dun grupo de voluntarias “que rivalizaban en atender y cuidar a los pequeños colonos”⁹⁹, servindo as comidas e ceas, ou realizando a limpeza das instalacións. O 24 de agosto, un grupo de 23 nenas relevaba aos seus compañeiros nesta primeira experiencia que había ter continuidade en anos seguintes, até 1928, cando as Colonias escolares pasan a celebrarse no concello de Pontecaldelas¹⁰⁰.

96. “Iniciativa en marcha. Las colonias escolares. Datos de su creación”. *El Pueblo Gallego*, 15/7/1925, p. 9.

97. “La Colonia escolar en Lalín”. *El Pueblo Gallego*, 4/8/1925, p. 11.

98. “Para las Colonias escolares”. *El Pueblo Gallego*, 22/7/1925, p. 9.

99. “La Colonia escolar en Lalín”. *El Pueblo Gallego*, 4/8/1925, p. 11.

100. “Puente-Caldelas”. *El Pueblo Gallego*, 31/07/1928, p. 15.



Xunta directiva de Hijos del Partido de Lalín en 1926, presidida por Eleodoro Friol.



Xunta directiva presidida por Aniceto Troitiño celebrando o vixésimo aniversario.
Buenos Aires, 1928.

Un colexio que algúns tildan de elitista

Para algúns observadores, a orientación do proxecto educativo foi motivo de crítica case desde a súa inauguración. Por exemplo, a que expresa Benito González Iglesias nas páxinas de *El Despertar Gallego* en 1925. Iglesias pertencía a *Unión del Partido de Lalín*, a sociedade escindida en 1922, que substentaba dúas escolas laicas en Gresande e Prado. Para el, a de Lalín era “una escuela a hechura de señoritos sólo al paladar de ellos”, porque non se preocuban de ver onde facía más falta a axuda de América, que era nas aldeas. González Iglesias afirmaba que “son los labradores los que necesitan conocer los adelantos de la agricultura y de la elaboración de los productos de granja y muchos conocimientos cívicos para que se defiendan de los malandrines y follones que son la causa de su malestar. Y son los hijos de estos agricultores los que necesitan buena instrucción para capacitarlos para la fuerte lucha por la vida, y para los que tengan que emigrar (al igual que nosotros, por nuestros malos gobiernos) no sean los eternos peones.¹⁰¹

Malia as críticas, a xunta directiva de Buenos Aires segue adiante co proxecto, e a prensa galega da capital porteña anuncia a creación dunha escola de Artes e Oficios con carácter gratuíto, aberta aos adultos de Lalín e dos concellos limítrofes; un centro de ensino primario, gratuíto para os nenos da vila e pobos colindantes; concesión de bolsas para os residentes de fóra de Lalín, e unha Granxa Agrícola Experimental, que contaría coa dirección do mestre pontevedrés Poza Juncal, citado por Costa Rico¹⁰². Este rematara a carreira na Escola Normal en 1926¹⁰³ e acaba facéndose cargo do proxecto pedagóxico a partir desas datas. Poza Juncal pertencía a unha familia de Pontevedra, na que cabe mencionar asimesmo a Luz Poza Juncal, que participou na constitución, e foi vocal en 1935, do proxecto Casa del Maestro, unha asociación profesional de ámbito provincial, promovida entre outros polo inspector Rogelio Pérez González, “Roxerius”, galeguista e impulsor da renovación pedagóxica na provincia. Outro membro da familia foi Joaquín Poza Juncal, xurista e político; director do diario *La Libertad*, deputado electo por Pontevedra en 1931 na ORGA, e gobernador civil de Ourense. Tanto Joaquín como Rogelio tomarán contacto durante a Segunda República cos diferentes problemas e reivindicacións da comarca Poza Juncal era, daquela, o mestre que debía dar prestixio á escola do hospitalillo. Máis tarde incorpórarse tamén ao proxecto escolar o mestre Braulio Brandido.

101. “La Sociedad Hijos del Partido de Lalín no es liberal”. Un homenaje a la Argentina realizado por la iglesia”. *El Despertar Gallego* nº 62, 18/10/1925.

102. COSTA RICO, A.: *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*. Santiago. Xunta de Galicia. 1989, p. 197.

103. PORTO UCHA, A. S.: *A Escola Normal de Pontevedra. (1845-1940)*. Santiago, Universidade de Santiago, 1994, p. 286.

A memoria do curso escolar 1926-1927, citada polo xornal bonaerense *Correo de Galicia*, fai mención a “las notas de las excursiones hechas por los propios niños, con sencillez, soltura y gracia en las que se recalca siempre el amor a la Tierra Madre, la admiración por el paisaje y la curiosidad por conocer el mundo incomparable de las plantas y de los bichos”, que a xuízo do cronista “contienen un valor inestimable de observación y de belleza”¹⁰⁴. Así como a celebración da Festa da Árbore, que ten lugar no mes de abril:

La fiesta fue tan de ellos, que veintitrés alumnos de aquel centro leyeron ante sus árboles tantas promesas originales; promesas que por su sencillez e ingenuidad llamaron la atención de la comisión que representa en aquella villa a los Hijos del Partido de Lalín en Buenos Aires. Es de celebrar que a los niños se les eduque en un ambiente de sencillez y naturalidad y además representen en cada momento su propio papel.¹⁰⁵

Asimesmo, no proxecto escolar lalinense participou outra personalidade vinculada ao mundo do ensino: José López Otero, o enxeñeiro agrónomo, profesor da Escola Normal de Pontevedra, axudante da sección Agronómica da capital, ademais de perito agrícola e xornalista¹⁰⁶, fora convidado pola Subcomisión de Lalín como asesor para estudar sobre o terreo a implantación dun Campo de experimentación agrícola en novembro de 1926. López Otero visitou a escola, onde falou sobre “la importancia que tiene esta enseñanza agrícola para los hijos de Galicia muy particularmente”¹⁰⁷, e asesorou o proxecto.

O Centro estaba organizado en torno a unha Sociedade Infantil Escolar, dirigida e administrada polos propios alumnos, que constituía “una escuela de gobierno, donde los muchachos se acostumbran al gobierno de sus cosas, elaborando su conciencia cívica para ser mañana buenos ciudadanos”¹⁰⁸. A comezos de 1927, a sociedade infantil recibía unha carta de Calvo Sotelo e do director xeral de primeiro ensino anunciando unha subvención para crear unha biblioteca escolar circulante¹⁰⁹. Ademais da axuda oficial para a súa posta en marcha aparecían outros doantes particulares, como Eliseo Cortizo, Paulino Lago, Siro

104. “La Sociabilidad Española en la República Argentina. Sociedad Hijos del Partido de Lalín”. *Correo de Galicia*, 20/01/1928.

105. “Lalín”. *Correo de Galicia* nº 1112, 1/5/1927, p. 10

106. Entre a súa obra de carácter divulgativo, atopápanse *El Periodismo en Pontevedra* (Pontevedra, 1899); *Pontevedra. Recuerdos, monumentos, música y costumbres* (Granada, 1900); *De la Viña* (Vilagarcía de Arousa, 1923); *Los jardines escolares* (Vilagarcía de Arousa, 1925); *Libro de la Agricultura regional* (V. de Arousa, 1931) e *La Viña* (Pontevedra, 1936).

107. “Lalín”. *Correo de Galicia*, nº 1086, 21/11/1926, p. 10.

108. “La Sociabilidad Española en la República Argentina. Sociedad Hijos del Partido de Lalín”. *Correo de Galicia*, 20/1/1928.

109. “Lalín”. *El Pueblo Gallego*, 9/2/1927, p. 11.

García Guitián; o rexistrador José Luis Serrano, o notario Cándido Calvo, o alcalde de Crecente, Vicente G. Neira; o presidente da Deputación pontevedresa, Daniel de la Sota, o director da Escola Normal de Pontevedra Prudencio Landín, o profesor da Universidade de Santiago e presidente do Seminario de Estudos Galegos Salvador Cabeza de León ou o alcalde de Vigo, Mauro Alonso.

A biblioteca circulante recibiu asimesmo doazóns particulares de, por exemplo, Casimiro Gómez, xa mencionado, ademais doutras que chegaron de Barcelona ou Madrid. Non faltou tampouco o apoio do Marqués de Riestra¹¹⁰ cunha colección de libros. A estas axudas hai que sumar unha colección de libros e un exemplar de cada unha das obras que existían no depósito bibliográfico do Ministerio, remitidas pola dirección de Belas Artes¹¹¹. Cómpre non pasar por alto como a Administración de Primo de Rivera mimaba a escola instalada no *hospitalillo* mentres perseguía tenazmente outros centros de ensino de orientación “radical”, espallados pola comarca, como veremos oportunamente.

Segundo coa actividade escolar do centro, o xornal *El Heraldo Gallego* citaba a celebración da Festa da Árbore, en marzo de 1928. Un acto no que “como en años anteriores, cada niño lee la promesa que hace a su árbol, pasando así los educandos a ser los verdaderos actores de la solemnidad”¹¹², e que contou coa presenza do avogado Pablo Palmaz, o comerciante Manuel García e o médico Salvador Madriñán, todos eles membros da Subcomisión local. Naquela ocasión, e despois da plantación celebrouse unha xuntanza no salón de actos, onde cada un dos 63 cativos puido ler o seu traballo “así como hacer historia de los cuidados tenidos con sus árboles el año último”¹¹³. E falou o director da escola, “que expuso cómo los niños que cuidan y defienden su árbol, al llegar a hombres harán lo mismo con su pueblo”.

En maio dese ano, Poza Juncal envía, en nome da Sociedade Infantil, unha contribución económica para colaborar na homenaxe que a nivel nacional se lle preparaba a Luis Bello, o avogado e xornalista de *El Sol*, que tiña previsto visitar a escola lalinesa na súa viaxe por Galicia en 1929¹¹⁴. Bello visitou centos de escolas pola xeografía española, e publicou unha serie de artigos sobre esas visi-

110. “Lalín. La biblioteca circulante”. *El Pueblo Gallego*, 10/02/1927, p. 11.

111. “Lalín”. *El Pueblo Gallego*, 2/3/1927, p. 11.

112. “Lalín. La Fiesta del Árbol en la escuela Hospital-Asilo”. *El Heraldo Gallego* nº 758, 6/5/1928.

113. “Lalín. La Fiesta del Árbol en la escuela Hospital-Asilo”. *El Pueblo Gallego*, 24/3/1928, p. 13.

114. “Lalín”. *El Pueblo Gallego*, 16/5/1928, p. 13. Luis Bello Trompeta, salmantino natural de Alba de Tormes, recorreu unha parte considerable do territorio español na década dos vinte para fotografiar e denunciar a realidade escolar da época. Moitos deses traballos foron publicados no xornal *El Sol*, e tamén en varios volumes co título *Viaje por las escuelas de España*. Os seus artigos sobre as escolas galegas aparecen recollidos no libro *Viaje por las escuelas de Galicia*, publicado en 1973 por Akal, na colección Arealonga, dirixida por Xesús Alonso Montero con prólogo de Gonzalo Anaya.

tas no referido xornal, onde denunciou o abandono en que estaba sumida a escola primaria. O xornalista viaxou a Galicia en 1929, pero non consta que no seu recorrido polas escolas galegas tivera parada en Lalín.

No verán de 1928, *El Pueblo Gallego* daba como probabel que se concedera ao *hospitalillo* “una subvención para establecer un campo de experimentación agropecuaria que haga las veces de Granja”¹¹⁵. Se aseguraba, ademais, que “la Sociedad (Hijos del Partido de Lalín) está casi disuelta, y de ella se han separado valiosos elementos”. Segundo o diario, era a consecuencia “del sostenimiento del hospitalillo, que de tanto como les cuesta ha llevado a la Sociedad a la ruina y a la disgregación”¹¹⁶. Insinuaba tamén que había persoas interesadas “en mantener lo que hoy existe, y yendo contra las ansias populares se apoyan en que no se debe ceder el edificio, porque una vez cedido pasa a ser propiedad del Estado. Si esto es verdad, es una falsa maniobra para desorientar a los de América y seguir cabalgando en el machito”.

Nesa altura a corporación municipal de Lalín acordaba apoiar a campaña a favor da cesión do *hospitalillo* para crear un Instituto e, ao mesmo tempo, “una vez que las sociedades hayan cedido el edificio, si como se espera lo ceden, votar la cantidad precisa para establecer los gabinetes de Física y Química que se exige”¹¹⁷. A corporación confiaba contar coa colaboración económica do resto de concellos da comarca, e o alcalde Jesús Aller enviou unha carta aos seus alcaldes solicitando esa colaboración¹¹⁸.

Entretanto, a actividade académica proseguía sen interrupción. O curso 1928-1929 foi inaugurado solemnemente, facéndoo coincidir coa aperture dunha interesante exposición escolar na que se exhibiron “además de los trabajos del curso último, una valiosa colección de fotografías donada por el comité del último concurso de ganados celebrado en Pontevedra, y al que concurrieron en instructiva visita los alumnos del Centro”¹¹⁹. Outras voces, con todo, queixábanse de que o *hospitalillo*, que debería estar funcionando xa en outubro como Instituto de bacharelato elemental como os que se acaban de crear en Noia e Ribadeo “con sus seis profesores y cuatro auxiliares pagados por el Estado”¹²⁰, seguía áinda sen a solución desexada.

A derradeira referencia sobre a súa actividade escolar refírese á Festa da Árbore que se celebrou en marzo de 1929. A noticia relaciona a festa coa polé-

¹¹⁵. “Lalín. Mejora trascendental”. *El Pueblo Gallego*, 2/8/1928, p. 15.

¹¹⁶. “Desde Lalín. Movimiento pro-Instituto”. *El Pueblo Gallego*, 5/8/1928, p. 31.

¹¹⁷. “Lalín”. *El Pueblo Gallego*, 18/8/1928, p. 13.

¹¹⁸. “Lalín”. *El Pueblo Gallego*, 23/8/1928, p. 13.

¹¹⁹. “Lalín. Apertura de clase”. *Correo de Galicia* nº 1188, 26/10/1928, p. 14.

¹²⁰. “Crónica de Lalín. Recogiendo unas palabras”. *El Pueblo Gallego*, 12/9/1928, p. 13.

mica xurdida pola presenza do garda civil Felipe Bar Herrera, quen acudira como representante oficial da Benemérita e non como pai dun alumno de pago, como aseguraban os que así o denunciaron¹²¹. Este incidente, sen importancia aparente, reflicte as tensións que había entre as partes implicadas no *hospitalillo*.

A partir de 1930 non parece que o colexio seguira coas súas actividades. Nelas datas, como veremos, a cesión fora xa formalizada debido ás crecentes dificultades para o seu sostento.

José María Calviño e a campaña pro Instituto

O primeiro atranco remontábase ao ano 1926, cando o Ministerio alugou uns locais e abriu sendas escolas públicas de nenas e de nenos¹²². Por aquel entón, como xa se apuntou, desde Buenos Aires valorouse a posibilidade, e tamén necesidade, de ceder o edificio ao Estado¹²³ a fin de instalar alí un Instituto, pois as baixas na matrícula e o seu custo sobrepasaban os recursos que podían achegar os emigrados. A proposta non chega a ir adiante nesta ocasión, e prorrógase por tempo indefinido en vista de que non se pode ofrecer unha alternativa viábel. Pero na mente dos responsables en Lalín seguía viva a idea de crear un Instituto, e non deixan de insistir en cada carta que envían a Cuba ou a Buenos Aires. Ao mesmo tempo, aparecen varias notas na prensa galega da época aconsellando a cesión do edificio. Particularmente a campaña que emprende o correspondente do diario *El Pueblo Gallego* en Lalín, José M. Calviño Mariño a través dunha serie de artigos, publicados entre 1928 e 1930. Algúns deles aparecen tamén por esas datas en *Correo de Galicia*, un xornal de ampla difusión entre a colectivo emigrante.

Calviño redacta unha carta, xunto con “millares de firmas” -que tamén aparece en xornal porteño-, dirixida aos residentes en Buenos Aires, presionando para que cederan o local: “Ningún centro de cultura reunirá en Lalín mayor número de alumnos, porque gran parte, o la totalidad de los que hoy van a parar a los Institutos y Colegios existentes no saldrán del país”, e o que é aínda máis importante: “una multitud que se ve constreñida a no pasar de la instrucción primaria, por carecer de recursos para afrontar los gastos de residencia fuera de su tierra, concurriría a sus aulas, casi sin dispendio, para obtener un título del que arracarán todos los demás”¹²⁴. Para solicitalo, insistía Calviño, as autoridades

121. “Lalín”. *El Pueblo Gallego*, 30/3/1929, p. 15.

122. Entrevista realizada a Andrés Granja, en setembro de 1991.

123. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires): *Libro de Actas* nº 2, p.70.

124. “Para los Hijos del Partido de Lalín. Una carta y un manifiesto”. *Correo de Galicia* nº 1180, 2/9/1928, p. 3.

esixían a construcción, ou a habilitación, dun local adecuado. A solución que ofrecía o *hospitalillo* era a máis idónea en toda a comarca de Deza-Trasdeza, “que es la quinta parte de la provincia y la comarca más grande de Galicia”, e en toda a súa extensión “no hay un centro de enseñanza de verdad”. Amosa o seu escepticismo sobre os resultados da escola existente, afirmando que un Instituto ou unha graduada virían poñer fin “a ese vergonzoso abandono”, porque “la Escuela-Hospital-Asilo, que se considera a la cabeza de las primeras de España, servida por dos maestros elementales, no es más que una ‘macana’ para toda la comarca. Los únicos que lo ignoran, al parecer, son los del otro lado del mar”. E remataba dicindo: “Los de América han de saber ser generosos cediendo el edificio al Estado para algo grande, que es lo que la comarca precisa. Esta no debe desmayar hasta que el Instituto o una graduada sean un hecho”¹²⁵.

Mesmo don Ramón Otero Pedraio, que durante esa época tivo ocasión de recorrer os camiños da comarca, e de coñecelos ben, participou desta preocupación e mesmo colaborou na súa defensa. Desde o verán de 1927, o director do Seminario de Estudos Galegos viña realizando “xeiras” de recollida de datos polas parroquias de Lalín, Silleda, Cruces, Agolada e Dozón, para facer un estudo integral da zona, similar ao que iniciaran por terras de Melide. Sensible ante aquela inquietude publica un artigo no xornal vigués titulado “En col dun Instituto. Un dereito de Lalín” do que escollemos este parágrafo:

Para xustificar o tido de capital e non sere parásitos da aldea traballadora e criadora de vida, os pobos teñen a obriga de ser espellos de cultura, de vivir superior, de tal xeito qu'as máximas posibilidás de rexión en que mandan teñen n'eles o desenvolvemento das esencias artísticas, espirituais, ecuménicas. A arquitectura galega adoitada os mandados modernos ten que ispirar as construcións dos pobos, nos seus parques e xardíns hanse de coltivar os albres e as froles dos nosos campos e sobre todo deben manteñer acceso o fogar do pensamento. Galicia ten condicións incomparables para ser nun futuro non lonxano unha terra ideal de modernidade. Pasou o tempo aquil de concentrar o todo nas vilas grandes. Pasará o tempo das capitales de provincia. Agora ofrécese unha boa ocasión pra que as vilas digan d'o que son capaces. Lalín, ben ispirado, pide un Instituto Elemental. Quizais n'haxa outro que o precise tanto.¹²⁶

125. “Desde Lalín. Movimiento pro Instituto”. *El Pueblo Gallego*, 27/6/1928, p. 13.

126. “En col dun Instituto. Un dereito de Lalín”. *El Pueblo Gallego*, 23/6/1928, p. 2. Con respecto ás actividades do Seminario, o primeiro percorrido realizouse en 1923 polas terras de Amaia, pero a primeira das grandes campañas comarcais foi a de Monforte en 1926, e seguidamente polas terras do Carballiño e do Ribeiro de Avia. No verán de 1927, começaron as xeiras polas parroquias de Deza, Trasdeza, Carbia, Agolada e Dozón. A misión do curso 1928-1929 dedicouse a Melide e tivo como froito o libro *Terra de Melide*, que saiu do prelo en 1933.

Parecidos argumentos utiliza Jesús Golmar Rodríguez, pouco depois, no mesmo xornal: “No escuchéis a falsos predicadores ni acudais a los llamamientos de los que pretenden defender su pan de cada día”. Referíase a unha presunta manobra encabezada polos dous profesores do *hospitalillo*, Poza Juncal e Braulio Brandido, para defender os seus postos de traballo mediante a continuidade do centro. Golmar, xunto con outros veciños, criticaba que o contido das *Memorias* anuais editadas pola escola fose utilizado como instrumento de propaganda para vender os resultados do seu programa pedagóxico. Supostamente, Poza e Brandido utilizaban en favor dos seus intereses laborais a un grupo de alumnos “especialmente protegidos, de familias bien y que pagan un duro al mes por saber ‘algo más’”, obstaculizando a perseguida cesión do edificio¹²⁷. Ademais, denunciaba o agravio que para a escola nacional rexentada polo mestre Leopoldo Sanmartín, un dos responsábeis das colonias escolares que se tiñan celebrado varios anos atrás, supoñía tamén esa propaganda.

Calviño insistía neste asunto criticando que aquellas *Memorias*, comentadas entre a veciñanza “con irónica agudeza,” se elaboraban “con miras a los Americanos, que creen a pies juntillas que la ‘Escuela-Hospital-Asilo’, sostenida por ellos con tanto esfuerzo y trabajo, está convertida en una Universidad, donde se enseña todo lo preciso para triunfar en la vida”¹²⁸. Niñas memorias que, segundo Calviño, adoitaban ser “escritos-reseñas de fiestas imaginarias”, nin os “discursos de percalina barata donde el tópico y la cursilería se prodigan para mantener el ‘panem lucrandum’ de una pareja con perjuicio de muchos” debían interferir no obxectivo final.

Fronte ás críticas, as aulas seguen a funcionar con aparente normalidade, e os resultados amosan ser positivos. Iso, polo menos, é o que manifesta un asociado de volta a Buenos Aires, logo da visita que realiza a Lalín ese verán de 1928. No seu informe á asemblea, en setembro, explicaba ter “visitado la escuela y encontrado todo excelentemente. Hace el elogio de los maestros y alumnos como también de la Sub-comisión que nos representa”¹²⁹.

Diante deste conflicto ninguén quere tomar unha decisión. A falla de coordinación entre ambas Sociedades nestes anos, a escasa comunicación entre elas -e das respectivas Sociedades coa delegación de Lalín-, a distancia física que separa as tres institucións e a reticencia dos cubanos para colaborar co réxime de Primo de Rivera mantén esta situación de interinidade, interrompida por algunha iniciativa esporádica como a que ancabeza en 1929 José Neira Vidal:

127. “Crónica de Lalín. Movimiento pro Instituto”. *El Pueblo Gallego*, 12/7/1928, p. 13.

128. “Crónica de Lalín. La Comarca y el Instituto”. *El Pueblo Gallego*, 28/3/1929, p. 13.

129. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (La Habana). *Libro de Actas* nº 1. p. 212.

El Sr. Neira ilustra a los Asambleistas acerca de las gestiones efectuadas por la C.D. para ver si era conveniente o no el establecimiento en Lalín de un Instituto de Enseñanza Secundaria. Dice que a todas luces es conveniente tanto más cuanto la escuela actual cuesta mucho para mantener no alcanzando los ingresos para su sostenimiento. Por otra parte la escuela favorece a Lalín, pero no al resto del partido como favorecería el instituto. Es por ello que muchos socios que no son de Lalín no estarían dispuestos a seguir cooperando. Recuerda que la escuela fue una solución transitoria que se dió para emplear el local social, el que hacía un tiempo estaba sin ocupar. La solución transitoria ha durado hasta ahora, pero debe terminar en bien de todo el partido [...] No se pueden seguir invirtiendo 13 o 14 mil pesetas anuales en el sostenimiento de una escuela que a tan pocos favorece.¹³⁰

A Asamblea non amosa un parecer unánime, xa que o proxecto pedagógico, á vista dos ausentes, parecía estar a dar os seus froitos e algúns eran partidarios de que o colexio debía seguir adiante. Tal é a opinión do socio González Doval, que considera que “como educador, la obra de Poza Juncal es magnífica en todos sus órdenes” e engade que “es peligroso cambiar lo bueno existente por algo de problemáticos resultados. Algunos creen que la instrucción impartida en las escuelas del Estado es la mejor, pero la práctica dice que es en las particulares donde más se enseña”. A falta de acordo asamblar provoca outro novo aprazamento.

Durante ese ano os escolares e profesores do centro reciben unha nova visita. Trátase, nesta ocasión, do presidente Aniceto Troitiño, que viaxa a Lalín para, entre outros asuntos, tramitar a cesión conducente á creación do Instituto de bacharelato. Troitiño visita as instalacións, onde o agasallan profesores e alumnos, e como informa *Correo de Galicia*, “inspeccionó detenidamente todas las dependencias del edificio, mostrándose complacidísimo”¹³¹.

Pola súa parte, Calviño advertía desde *El Pueblo Gallego*: “El señor Troitiño, tan zarandeado, adulado y obsequiado (...) debe demostrar su entereza huyendo de toda bambolla, y proceder con rectitud y en conciencia”¹³². O xornalista opinaba que na situación actual, o esforzo da Sociedade só beneficiaba a ”determinados niñitos”¹³³, que representaban a unha minoría de privilexiados. Pero, ese gasto sumado a unha subvención do Concello, que consistiría en ”una pequeña cantidad anual para la conservación del edificio y el pago de uno o dos ordenan-

^{130.} Sociedad Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires), *Libro de Actas* nº 2.

^{131.} “Lalín. El señor Troitiño visita la Escuela Hospital Asilo”. *Correo de Galicia* nº 1214, 28/4/1929.

^{132.} “Crónica de Lalín. La Comarca y el Instituto”. *El Pueblo Gallego*, 28/3/1929, p. 13.

^{133.} “Lalín”. *El Pueblo Gallego*, 2/4/1929, p. 17.

zas”, había levar á creación dun centro de ensino medio con seis profesores, “licenciados todos ellos y cuyas cátedras tiene que ganar en reñida oposición”. Porque a escola existente “no es ningún centro profesional de Artes y Oficios; es simplemente una escuela al frente da cual hay dos maestros”.

Todas estas tensións provocan a baixa de Braulio Brandido contra marzo dese ano ”por incompatibilidad y discrepancias en todo surgidas entre los dos maestros del Hospitalillo”¹³⁴. Brandido incorpórase á escola pública como mestre interino, e a entidade saca a concurso unha nova praza para cubrir a vacante que gañaba o pontevedrés José Ferro Pesqueira¹³⁵, un xove mestre que rematara a carreira na Normal de Pontevedra en 1928¹³⁶:

Celebramos muchísimo que nuestro mejor centro docente haya enriquecido las filas de su distinguido profesorado con tan valioso elemento, pues nos consta que el señor Ferro mereció los honores de la elección entre todos los concursantes por la diversidad de títulos que posee y la brillante hoja de estudios presentada, todo lo cual unido a su juventud, y a las sabias orientaciones que recibió de su director y compañero, nuestro querido y respetable amigo Poza Juncal, hace concebir la esperanza de que la Escuela de los emigrantes siga superándose en su labor día a día.¹³⁷

Ao remate do curso, en xuño de 1929, a Sociedade envía un comunicado desde Buenos Aires¹³⁸ asinado por Aniceto Troitiño e José Neira Vidal no que informa da cesión do *hospitalillo* ao Concello. É unha cesión, en principio informal, que se fará efectiva no momento en que o Estado se comprometa oficialmente a instalar o pretendido Instituto, reservándose de momento o control sobre o edificio. Unha decisión que *El Pueblo Gallego* interpreta como o resultado de “los razonamientos pacientes y tenazmente acumulados por nuestro correspondiente, que han logrado convencer a los inteligentes lalinenses”. As cláusulas implicaban “el solo objeto mencionado”, isto é, a creación do Instituto público; ademais, “los gastos que origine su sostenimiento correrán por cuenta del Ayuntamiento y del Estado español”, quedando a sociedade eximida de novas cargas “y que si por cualquier circunstancia el Instituto no funcionara, esta

134. “Lalín”. *El Pueblo Gallego*, 30/3/1929, p. 15.

135. “Lalín. Nombramiento acertado”. *Correo de Galicia* nº 1213, 21/4/29.

136. PORTO UCHA, A: *Op. Cit.*, p. 288.

137. “Lalín. Nombramiento acertado”. *Correo de Galicia* nº 1213, 21/4/29.

138. “Lalín de enhorabuena. El edificio de los Hijos de Lalín en Buenos Aires, ha sido cedido para Instituto”. *El Pueblo Gallego*, 11/6/1929, p. 13.

Sociedad se reserva el derecho de pedir la entrega inmediata del edificio”¹³⁹. Asimesmo, a *HPL* comprometíase a “invertir hasta la suma de 15.000 pesetas en amueblar el edificio y adquirir elementos de enseñanza necesarios para laboratorios, etc.”. Polo que parece, os emigrados estaban dispostos a seguir investindo no novo proxecto a mesma cantidade anual que viñan destinando ás escolas alí instaladas.

Recibido o comunicado a Corporación toma unha serie acordos en xullo daquel ano. En primeiro lugar, “solicitar al Excmo. Señor ministro de Instrucción Pública y Bellas Artes la creación de un Instituto Local de segunda enseñanza”, ofrecéndolle o edificio así como o campo de deportes; comprometerse “a la adquisición del material completo científico-docente y administrativo”, e satisfacer unha consignación anual de mil pesetas para soster unha biblioteca, contribuir coa cantidade suficiente para o afrontar os gastos xerais e, por último, facultar ao alcalde para dirixirse ao Ministro “solicitando la creación del instituto local de segunda enseñanza”¹⁴⁰. Pero a resposta tampouco chegou de Madrid naquela altura.

HPL mantivo mentres puido a titularidade do edificio. Fracasado o proxecto inicial, buscou unha solución alternativa coa escola de ensino primario, pero sempre intentou trasladar a algunha instancia oficial -Concello, Deputación, Estado- a responsabilidade da súa xestión porque o colexio resultaba unha empresa complicada e deficitaria, coa que ademais non se identificaba a meirande parte dos promotores, frustrados polo fracaso do *hospitalillo*. Unha das moitas tentativas para desfacerse do proxecto é a que protagoniza o socio José Iglesias na Asemblea Xeral celebrada o 10 de maio de 1932, na que defende a conveniencia da cesión definitiva ao Estado, “para instalar en el mismo la escuela o escuelas que están en gestión y que serán de enseñanza secundaria o elemental”, o que se acorda sempre que se preserve a propiedade do edificio¹⁴¹. E ao mesmo tempo, deciden modificar os Estatutos para desligarse da intervención escolar, e darlle meirande importancia ao mutualismo entre os seus afiliados en Buenos Aires, o que acabou por materializarse na asemblea do 12 de xullo de 1932:

1. Servir de vínculo entre los “Hijos del Partido de Lalín”.
2. Tender por todos los medios a su alcance al mayor esparcimiento y solaz de los socios por medio de fiestas y conferencias instructivas u otros medios apropiados, ya sea en los locales cerrados o al aire libre, en forma de mantener latente el espíritu de unión y armonía entre todos sus asociados.

139. “Crónica de Lalín. Un Instituto para la Comarca”. *El Pueblo Gallego*, 20/8/1929, p. 13.

140. “Intereses gallegos. Un Instituto en Lalín”. *El Pueblo Gallego*, 29/8/1929, p. 11.

141. Sociedade Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires): *Libro de Actas* nº 2, p. 98.

3. Crear en el local social una biblioteca para uso de los socios.
4. Socorrer, proporcionar trabajo y repatriar a los inmigrantes del partido de Lalín en los casos de enfermedades de carácter permanente o que los inhabiliten para el trabajo, y en el caso de senectud o invalidez.
5. Asesorarlos por medio de un abogado, de la justicia que pueda asistirles en cualquier pretensión que abriguen. Si fuesen injustamente agraviados en su persona o bienes, de tal manera que el agravio constituya una ofensa para la colectividad, la Sociedad tomará a su cargo la defensa que se corresponda.¹⁴²

Mentres, en Lalín o edificio permanece pechado á espera da aprobación ministerial. Poza Juncal, pola súa parte, tiña regresado a Pontevedra para dirixir o colexio Escuela Nueva. Máis adiante, en febreiro, foi pensionado pola Junta de Ampliación de Estudios “con objeto de estudiar los más importantes centros de primera enseñanza de España”¹⁴³.

Entretanto proclámase a Segunda República, e os novos tempos fan albergar novas esperanzas. Unhas declaracóns do Ministro de Instrucción Pública, Marcelino Domingo, adiantando os proxectos do seu Ministerio para triplicar o número de institutos nos próximos anos, inspira a Calviño unha nova campaña en *El Pueblo Gallego*:

Habla el nuevo régimen, régimen del pueblo, con tanta emoción esperado, que no es el vergonzoso régimen de la Dictadura. Habla don Marcelino Domingo, maestro nacional, que conoce en toda su intensidad el problema de la enseñanza y cuyo programa de Escuela única abrirá nuevos e insospechados rumbos a la juventud de todas las posibilidades. La hora de Lalín llegó y es preciso aprovecharla. Los emigrados, que han cedido para el establecimiento del Instituto un edificio magnífico y que se han ofrecido a costear el material docente, han de cooperar con todo su esfuerzo a que el Instituto sea una realidad.¹⁴⁴

Manuel Ferreiro, alcalde republicano, que tamén se fai eco dos plans do Ministerio, aproveita unha viaxe a Madrid para tratar este asunto nas instancias correspondentes. Ferreiro confiaba no pulo reformista da Segunda República para aprobar o proxecto tantos anos aprazado, e en caso de que así non fora, arteilla xa unha vía alternativa de carácter municipal: “Se ha buscado la forma de que

142. Ibid., p.100.

143. “Hernán Poza, pensionado”. *El Pueblo Gallego*, 6/2/1931, p. 7.

144. “Crónica de Lalín. La hora del Instituto”. *El Pueblo Gallego*, 2/9/1931, p. 4.

los alumnos del bachillerato puedan examinarse en Lalín y prepararse en un colegio especial con el debido profesorado de Letras, Ciencias e Idiomas, que residirá en la villa”¹⁴⁵. Sería un centro municipal que, de xeito interino, faría as veces do instituto até que este poidera contar coa súa aprobación definitiva. En novembro de 1931, o Concello saca a concurso tres prazas de profesores “entre Licenciados y Doctores, dos de Filosofía y Letras y una de Ciencias en el instituto que se va a crear esta población”. Ofrecíase un salario de 4.500 pesetas anuais e un contrato, “mientras que se tramitan los debidos trabajos con el Estado hasta que éste se haga cargo del mismo”¹⁴⁶.

Pero a creación do Instituto nunca chegou a aprobarse en Madrid, malia a cesión feita polos emigrados e os compromisos subscritos pollo Concello e o centro interino tampouco chegou a implantarse. Pechada a escola primaria sen que resultaran viábeis outros posíbeis destinos, o edificio pasou a utilizarse esporadicamente para as más diversas actividades. Consta que, durante unha temporaña, Laxeiro instalou alí o seu estudo de pintura, antes de viaxar á Academia de San Fernando, en Madrid, bolsado polo Concello¹⁴⁷. Tamén, por aquela época, celébrase un acto político organizado pola Federación Republicana de Lalín, “un gran banquete al que asistieron más de 300 comensales”¹⁴⁸ no que participaron varios membros da Federación de Pontevedra.

Algún tempo despois daquela xuntanza, o correspondente de *El Pueblo Gallego* criticaba a Joaquín Poza Juncal, irmán do mestre e deputado ás Cortes Constituintes, e a Osorio Tafall, director do Instituto de Pontevedra e membro do Seminario de Estudos Galegos¹⁴⁹, “dos máximos pregones de redención”, polo seu silencio fronte ás demandas da comarca, entre as que se contaban a continuación das obras do ferrocarril ou o inicio da estrada a Carballiño. Recriminaba incluso á Deputación, na que o alcalde Manuel Ferreiro tiña un escano, de non defender a implantación da Misión Biolóxica, e unha Granxa Agrícola e Gandeira, “ni de la ayuda que este organismo provincial haya prestado a las aspiraciones de Lalín para conseguir, al igual que Noya y Ribadeo, un Instituto sostenido por el Estado. (...) Lo mismo Lalín que el resto del Partido tienen ya la convicción de que nada harán”¹⁵⁰.

145. “Lalín. Mejoras de trascendencia”. *El Pueblo Gallego*, 20/9/1931, p. 9.

146. “Lalín. Concurso para proveer tres plazas de profesores del Instituto de la Villa”. *El Pueblo Gallego*, 3/11/1931, p. 11.

147. *El Pueblo Gallego*, 23/10/1931, p. 11.

148. “Lalín. Mitin republicano”. *El Pueblo Gallego*, 21/5/1931, p. 7.

149. Que se encargaría, xunto con Luis Iglesias, Parga Pondal e Martínez Gómez, da sección de Ciencias Naturais do Seminario de Estudos Galegos nas campañas de investigación pola comarca de Deza.

150. “Lalín. La comarca y sus representantes en el Parlamento”. *El Pueblo Gallego*, 3/6/1932, p. 10.

En 1933 xorde unha nova alternativa para dar vida ao edificio abandonado. O Gobernador Civil e o Inspector provincial de sanidade propoñían instalar un Sanatorio Antituberculoso. Pero nen o alcalde Manuel Ferreiro nin a Sociedade facilitan a súa posta en marcha. Esta, por boca do seu presidente, na altura Antonio Fernández Feijoo, rexeita o preventorio por considerar que coa chegada de enfermos, a vila correría riscos de contaxio e de propagación de epidemias¹⁵¹, e volve insistir na creación dun centro de cultura, “reconociendo el enorme beneficio que reportaría a todos los habitantes de este partido judicial y aun limítrofes”. Opinión que compartía o correspondente de *El Pueblo Gallego*: “Nuestros problemas son de cultura, de agricultura, de comercio, de higiene y sanidad, de industria, de caminos vecinales, de carreteras y del ferrocarril central de Orense a Santiago. De sanatorios antituberculosos no. Por eso creemos firmemente que los emigrados no cederán y que los vecinos se opondrán a la cesión”¹⁵².

A iniciativa tampouco contou con apoio do inspector de educación Rogelio Pérez González, quen baixo o seudónimo de “Un amante de Lalín” escribía un artigo en *El Pueblo Gallego* o 12 de xaneiro de 1935, “Las escuelas-granjas de formación campesina” no que se implica directamente para ofrecer unha solución alternativa: “Hay que tener en cuenta que Lalín es una gran comarca agrícola y ganadera, (...) por eso nos parece bien el deseo de los vecinos de crear una Escuela Rural, con su granja agrícola aneja, que a la vez que campo de experimentación pueda tener también su centro apícola, su pequeño corral, etc.”¹⁵³. Non será a única vez que *Roxerius* defendía un proxecto tan atractivo para a vila: “el proxecto de creación de Escuelas-granjas en las zonas de más acusada ruralidad de Galicia: Lalín, por ejemplo”¹⁵⁴ afirmaba noutro artigo publicado no mesmo xornal algúns meses despois.

Pero ningunha das alternativas acabou materializándose. En xaneiro de 1934, a Agrupación de Dereitas, da que era vicepresidenta María Lajosa, unha antiga colaboradora da Sociedade, dirixía un escrito aos deputados do partido electos pola provincia “para encarecerles que se tomen el máximo interés por dar solución justa a las aspiraciones de Lalín respecto al Instituto elemental por el cual viene luchando incesantemente desde hace varios años”. A mesma misiva apuntaba: “Haría falta saber quienes han sido los que por venganzas políticas o por personalismos han bloqueado las ansias de esta comarca, alejada de todo centro

151. “Lalín. Final de campaña sobre el hospitalillo”. *El Pueblo Gallego*, nº 3157, 15/5/1934, p. 13.

152. “Lalín. ¿Se pretende establecer en el edificio donado para Instituto un sanatorio tuberculoso? *El Pueblo Gallego*, 30/3/1934, p. 11.

153. “Ecos de Lalín. Comentarios a una noticia”. *El Pueblo Gallego*, 4/4/1934, p. 12.

154. ROXERIUS. “Reportajes pedagógicas. Las escuelas-granjas de formación campesina”. *El Pueblo Gallego*, 12/01/1935, p. 14.

docente, y sólo con la enseñanza primaria, y no abundante, que carece hasta de locales”¹⁵⁵. Asimesmo, aparecía algunha queixa na prensa, de cando en vez, denunciando os agravios de Lalín respecto doutras vilas veciñas:

A la Estrada se le conceden unas 250.000 pesetas para la construcción de un Grupo escolar. No sabemos qué fatalismo pesa sobre algunos pueblos que sin saber cómo ni de qué manera caen en el mayor de los olvidos (...) ¿Qué le falta a La Estrada ya? Una granja, que es muy posible que no tarde en conseguir. Instituto, grupo escolar, firme especial en todas sus calles, teléfono, etc... y en cambio en Lalín no hay nada de nada.¹⁵⁶

Seguiron, iso si, a celebrarse algunas actividades de carácter político e social, como a homenaxe ao alcalde Ferreiro Panadeiro en febreiro de 1934, no que participaron, entre outros, Iglesias Surribas, director de *Razón*, “Laxeiro” e o avogado Ramón Palmaz¹⁵⁷.

Entretanto, o Concello comeza a tramitar ante as instancias educativas a creación de escolas nas diferentes parroquias, “en condiciones de comodidad e higiene para todos los niños y vivienda para los maestros, según el plan uniforme del Ministerio”¹⁵⁸. Asimesmo, os mestres trataban de organizarse a través da Asociación de Mestros Nacionales de Lalín, apoiados por *Roxerius*, para crear un Centro de Colaboración Pedagógica comarcal, que tiña como principais cometidos responder ás demandas da escola rural a través da formación do profesorado, a creación dun museo pedagóxico, unha biblioteca, un xornal infantil e a organización periódica de conferencias culturais¹⁵⁹.

Con respecto ao *hospitalillo*, este volve a ser noticia en marzo de 1935, cando se comenta “a título de rumor y entre interrogantes” que a Sociedade tramita a súa venda para instalar o cuartel da Garda Civil. A noticia aparece en *El Pueblo Gallego*, onde entre severas críticas se repasa a errática traxectoria do proxecto societario. En concluía con dureza que, fracasado o Hospital-Asilo, “en el cual los pobres de la comarca tuvieran un cobijo a sus dolencias sin las largas peregrinaciones a hospitales de Santiago o Pontevedra (...) unas escuelas fueron entreteniendo en edificio”. Máis tarde, fronte á implantación do Instituto “para lo cual les es pedido el edificio (...) Lalín se debate en trapisondas políticas de izquierdas y derechas y todo queda en proyecto”. Algún tempo despois,

^{155.} “Lalín. Mejoras imprescindibles para esta comarca”. *El Pueblo Gallego*, 23/01/1934, p. 13.

^{156.} “El abandono en que se deja a Lalín”. *El Pueblo Gallego*, 18/7/1934, p. 9.

^{157.} “Lalín. Homenaje al alcalde”. *El Pueblo Gallego*, 18/2/1934, p. 6.

¹⁵⁸ “Lalín. Importantes mejoras escolares”. *El Pueblo Gallego*, 23/6/1933, p. 9.

^{159.} “Lalín. Asociación de maestros nacionales”. *El Pueblo Gallego*, 25/3/1934, p. 14.

“Roxerius les brindó la gran idea de una escuela de experimentación agrícola (...) y nadie dio oídas al culto Inspector de primera enseñanza”. Por iso, conclúa, “fracasado el Hospitalillo, el Instituto, el Grupo Escolar y la Granja, que lo utilice para alojamiento decoroso de la Guardia Civil. Con esta solución se acaba la emoción patriótica de unos emigrados y se pone en evidencia la incapacidad y el fracaso de un pueblo”¹⁶⁰.

En agosto de 1935, o Director xeral de ensino primario visita Lalín acompañado do deputado pola provincia Isidoro Millán Mariño, onde o agardaba unha nutrida representación de veciños para solicitarlle “el máximo apoyo para la construcción del Grupo Escolar de que Lalín está tan necesitado”, pois como indicaba o xornal “es vergonzoso que la cabeza del partido judicial, con más de 1.500 habitantes, carezca, como carece, de locales escuelas y de viviendas para los maestros”¹⁶¹. No mes de setembro, o consello local de ensino primario proponía o edificio do *hospitalillo* para crear alí a escola nº 1 de nenos¹⁶². Pero tam-pouco se levou a efecto.

O Colexio Sagrado Corazón, o Instituto de Capacitación Agraria e por fin o Centro de Enseñanza Media y Profesional

Despois do golpe de Estado do 18 de xullo de 1936, o *hospitalillo* pasa á propiedade de Falange Española, que o destina a cuartel de tropas¹⁶³, e rematada a Guerra, a Sociedade decide ceder por cinco anos o edificio aos propietarios do Colexio Sagrado Corazón. O procurador Pablo Palmaz Brandido, representante de *HPL*, xestiona a operación, na que participan a mestra nacional María Gutiérrez González, o funcionario de Correos Avelino Rodríguez Costas, o médico Gumersindo Castro Soto, e o industrial José Benito Albarellos. Estes comprometíanse a abonar un aluguer de corenta pesetas mensuais, “teniendo que destinar necesariamente la finca a un Colegio de primera y segunda Enseñanza, cesando el arrendamiento si la finca deja de ser destinada a tal fin, pues sólo en consideración al objeto referido se cree el arrendador facultades para arrendar la finca mencionada”¹⁶⁴. O colexio particular Sagrado Corazón funcionou a partir desas datas até o ano 1952 aproximadamente.

160. “Lalín. Un rumor grave. ¿Pretende la Sociedad Hijos del Partido de Lalín en Buenos Aires vender en pública subasta el edificio del Hospitalillo?”. *El Pueblo Gallego*, 20/3/1935, p. 12.

161. “Lalín. El director de primera enseñanza”. *El Pueblo Gallego*, 1/8/1935, p. 12.

162. “Pontevedra. De enseñanza”. *El Pueblo Gallego*, 14/9/1935, p. 11.

163. Entrevista realizada a Andrés Granja, en setembro de 1991.

164. Copia de contrato de arrendamiento. Arquivo Histórico da Deputación de Pontevedra. Sección Ensino Primario-Beneficencia.

En agosto de 1952, *Hijos del Partido de Lalín*, por mediación dos seus representantes na Vila, Salvador Madriñán Teijeiro, e Manuel García Diéguez, volve a ceder a propiedade do *hospitalillo*, de xeito gratuito, ao Concello de Lalín, representado polo seu alcalde na altura, Alfonso Garra Goyanes. Unha propiedade que constaba de “finca de una superficie aproximada de setenta y un áreas, con un edificio y patio dentro de la misma, que ocupa seiscientos treinta y nueve metros cuadrados”. O Concello comprométiasi a destinar a finca dada “a preventorio médico o a Instituto laboral de Segunda Enseñanza, y a colocar una placa en el edificio con la siguiente inscripción: ‘Preventorio médico o Instituto Laboral Presbítero Ramón María Aller, donación de la Asociación Hijos del Partido de Lalín de Buenos Aires’”. O Concello tiña un prazo de catro anos para poñer a andar o refectorio ou o Instituto, ou en caso contrario pasaría de novo a mans da Sociedade.

En 1952 comezou a funcionar un “Instituto de Capacitación Agraria”, que seguiría un par de anos até 1954. Nesa altura reconvírtese en “Centro de Enseñanza Media y Profesional” de modalidade agrícola e gandeira, como resultado da orde de creación promulgada con data 23 de febrero de 1954¹⁶⁵, publicada no *Boletín Oficial del Estado* o 7 de abril dese ano. Luis González Taboada realizou unha viaxe a Buenos Aires para xestionar persoalmente a doazón. “Una vez creado el Centro, y aceptado por el Ministerio el edificio y finca del Hospitalillo, se apresuraron las obras de acondicionamiento realizadas por cuenta del Ayuntamiento en el deseo de que estuviera ya hábil para el comienzo del curso 1954-1955, y a este efecto se arreglaron las dependencias del edificio destinado con objeto de satisfacer todas las necesidades de la enseñanza laboral en el Centro de Lalín”.

No mes de agosto de 1954, destinado xa o *hospitalillo* a Instituto Laboral, comenzaron as obras de acondicionamento, que proseguiron durante varios meses para adaptar o edificio ás novas necesidades. Isto non impidiu que o 4 de novembro concurrirán os 85 alumnos matriculados para efectuar o exame de ingreso. O día 9 dese mes, de acordo cun horario de clases provisional posteriormente aprobado polo Ministerio, comenzaron xa as clases no centro.

O curso 1955-56 foi inaugurado o 3 de outubro por D. Ramón María Aller en nome do Ministro de Educación Nacional. A *Memoria* dese curso indicaba que o verán de 1956 “dieron comienzo las obras del espléndido edificio que será destinado a Instituto laboral de Lalín”¹⁶⁶. Esas obras incluían o derrube do vello edi-

165. “Creación del Centro”. *Lalín, Centro de Enseñanza Media y Profesional*, 1954. Cortesía de Jaime Alvarellos.

166. Centro de Enseñanza Media y Profesional (Instituto Laboral “Ramón Mª Aller Ulloa”). *Memoria de los cursos académicos 1954-55 y 1955-56*. Santiago, Tipografía Seminario, 1956, p. 34.

ficio, e se prolongarían até finais do verán 1958. Durante o curso 1957-58, as clases foron instaladas na residencia de alumnos, e na *Memoria* do curso 1956-57, onde aparece unha maqueta do novo edificio, a dirección confiaba que ”en el curso 1958-59 podremos impartirlas sin la provisionalidad con que ahora se die-ron”¹⁶⁷. Para entón xa se imparten no edificio recén construído. Este, segundo aclara a memoria dese curso “en el que estamos ya perfectamente instalados, ani-mará a profesores y alumnos en su trabajo de cada día”¹⁶⁸.

130. Centro de Enseñanza Media y Profesional Instituto Laboral “Ramón M^a Aller Ulloa. *Memoria del curso académico 1956-57*. Santiago, Tipografía Seminario, 1957, p. 7.

131. Centro de Enseñanza Media y Profesional (Instituto Laboral “Ramón M^a Aller Ulloa). *Memoria del curso académico 1958-59*. Santiago, Tipografía Seminario, 1959, p. 3.

SOCIEDADE HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN DE LA HABANA: ENTRE A INFLUENCIA DOS ARXENTINOS E A PROPIA AUTONOMÍA

A Sociedade *Hijos del Partido de Lalín* radicada en La Habana formouse a instancias da agrupación de Buenos Aires despois de que o presidente Guillermo González establecera contactos con Cándido Lamas, un destacado membro da colonia dezá en Cuba, “con el único fin de que trate por todos los medios a su alcance, el nombrar en la mencionada Isla una Sub-comisión entre nuestros coterriáneos allí residentes para que cuadyuen a nuestros filantrópicos fines”¹⁶⁹.

Non demorou en reunirse un grupo de lalinenses no Centro Galego. Manuel Lorenzo, Domingo Carral, José Areán, Francisco Iglesias e Máximo López, acudiron á chamada de Cándido Lamas o día 23 de xaneiro de 1910, para seren informados da carta remitida polos de Buenos Aires “invitando a sus paisanos residentes en esta Isla, a que le secunden en la benéfica obra de crear un ‘Hospital-Asilo’, en Lalín, capital del Partido”¹⁷⁰.

Nesa primeira reunión nomeouse un Comité de Propaganda, constituido por Cándido Lamas como presidente. A este acompañaban o secretario Máximo López e o tesoureiro Manuel Lorenzo, e como vocais, Domingo Carral, José Ramos, José Areán, Emilio Lalín, Manuel Méijome, Francisco Iglesias, Manuel Pedreira, Francisco Souto e Casiano Lorenzo. Máis tarde conseguirían un local no número 63 da rúa Bernaza, e alí ubicaron a sede social. A Sociedade tería outras sedes, como a que ocupou a partir de 1915 no edificio “Politeama habanero”¹⁷¹, e máis tarde no pazo do Centro Galego, na rúa Prado, xa até a actualidade.

169. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires): *Libro de Actas* nº 1, p. 24.

170. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (La Habana): *Libro de Actas* nº 1, p. 2., que debo á amabilidade de D. José Ramón Baluja, cubano de ascendencia galega, e presidente da Sociedade entre 1994 e 1998.

171. Ibid., p. 54.

A idea que Guillermo González lles adianta non debeu sorprendelos, pois xa desde 1904 viñan funcionando nesa capital varias sociedades benéficas como a que se lles propón fundar. Por iso, a iniciativa dos bonaerenses ten unha acollida positiva. Pónense a traballar de contado a partir do Comité de Propaganda inicial, e pouco despois preparan un proxecto de Regulamento, para ser aprobado en Asemblea. A tal efecto convocan unha xuntanza a mediados de xaneiro, e publican un anuncio chamando á colonia de Lalín en La Habana a través dos xornais *Diario de la Marina* e *El Comercio*:

Queridos paisanos: el amor a aquel hermoso pero desventurado pedazo de tierra donde hemos nacido, ha hecho surgir en la mente de algunos conciudadanos la plausible idea de formar una sociedad en esta República, que al mismo tiempo de estrechar los lazos de cordialidad que deben existir entre los que lejos de ella estamos, contribuyan en lo posible a remediar las necesidades perentorias que sufre aquella deliciosa comarca, tan digna de mejor suerte.¹⁷²

A acta de Constitución asínase o 20 de marzo de 1910, quedando formada unha agrupación con rango de Sociedade, e con regulamento propio, do que remiten copia aos compatriotas da Arxentina¹⁷³. *Hijos del Partido de Lalín* de La Habana nacia coa intención de prestar todo o seu apoio aos proxectos dos dezanos de Buenos Aires, ademais dos fins que quedaban singularmente plasmados nos seus Estatutos. Estes proporcionábanlle unha total autonomía, pois situaba o seu propio domicilio na capital cubana, e usaría os seus símbolos identitarios, como eran “un sello con el título de la Sociedad y el escudo de la provincia de Pontevedra (España)”¹⁷⁴. Asimesmo, o artigo nº 2 recollía os seus obxectivos:

El primordial objeto de la Sociedad es procurar protección y ayuda entre todos sus asociados; así como una mayor unión entre los naturales u oriundos del Partido de Lalín, residentes en esta República, cuyo Partido Judicial forman los Ayuntamientos de Lalín, Dozón, Rodeiro, Golada, Carbria y Silleda. ¹⁷⁵

¹⁷². Ibid., pp. 5-6.

¹⁷³. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires): *Libro de Actas* nº 1, p. 96.

¹⁷⁴. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (La Habana): *Estatutos*. La Habana, 1939, p. 1.

¹⁷⁵. Ibid., p. 2.



Membros de Hijos del Partido de Lalín portando o estandarte.
La Habana, 1915.



Grupo de socios de Hijos del Partido de Lalín.
La Habana, 1915

A primeira Xunta Directiva constitúese na asemblea celebrada o 20 de marzo de 1910, que quedaría formada por Cándido Lamas como presidente, Manuel Lorenzo vicepresidente, Francisco Pichel Nercellas tesoureiro; José Fraiz Andón e Maximino López ocuparán os cargos de secretario e vicesecretario respectivamente. Nesta mesma sesión apróbase fixar unha cota de corenta centavos para cada socio sen distinción de sexo¹⁷⁶.

Os socios de *Hijos del Partido de Lalín* na capital cubana deciden secundar todas as iniciativas dos seus coterráneos, como figuraba nos Estatutos, sen que a entidade habaneira dispuxera, en principio, levar adiante ningún proxecto propio. Seguindo este criterio, a entidade colaborou até o ano 1930 cos proxectos liderados pola agrupación de Buenos Aires, pero como xa se viu, preferiu preservar a súa propia identidade e marcar unha certa distancia respecto dos bonaerenses. A súa misión, en principio, sería a de recabar fondos para a obra de Lalín, tal e como poñen de manifesto nunha reunión varios meses despois:

Por ahora esta Sociedad se debía limitar única y exclusivamente a recaudar fondos, y todo lo demás se dejase a elección de los de Buenos Aires, puesto que de ellos había partido la iniciativa. La Junta, en vista de las razones expuestas por el señor Ramos, así lo aprueba.¹⁷⁷

Este desexo de independencia respecto dos arxentinos explícase, entre outras razóns, porque os líderes cubanos -Cándido Lamas, os irmáns Fráiz Andón, Adolfo Víctor Calveiro Couto, Jesús Iglesias Surribas ou Máximo López Carral, por sinalar a algúns dos seus elementos más dinámicos, dentro e fóra da agrupación- pertencían a sectores aveirados á esquerda, e amosaban un maior compromiso co movemento agrario e unha manifesta sensibilidade coa promoción cultural de Galicia desde a emigración, superando os rancios eventos de exaltación enxebre que adoito practicaban as Sociedades más conservadoras, como xa se ten comentado. Por poñer algún exemplo, o silledán de Dornelas Calveiro Couto, quen tomou parte máis activa na sociedade a mediados da década dos vinte, estaba vencellado á profesión xornalística. Fundou e dirixiu a revista *Cultura Gallega*, defensora do Estatuto e da República, e foi colaborador dalgunha das más importantes publicacións da emigración, como *Alma Gallega*, *Eco de Galicia*, *Chic ou Cultura Hispánica*. Tamén colaborou coa *Agrupación Artística Gallega* de La Habana, onde se encargaba da actividade cultural e administrativa, como ben nos recorda Martín Fernández¹⁷⁸. Calveiro foi presidente da asociación en 1939, con Máximo López Carral, Domingo Carral e Gerardo Pombo entre outros.

176. Ibid., p. 8.

177. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (La Habana): *Libro de Actas* nº 1, p. 14.

178. FERNÁNDEZ VIZOSO, M.: “Xornalismoe e emigración en Deza e Trasdeza”, en MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M.: *Fomento de la Instrucción Gallega*. Vigo, Ir Indo, 2002, pp. 18-19.



Xunta directiva e socios de Hijos del Partido de Lalín, posando nun dos salóns do Centro Galego de La Habana. Anos trinta.



Escolares de Insua, en Vila de Cruces. Os emigrantes da parroquia residentes en Cuba contribuíron á construción da escola parroquial, que se inaugurou en 1928.



Portada do nº 25 do seminario ilustrado Galicia, dedicada á Sociedade Hijos del Partido de Lalín. La Habana, xuño de 1918.

Outro exemplo foi Máximo López Carral, cofundador, xunto con Iglesias Surribas, do quincenal *Verdad y Justicia* publicado en Lalín entre 1922 e 1924, e director até o seu regreso a Cuba. Pola súa parte, Iglesias Surribas, natural da parroquia de Anseán, foi administrador da revista *Cultura Gallega*, fundada por Calveiro Couto. Asimesmo, fundou e dirixiu dous xornais agraristas vencellados nun principio ao movemento antiforal, editados en Lalín: o xa mencionado *Verdad y Justicia*, e *Razón*, un xornal de curta andaina -de xullo a decembro de 1933-, pero de gran interese¹⁷⁹.

Con respecto a *Verdad y Justicia*, Manuel Igrexas indica que tivo atrancos coas autoridades e foi atacado especialmente pola Igrexa, que naquelas datas potenciaba o agrarismo confesional. Máximo López padeceu o acoso do cura de Moneixas, a súa parroquia natal, acusándoo de masón e espiritista¹⁸⁰, e en xaneiro de 1923, o bispo de Lugo prohibiu a súa lectura, e pouco tempo despois Jesús Iglesias tería que partir a Cuba de novo, precipitadamente. Estes episodios, que desembocan no desterro a causa da belixerancia do clero, nada teñen que ver, como se comproba, coas boas relacíons que mantíñan os asociados de *Hijos del Partido de Lalín* de Buenos Aires con ese bispado e cos curas da comarca. De novo na Habana, Iglesias Surribas chegou a fundar unha imprenta, instalada na rúa Aguacate, 520, onde se imprimía a revista *Cultura Hispánica*.

Neste sentido, salienta a felicitación que envían, a proposta do presidente Lamas, ao Concello de Lalín en xullo de 1910 “por el acuerdo que había tomado en pro de la redención de foros, así como también se le pasase otra comunicación a los otros ayuntamientos del Partido”¹⁸¹ deixando patente a preocupación pola problemática do agro dezao. Máis adiante, en novembro de 1913 reciben outra carta remitida pola *Federación de Sociedades Agrícolas del Partido de Lalín* pedindo apoio económico. Estes responden afirmativamente enviando varias subvencións a partir desas datas e, ademais, Máximo López solicita nesa ocasión “detalles sobre la forma de fomentar un semanario en Lalín e igualmente el fomento de Sociedades en los ayuntamientos que no las haya”¹⁸². Quizás pensara xa, naquel momento, no xornal que máis adiante fundaría el mesmo coa cabeceira *Verdad y Justicia*, antes mencionado, que recibiría o apoio da entidade durante a súa publicación.

E ese desexo de independencia, mesturado cunha certa desconfianza, déixase entrever non só durante os primeiros anos da andaina convuxunta a prol do Hospital e Asilo, cando José Fráiz chega a comentar nunha asemblea, ante a insistencia de

179. Ibid., p. 21.

180. IGREXAS, M.: “Os emigrantes e a transformación social na Comarca de Deza. (1910-1936)”, en MAL HEIRO GUTIÉRREZ, X. M.: *Fomento de la Instrucción Gallega*. Vigo, Ir Indo, 2002, p. 74.

181. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (La Habana): *Libro de Actas* nº 1, p. 13.

182. Ibid., p. 41.

Buenos Aires para nomear un representante no Deza, que “es prematuro el que esta sociedad nombre representante en Lalín, puesto que hasta la fecha casi no hay más proyecto del Hospital que la idea”¹⁸³. Igualmente no momento de nomear ao dito representante, varios membros da asociación cubana rexeitan aceitar a Ramiro Goyanes, quizáis pola súa afección conservadora, e propoñen a dous asociados da súa confianza, Francisco Pichel e José Fráiz¹⁸⁴, membros fundadores en La Habana e por aquelas datas retornados á comarca. O primeiro era natural do concello de Silleda, e estaba vencellado á sociedade *Pro-Escuela en Bandeira*. O segundo, que ocupara cargos na directiva, era irmán de Vicente Fráiz Andón, un pedagogo progresista, republicano rexeneracionista de carácter moderado que durante a súa estancia en La Habana destacou a prol da cultura galega e como responsable do plantel do Centro Galego. Ambos, Pichel e Fráiz, debían administrar as remesas enviadas desde La Habana e, ao mesmo tempo “investigar la marcha del asunto Hospital en Lalín”¹⁸⁵. Máis adiante, en 1915 será Cándido Lamas, retornado á comarca, o encargado de informar, a instancias de José Fráiz -que reemigrara a Cuba e participaba de novo activamente na sociedade- “de las condiciones en que están las obras del Hospital y Colegio”¹⁸⁶. Algúns anos depois, en 1923, os cargos de representación da Sociedade en Lalín volven a recaír en Manuel Lorenzo Brocos, Cándido Lamas e o presidente da Federación Agraria de Lalín¹⁸⁷.

E tal e como sucedera en Buenos Aires, até Cuba chegaban opiniós encontradas acerca do *hospitalillo*. Nese sentido, algunas persoas “influyentes de la comarca”, consideraban que “en vez de Hospital se pusiesen escuelas, pero que estas ideas eran solo de los que residen en la comarca y no de los que residen en Buenos Aires”¹⁸⁸. Outros, entón, eran partidarios do Hospital sempre e cando beneficiara aos emigrantes retornados, dándolle incluso un trato de preferencia. Unha idea defendida polo socio José López -“Los asociados deben de tener más derechos sobre el Hospital o para entrar en él que el que no lo es”¹⁸⁹- que tamén compartía o propio presidente. Para este, debían ter dereitos todos os nacidos na comarca, incluídos os emigrantes, podendo dispor dunha casa de saúde “donde curarse y tomar los aires de la tierra natal, y sobre todo los que regresan enfermos de la América y no tengan familiares en el término”.

¹⁸³. Ibid., p. 22.

¹⁸⁴. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (La Habana): *Libro de Actas*, p. 22. Noutra ocasión, discutindo a procedencia ou non de repatriar á esposa dun socio, deféndese a postura de embarcalo para Galicia, argumentando que “llevando ocho años de existencia de esta Sociedad, y no habiendo hecho hasta la fecha más acto humanitario que el de mandar dinero a Lalín, creía en esta ocasión muy oportuno [...] que la Sociedad favoreciese a tal señora [...] esto no dejaría de reconocerse un acto noble [...] y se sabe el rumbo que lleva el dinero que pueda darse y el otro que se manda no se sabe a punto fijo en que se invierte”. Ibid., p. 94.

¹⁸⁵. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (Buenos Aires): *Libro de Actas* nº 1, p. 23.

¹⁸⁶. Ibid., p. 69.

¹⁸⁷. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (La Habana): *Libro de Actas*, p. 146.

¹⁸⁸. Ibid., p. 23.

¹⁸⁹. Ibid., p. 24.

Unha contribución económica valiosa para diferentes proxectos en Deza

Como xa se comentou, *Hijos del Partido de Lalín* non desenvolveu, polo que parece, ningunha acción benéfica por iniciativa propia, ben sexa ligado á educación ou a outro campo. Con todo, cónstanos que as súas diferentes directivas atenderon varias chamadas desde a comarca, e prestaron apoio económico ou moral para auxiliar diversas causas sempre relacionadas co abandono escolar ou a organización sindical agraria. Por exemplo, consta a petición do sindicato de San Pedro de Doade e Vilanova recabando colaboración “para poder llevar a feliz término alguno de sus propósitos, o sea, el de construir una casa que sirva de domicilio social y escuela pública”. Non chegan a enviar ningunha cantidade nesa ocasión porque as limitacións do propio regulamento impedían destinar fondos sociais a outras causas que non foran a do Hospital.

O mesmo ocorreu en xullo de 1923 cos veciños de Pedroso, no concello de Rodeiro, ao solicitar unha axuda para construir unha casa-escola naquela parroquia¹⁹⁰. Axuda que farían efectiva en agosto de 1924, chegando a remitir 50 pesos cubanos a instancias de Máximo López Carral, despois de reformar os estatutos. A partir dese momento apoiarán economicamente diversas causas, sempre que a agrupación beneficiaria pertencera a algúns dos concellos do Partido, e tivera como mínimo 25 asociados¹⁹¹. Por aqueles anos, a Sociedade destinaba o 40% dos seus fondos á instrucción, e un 10% ao socorro dos asociados en Cuba, colaborando na repatriación de algúns dezao enfermo, ou mesmo vítima do fracaso da súa aventura individual na emigración.

Máis tarde reciben outras solicitudes para axudar a dotar varias escoliñas rurais, como a que lles chega desde a parroquia de Escuadro, concello de Silleda, ou de Bendoiro, en 1925¹⁹²; ou tamén desde a parroquia de Moneixas en 1926¹⁹³, e todas son atendidas na medida das posibilidades. Ademais destas causas, acceden así mesmo a enviar un donativo de 500 pesos para o monumento que se erixe en Lalín na memoria do aviador Loriga, en 1927¹⁹⁴. Por outro lado, cómpre salientar a axuda de 50 pesos que envían a José Puente, líder agrario de Silleda arrestado pola ditadura de Primo de Rivera, “pues por defender tan noble causa está sujeto a una causa criminal”¹⁹⁵.

¹⁹⁰. Ibid., p. 150.

¹⁹¹. Ibid., p. 162.

¹⁹². Ibid., p. 174.

¹⁹³. Ibid., p. 188.

¹⁹⁴. Ibid., p. 198.

¹⁹⁵. Ibid., p. 209.



Festa societaria de Hijos del Partido de Lalín. La Habana, 1919.



Membros de Hijos del Partido de Lalín, celebrando unha festa societaria nos xardins de "La Tropical". La Habana, 1923

Outro exemplo, no ano 1926, ten que ver coa doazón para a escola de Insua, no concello de Carbia. Manuel Lorenzo Brocos, presidente da “Junta Pro Escuela de la parroquia de Santo Tomé de Insua” daquel concello -e un activo membro da Sociedade durante a súa estancia en Cuba, onde ocupa o cargo de vocal en 1912 e presidente de honra en 1916- solicitaba unha axuda para levantar un local escolar na mencionada parroquia. A Sociedade decidiu enviar a cantidade non despreciable de 500 pesetas “para ayuda de la construcción del local Escuela de la mentada parroquia de Insua”¹⁹⁶, tomndo dito acordo o 5 de decembro dese ano.

A escoliña chegou a poñerse en funcionamento en 1928, como recolle o xornal *Correo de Galicia*, e o día da inauguración os alumnos e alumnas, acompañados polos da escola de Duxame desfilaron en procesión desde a capela de San Roque até o novo local, portando as bandeiras de Galicia, España, Cuba e Arxentina. E despois de que as autoridades pronunciaran os respectivos discursos, celebrouse unha romaría. Os cativos foron convidados a un banquete, e os maiores bailaron coas pezas que tocou a Banda de Música de Cruces¹⁹⁷.

Apoio ao Hospital-Casa Asilo

Con respecto ao proxecto do Hospital, a mediados do mes de maio de 1912 a Comisión Directiva habaneira receive unha copia dos planos do edificio, que lles remiten desde Buenos Aires. E en decembro dese ano envían directamente a Lalín, ao representante da Sociedade, unha primeira cantidade de 5.000 pesetas. Mais adiante seguirán enviando diversas remesas, pero nunca chegan a compararse, en cantidade, ás achegas dos bonaerenses. En primeiro lugar, porque os cubanos carecían dunha base social tan nutrida como a que gozaban os de Buenos Aires, e polo tanto a súa capacidade recaudatoria era máis limitada.

En segundo lugar, porque desde desde o principio, os dezaos de Cuba foron más proclives ao proxecto escolar cá o sanitario, e seguiron a defender esa idea até o momento mesmo da inauguración do *hospitalillo*. Así, por exemplo, en outubro de 1922, Máximo López afirmaba nunha asemblea que, fronte a aquel proxecto, debía prestarse meirande apoio ás escolas, como facían outras sociedades creadas con ese fin, sen perxuízo de que se poidera habilitar un posto de emergencias no edificio social¹⁹⁸. Máis adiante, cando en Buenos Aires come-

196. Xunta pro Escuela de la Parroquia de STº. Tomé de Ínsua: *Acta*. s.p.

197. “Insua (Carbia)”. *Correo de Galicia* nº 1175, 29/7/28, p. 14.

198. Sociedad Hijos del Partido de Lalín (La Habana): *Libro de Actas*, p. 138-139.

zan a escoitarse opiniós partidarias de clausurar o colexio, desde Cuba debaten manter o seu apoio, e Máximo Carral expón que “es cuestión de dignidad y cuestión patriótica el que la Sociedad Hijos del Partido de Lalín no dejara sobre el tapete este proyecto, que sin duda hablaría muy alto del altruismo y capacidad de los lalinenses de Cuba”¹⁹⁹.

E algúns anos despois, cando en 1928 o proxecto escolar xa significa un lastre para a economía de ambas Sociedades, e se fala de ceder o edificio para que alí se instale un Instituto estatal, Máximo Carral inclínase por implantar unha escola agrícola industrial, “por ser más provechosa a nuestra finalidad, y desechar el instituto en proyecto, así como la escuela”²⁰⁰. O dirixente cubano era partidario de manter un proxecto caro, pero rendible socialmente, se seguía a prestar apoio á ciudadanía déz.

En terceiro lugar, porque atendendo ao sentir de moitos dos seus socios, que consideraban que o fin prioritario da entidade debía ser o labor mutualista e recreativo entre a colonia emigrada, unha parte importante dos seus recursos centráronse na axuda aos afiliados, e tamén á construcción dun panteón social no Cemiterio Colón. Por iso, a pesar da colaboración coas causas xa mencionadas, os dezaos residentes en La Habana dedicáronse fundamentalmente ao mutualismo e á acción recreativa entre a colonia. Boa proba disto son as numerosas reportaxes que aparecen na prensa cubana da época, con grupos de lalinenses posando nos xardíns de “La Tropical”.

Despois de 1936, a Sociedade *Hijos del Partido de Lalín* de La Habana seguiu a súa andaina mutualista e recreativa até os nosos días, onde ainda mantén a súa organización cunha certa infraestrutura, subvencionada en parte polos organismos autonómicos con responsabilidades sobre a colonia galega emigrada. A súa sede actual está no Centro Galego de La Habana.

¹⁹⁹. Ibid., p. 180.

²⁰⁰. Ibid., p. 216.

CLUB LALÍN DE LA HABANA: COMPROMISO SOCIAL, MUTUALISMO E RECREO

A Sociedade *Club Lalín* inscribiuse no rexistro de asociacións de La Habana o 14 de abril de 1920, baixo a promoción de algúns emigrantes da comarca que xa eran socios de *Hijos del Partido de Lalín*, como Jesús López Carral, Avelino Presas, Maximino López Carral, Jesús Iglesias Surribas, Rudesindo Presas ou Domingo Carral.

Club Lalín subtitulábase “Sociedad de instrucción, auxilio y protección al trabajo”. O seu escudo ostentaba o sol, un libro e o trigo, símbolos da razón, a educación e o traballo, baixo o lema “Amor y progreso”.

Tiña como fins “construir moral y materialmente al progreso del Ayuntamiento de Lalín, de la provincia de Pontevedra y de España”. Unha contribución que se desenvolvería implantando colexios “y coadyuvando con los implantados al mejoramiento de la enseñanza escolar”. A sociedade pretendía ir subvencionando aquelas parroquias do concello de Lalín que careceran de instalacións adecuadas, mediante o envío dun donativo de 1.000 pesetas para axudar a levantar un local. Foi así como se erixiron as escolas de Vilanova, Alemparte, Busto e Gresande. Ademais do obxectivo escolar tamén perseguía

- II. Cooperar moral y materialmente al engrandecimiento de la Agricultura, Industria y Comercio.
- III. Auxiliar a los asociados que caigan en desgracia.
- IV. proporcionar acomodo y trabajo a los recién venidos y a los socios que lo soliciten.
- V. propender a la estabilidad de un periódico en dicho Ayuntamiento que sirva de vocero defensor de los principios que sustenta este Reglamento.
- VI. Difundir el amor y la fraternidad entre los lalinenses y las Sociedades hermanas.²⁰¹

201. Club Lalín. *Reglamento*. La Habana, Imprenta de J. Iglesias, 1920, pp. 3-4.

Mil pesetas para axudar a levantar unha escola

A primeira escola, construída na parroquia de A Xesta, contou coa súa contribución económica. Foi a achega que os residentes en La Habana, dirixidos por Máximo López Carral, prestaron á sociedade agraria para conseguir unha escola decente: “La parroquia de Villanueva no podía ver con indiferencia dos realidades importantísimas: la falta de local adecuado para escuela, y el ofrecimiento del Club Lalín. Y sin desmayo y venciendo dificultades que siempre se presentan, y tomando por base las mil pesetas de nuestros paisanos de La Habana, llegamos a la edificación de la necesaria y deseada obra que será ofrecida al ayuntamiento de Lalín”. Este debía satisfacer o pago do aluguer que se acordara, “siendo el edificio escuela de la exclusiva propiedad de los vecinos que han contribuido a la edificación”²⁰². A Comisión de Vilanova estaba formada por Cándido Lamas, Maximino Carrón, José Vázquez e Gonzalo López, membros de sociedade agraria da parroquia. A escola inaugurouse en decembro de 1928. *Correo de Galicia* relataba así o acontecemento:

Toda exaltación y todos los aplausos nos parecen pequeños ante el milagro de que un pueblecito de 16 vecinos, y con sólo mil pesetas enviadas por el Club Lalín de La Habana, hayan hecho una casa-escuela cuyo valor para mucho de los mil duros. Esos 16 vecinos son labradores, gente humilde, trabajadores sencillos y buenos que han querido honrarse y honrar a su lugarcito construyendo en medio de las mayores dificultades y sacrificios su casa-escuela, que es una de las mejores del Ayuntamiento de Lalín.²⁰³

Foi centro de ensino até comezos dos anos setenta, e na actualidade e o local social da parroquia. Nas placas colocadas na súa fronte pódese ler: “La Sociedad Agrícola de Villanueva muy agradecida al ‘Club Lalín’ (Habana) por donativo destinado a la construcción de esta casa”.

Coa axuda de *Club Lalín* levantouse outra escola en Alemparte na que, como no caso anterior, tamén colaborou a veciñanza²⁰⁴. As malas condicións do local onde estaba instalada a escola nacional da parroquia provocou a “deserción” da mestra en xuño de 1927, que “por carecer de local digno no se encariñaba ni al lugar ni a las gentes y su espíritu se rebelaba frente a la vivienda sórdida, anti higiénica y miserable en que tenía que vivir”²⁰⁵. O curso non pudo iniciarse no mes de setembro por falta de profesor²⁰⁶. Os pais, sen demasiada autoridade para


202. “El ‘Club Lalín’ de La Habana”. *El Pueblo Gallego*, 29/11/1927, p. 15.

203. “Lalín. Acto cultural”. *Correo de Galicia* nº 1201, 27/1/29, p. 1.

204. IGREXAS RODRÍGUEZ, M.: *Op. Cit.*, p. 76.

205. “Crónica de Lalín. Acto cultural”. *El Pueblo Gallego*, 11/12/1928, p. 19.

206. “Alemparte (Lalín)”. *El Pueblo Gallego*, 2/11/1927, p. 11.



Primeira xunta da Sociedad Club Lalín. La Habana 1920.



Edificio escolar levantado polos vecíños de Vilanova
coa axuda de Club Lalín.



Placa Conmemorativa.

esixir unha explicación ás administracións responsables, preguntábanse qué facer ante o silencio do Concello e o da propia inspección: “No creemos que se haya suprimido, pues de haberlo hecho se nos comunicaría para enviar a otra parroquia nuestros hijos”, e lamentaban o sacrificio que lles acarreaba aos pais e aos propios cativos desprazarse a veciña parroquia, “dado lo aislados que estamos los unos de los otros” .

A solución chegou de La Habana unha vez máis, grazas á subvención enviada pola sociedade e aos traballos que realizou de xeito comunitario a veciñanza:

Trabajan para sus hijos y nietos. ¡qué importa el sacrificio! Casi abandonadas quedan las faenas campesinas por los hombres, encargando de las mismas a las mujeres. El trabajo es duro, hay que arrancar la piedra de la cantera, hay que transportarla, hay que trabajarla. Un vecino cantero dirige la obra hasta el final y en ella ponen todos sus afanes. Falta la obra de carpintería y los carpinteros tienen que venir de afuera. Regalan cada uno la madera que puede, les pagarán con las mil pesetas y les dará cada vecino, por día, de comer y albergue. Así lo acuerdan y así lo hacen.²⁰⁷

O novo local puido inaugurarse o 25 de abril de 1928, e celebraron unha festa “con animada romería” á que foron convidados o alcalde de Lalín, Jesús Aller, e o representante da sociedade, Gonzalo López Gutiérrez.

Ademais dos anteriores, a sociedade *Club Lalín* enviou, por aqueles anos, sendas remesas de mil pesetas para as escolas nacionais de Busto e Gresande. O articulista de *El Pueblo Gallego* salientaba o compromiso dos cubanos, “que se acercaron a las realidades del país para contribuir con el esfuerzo generoso de sus posibilidades a remediar apremiantes necesidades culturales y de otra índole”²⁰⁸. Este criticaba, por outro lado, o labor dos arxentinos, “que estérilmente se agotan sobre Lalín sosteniendo una escuela, que para ellos ha de ser la ruina, y regalando un cementerio que de nada le ha de servir a los emigrados ni tampoco a los suyos”. Non así os cubanos, “que desean ir sembrando el bien sobre toda la comarca dejando sobre cada lugar y cada aldea el recuerdo de su patriotismo y de su generosidad”²⁰⁹.

A Sociedade habaneira propuña, ademais, nos seus Estatutos “propender a la estabilidad de un Periódico en dicho Ayuntamiento” que servira de voceiro defensor duns principios vinculados ao movemento agrario. Non por casualidade o xornalista Jesús Iglesias Surribas, natural de Anseán e un dos fundadores, regresou á vila natal un ano despois para impulsar un xornal agrarista, *Verdad y Justicia*, que sería clausurado pola Dictadura de Primo de Rivera en 1924²¹⁰.

207. Ibídem.

208. “Lalín”. *El Pueblo Gallego*, 23/03/1929, p. 13.

209. Ibídem.

210. FERNÁNDEZ VIZOSO, M.: *Op. Cit.*, pp. 21-22.



Membros de Club Lalín, participando nunha festa societaria nos xardíns de “La Tropical”. La Habana, 1926.



Edificio escolar promovido polos veciños da parroquia de Alemparte coa axuda de Club Lalín

Máis adiante, iniciada a década dos trinta, seguindo a súa teima de promoción da cultura, *Club Lalín* xunto con *Hijos del Partido de Lalín* envían a Galicia ao seu secretario Jesús Puga, comisionado para entrevistarse co presidente do Seminario de Estudos Galegos, Salvador Cabeza de León, ofrecéndose a custear a publicación *Terra de Deza*, a semellanza da que estaban a elaborar por distintas comarcas de Galicia desde 1923 varios membros do Seminario²¹¹.

Noutra orde de cousas, a Sociedade tiña unha banda de música, co nome da institución dezá, que se anunciaba na prensa galega de Cuba para “amenizar toda clase de fiestas”.



Club Lalín. Almorzo en “La Tropical”, en homenaxe ao seu fundador, Jesús Iglesias.
La Habana, 1921.

211. IGREXAS RODRÍGUEZ, M.: *Op. Cit.*, p. 79.

SOCIEDADE UNIÓN DEL PARTIDO DE LALÍN DE BUENOS AIRES. A REXENERACIÓN SOCIAL MEDIANTE O LAICISMO ESCOLAR E O APOIO AO MOVEMENTO AGRARIO

O 30 de xaneiro de 1921²¹² constitúese na Arxentina outra Sociedade, provocada por unha escisión da primitiva *Hijos del Partido de Lalín*²¹³, que encabezaron Jesús Blanco, Ángel Hermida e outros asociados descontentos coa liña conservadora e a falta de compromiso político da entidade. Foron convocados no local da Federación Agraria da Estrada, na rúa Perú 359. Xuntábanse “en medio del mayor entusiasmo y con los más firmes propósitos de formar una entidad que por todos los medios posibles defienda los intereses y derechos de los agricultores de aquel terruño a fin de mejorar la situación precaria que les oprime”²¹⁴.

Desa reunión saiu unha comisión composta por sete membros, que distribuíron os cargos do seguinte xeito: Presidente, Avelino González; secretario, Victorino González; tesoureiro, Antonio Castro Santomé; vocais: Jesús Blanco, José Parada, Francisco Cacheda e Ramón González Vigide. Ademais de Blanco e González Vigide, aos que nos referiremos oportunamente, convén mencionar outros nomes que, malia non figurar expresamente nesa primeira directiva, tamén achegaron a súa colaboración. É o caso de Ángel Hermida e Manuel González Iglesias.

Ángel Hermida, natural de Donsión, estaba afiliado ao Partido Socialista Obrero Español (PSOE), era correspondente de *El Socialista* en Buenos Aires, e fundador da *Agrupación de Socialistas Españoles* da capital arxentina²¹⁵.

212. "Sociedad 'Unión del Partido de Lalín'. Auxiliar y fomento de sociedades agrarias y culturales". *Céltiga* nº 37-38, 25/7/1926, s.p.

213. NÚÑEZ SEIXAS, X.M.: *Op. Cit.* (2001), p. 119.

214. "A los residentes del Partido de Lalín en Buenos Aires". *Correo de Galicia* nº 772, 30/1/1921.

215. NÚÑEZ SEIXAS, X.M.: *Op. Cit.* (2001), p.118.

Manuel González Iglesias, coñecido como “O xastre de Lalín” pola súa profesión, foi socio fundador da nova sociedade, presidente en 1923, e membro do primeiro comité organizador da *Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales* no que actuou como secretario de actas. Ao mesmo tempo colaborou como xornalista para *El Despertar Gallego*, órgano da Federación, onde adoitó asinaba co alcume mencionado, e dirixiu a revista *El Agrario*, que promovía o Centro de Salceda de Caselas na capital arxentina, ao que tamén estivo estreitamente vinculado. Foi autor teatral afeccionado, como sinala Fernández Vizoso, e baixo o mesmo seudónimo escribiu a peza teatral *As obras magnas de Leomando*, un texto dramático no que se ridiculiza o caciquismo²¹⁶.

Volvendo á Comisión constituyente, os alí presentes redactaron un comunicado que de contado enviaron á prensa galega de Buenos Aires no que promovían a filiación á nova sociedade:

¡Camaradas de Lalín! No olvideis las estrecheces y miserias a que están sujetos los cultivadores de nuestro terruño, o sea, el terruño donde hemos nacido. Sentid como un deber, como una obligación el prestarles nuestra ayuda, a ver si con ella pueden despejar aquella situación precaria que les oprime, que es el afán que a nosotros nos ha llevado a constituir esta asociación, por lo que no dudamos concurriréis a prestar vuestro óbolo de ayuda adhiriéndoos a ella, lo que podeis hacer personalmente o por escrito en nuestra secretaría provisoria. Méjico 1152.²¹⁷

Unión del Partido de Lalín (en diante *UPL*), que nacía cun marcado carácter agrarista e de fomento do ensino laico²¹⁸ definíase de “orientación eminentemente liberal a la cabeza del movimiento redentor de Galicia”, para tentar combater “por medio de la instrucción de los niños, o colaborando con las Sociedades de carácter liberal existentes en el distrito”²¹⁹ o réxime “de caciquismo y por ende de oscurantismo imperante en España” a prol “de una sociedad más justa y equitativa”²²⁰.

216. FERNÁNDEZ VIZOSO, M.: *Op. Cit.*, p. 21. Tamén: NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *Op. Cit.* (2001), p.119.

217. “A los residentes del Partido de Lalín en Buenos Aires”. *Correo de Galicia* nº 772, 30/1/1921.

218. Un comunicado extraído de Correo de Galicia, a raíz da celebración dun festival que esta Sociedade celebrou en colaboración coa Unión Provincial Orensana a beneficio das escolas que ambas sostiñan, apuntaba que estaban “ambas sociedades empeñadas en extender el laicismo a todos los puntos de dichas regiones, con la ayuda de todos aquellos que piensan en la España futura, reivindicada [sic] y libre de opresiones”. Ver “Unión del Partido de Lalín y Unión Provincial Orensana”. *Correo de Galicia*, nº 1.065, 20/6/1926, p. 4.

219. “Sociedad ‘Unión del Partido de Lalín’. Auxiliar y fomento de sociedades agrarias y culturales”. *Céltiga* nº 37-38, 25/7/1926, s.p.

220. “A los residentes del Partido de Lalín en Buenos Aires”. *Correo de Galicia* nº 772, 30/1/ 1921.

O seu subtítulo, “Auxiliar y de fomento de sociedades agrarias y culturales en el partido [judicial]”, adianta de forma más ou menos precisa uns obxectivos que se recollen textualmente nos seus *Estatutos*: adquirir e construir edificios para escolas e sociedades agrarias, crear e sostener bibliotecas populares; organizar cursos e conferencias para ensinar materias especiais²²¹, ou como sintetiza a expresión recollida en *El Despertar Gallego*, “intensificar la cultura del pueblo a través de una acción cultural y política”²²². A nova Sociedade defende o ensino laico e diferencia co adxectivo “civiles” ás súas escolas, fronte ao resto de centros públicos espallados pola comarca que, na súa meirande parte, funcionaban baixo o control do clero local.

A súa aparición foi recibida con satisfacción e esperanza por parte dos sindicatos agrarios de Lalín, en especial a Sociedad de *Agricultores de Gresande*. O seguinte parágrafo expresa a alegría dos agrarios da parroquia ao poder contar co respaldo dos emigrados nas súas reivindicacións:

Sean nuestras primeras líneas dedicadas a saludar fraternalmente a todos los luchadores que en la prensa y en las sociedades laboran por el mejoramiento de la clase, y en especial a usted, señor presidente, y demás compañeros que integran la sociedad, que a pesar de estar tan lejos de nosotros conviven con sus vecinos de algún día en la lucha diaria por redimirnos de un caciquismo absorbente, tiránico y despótico.²²³

Nesa carta, os asinantes, José Peña Surribas e Manuel Vigide Fondevila, queixábanse da “persecución atroz” que padecían os dirixentes agrarios por parte do poder político local: “Los caciques se dan cuenta de que la unión de las sociedades dará al traste con su poderío y por eso no descansan en sembrar cizaña y hacer coacción, cosa que no fructificará, porque sus sembradores son gente conocida por sus azañas”. Peña Surribas e Vigide Fondevila relataban cómo a garda civil intentou prendelos cando estaban a punto de reunirse para constituir a Federación de sociedades agrarias de Lalín: “nos marchamos de allí y nos reunimos en el monte, en donde se acordó que nuestro compañero Ramón Fernández confeccionase el reglamento, el que está hecho y aprobado por todas las sociedades”.

221. Galicia, Buenos Aires, 26 de setembro de 1937. Citado por NÚÑEZ SEIXAS, X.M.: “Americanos revolucionarios ou indianos reformistas?. Sobre os emigrantes e a política na Galicia da Restauración (1900-1923)”. *Anuario Brigantino*. N° 17, ano 1994, p. 195.

222. “Sociedad Unión del Partido de Lalín”. *El Despertar Gallego* n° 30, 1/6/1924, p. 3.

223. “Unión del Partido de Lalín”. *Correo de Galicia*, nº 819, 25/12/21, p. 2.

A acción agraria comezou a organizarse coa axuda dos emigrados. Non ahí que esquecer que, como comenta Hervés Sayar, a gran expansión do agrarismo galego non confesional nestes anos debe relacionarse co papel desempeñado polos emigrantes. Moitos deles retornados, como o caso que nos acupa, con certa experiencia nas loitas sociais das áreas urbanas onde maioritariamente se instalaron, tiñan colaborado dun xeito decisivo na difusión de novas ideoloxías nas parroquias de orixe e no nacemento do societarismo campesiño²²⁴. Neste sentido, eran comúns na comarca os manifestos alertando aos agricultores para non seren víctimas da presión do riestrismo, dos enganos dos falsos agraristas, ou do control exercido desde os púlpitos. Campañas que continuaría o réxime de Primo de Rivera. Como por exemplo a que organizaron en Prado co gallo de Día da Raza, en outubro de 1924, presidido polo Gobernador Civil de Pontevedra, na que falaron entre outros, o vicepresidente da Deputación de Ourense, Salgado Biempica, que continuou cun banquete popular ao que asitiron más de cen comensais.²²⁵


Quizáis, por ese motivo, o núcleo de oposición máis activa que atopou *UPL* proviña do clero local, que criticaba o seu apoio á organización agraria non católica e o ideario que seguían as súas escolas. Escolas que aplicaban unha educación laica e racional, presidida por planteamentos metodolóxicos de carácter funcional. Escolas onde se educaba á infancia como primeiro paso cara a emancipación do campesiñado, e a través da acción pedagóxica trataban de contribuir á construción dunha sociedade democrática e participativa. Escolas onde se preparaba ao campesiño para ser dono da súa vida, comezando pola libertade fronte a curas e caciques, sempre celosos dos seus privilexios.

Nesta estratexia de loita anticaciquil, *UPL* tamén presta o seu apoio ao xornal *Verdad y Justicia*, fundado polos retornados, Máximo López Carral, o seu primeiro director, e Jesús Iglesias Surribas, primeiro administrador e logo director cando Máximo López regresa outra vez a Cuba²²⁶. Como indica Manuel Igrexas, a Sociedade acepta a corresponsalía en Buenos Aires e publica os seus acordos e algúns manifestos nas súas páxinas.

224. HERVÉS SAYAR, e.: “El movimiento agrarista gallego”. *Historia de Galicia*, Tomo IV. Vigo, Faro de Vigo, 1991, p. 870.

225. *El Pueblo Gallego*, 24/10/24, p. 8.

226. IGREXAS, M.: *Op. Cit.*, p. 74.



Edificio da escola “Ramón González Vigide”, promovida pola Sociedade Unión del Partido de Lalín na parroquia de Gresande, que se inaugurou o 1 de novembro de 1922.



Outra vista da escola no seu estado actual

Educación laica, funcional e gratuita

Segundo estes principios chega a aprobar en asemblea o 22 de xaneiro de 1922 a creación de tres escolas: unha en Gresande, outra en Donsión e unha terceira no concello de Silleda²²⁷, así como o regulamento escolar que habería de rexilas: “la primera se procurará que funcione ya en el corriente año, facultándose a la C.D. para que haga los trámites necesarios a ese fin. En cuanto a las dos últimas, fueron votadas en principio y se irán implantando a medida que los recursos lo permitan”.

E os recursos, sempre escasos para unha sociedade modesta, so permiten, ao final, a creación de dúas escoliñas de ensino gratuito, ás que podían concorrer todas as persoas de ambos sexos²²⁸ sen outra limitación que a súa idade: “A las escuelas diurnas, de los seis a los catorce años cumplidos; y a las nocturnas de los catorce años cumplidos en adelante”²²⁹. Unha das escolas ubicouse no lugar de Porreiros, parroquia de Gresande, e a outra en Prado. Ambas colaboraron intensamente coas respectivas sociedades agrarias das súas parroquias, a *Sociedad de Agricultores, Oficios y Profesiones de Gresande e a Sociedad de Agricultores de Bendoiro*, de tal xeito que a administración de cada unha delas corría a cargo dunha comisión formada por tres veciños afiliados ás propias sociedades.

A primeira inauguouse o 1 de novembro de 1922 co nome de “Ramón González Vigide”, en homenaxe a un dos fundadores da entidade e activo militante do movemento agrario na comarca²³⁰. González Vigide nacía en 1854 no lugar de Quintá, na parroquia de Cristimil. Como tantos outros lalinenses, colleu o camiño da emigración a Arxentina. Alí entrou en contacto co movemento sindical de orientación socialista, onde se fixo militante, e participou activamente na constitución de *UPL*. González Vigide colaborou co movemento agrarista comarcal desde América, e máis tarde, coando retornou:

Dotado de regular capacitación y con amplios conocimientos del problema social que afectaba a la población, ampliados en su estancia en estos países de América, especialmente en Montevideo, emprendió este hombre de fuerte espíritu la doble tarea de educar a los niños poniendo escuela y la de asociar al

227. “Unión del Partido de Lalín”. *Correo de Galicia* nº 826, 12/2/ 1922, p. 4.

228. Sociedad Unión del Partido de Lalín: *Reglamento de las Escuelas de la Sociedad “Unión del Partido de Lalín”*. Santiago, Tipografía La Comercial, 1922. art. 1, p. 3. Exemplar que debo á amabilidade de Manuel Igrexas.

229. Ibid., art. 16 “De la edad escolar e inscripción”, apdo. “b”, p. 13.

230. IGREXAS, M.: *Op. Cit.*, p. 70.

vecindario en una organización, fundando la Sociedad de Agricultores, Oficios y Profesiones de Gresande en enero de 1909, frente a un ambiente hostil lleno de oscurantismo y de prejuicios religiosos.²³¹

Naquela parroquia rexentou un comercio, como medio de vida ao regresar de Buenos Aires, ao que puxo por nome “La Honradez”. Cada Primeiro de Maio encargábase de organizar unha festa na escola de Gresande, consistente nun variado programa de actividades culturais e políticas. González Vigide morreu o día 4 de agosto de 1931 aos 77 anos.

E como indica Manuel Igrexas, conscientes na parroquia do alcance que tiña o labor educativo que ían a desenvolver os de América, envían unha carta desde Gresande á Sociedade de Buenos Aires agradecendo a creación da escola, a única vía posible para emanciparse e saír, segundo os asinantes, da inmadurez que provocaba a propia ignorancia:

Agradecidos por la creación de la escuela Nro. 1 de Santiago de Gresande, y considerando el gran estusiasmo que demuestran en poner fin a los analfabetos de esta comarca, único medio para engrandecer nuestra patria y hacer a los hombres felices con la instrucción. Pues, el hombre que no sabe leer ni escribir está destinado a representar toda su vida, en medio de sus semejantes, el papel de un niño; a los treinta años lo mismo que a los diez estará todavía en tutela; seré preciso que algún otro piense, hable, lea, escriba, cuente por él; haga sus negocios y le dirija en sus consejos. El nacer pobre es considerado como una desgracia y el primer remedio para socorrerla es instruirse, porque la persona que tiene un fondo de educación, se estima a si mismo y le estiman más los que la conocen.²³²

A segunda escola comezou a funcionar o 12 de decembro de 1923. Denominouse “Manuel Curros Enríquez”²³³ como homenaxe “al excelso poeta gallego que supo cantar las rebeldías que han de hacer de Galicia un pueblo libre y progresista”. Pero o nome do escritor galego é o único que permanece, pois o edificio derrubouse a raíz da reforma educativa de 1970 e a reagrupación escolar. No seu lugar edifícouse o actual Colexio Público de Prado.

231. Acción Gallega, nº 70, 20/9/1931.

232. “Publicación de una carta”. *El Despertar Gallego*, 6/7/1924.

233. A creación e inauguración desta segunda escola “sigue a demostrar el firme propósito de esta sociedad de no desmayar hasta conseguir el exterminio del analfabetismo en el Partido de Lalín”: *El Despertar Gallego*, nº 26, 3/2/1924.

O proxecto escolar de *UPL* estaba baseado no principio de educación funcional: había que formar aos rapaces na práctica. No seu *Regulamento* escolar indícase que “para que la enseñanza sea eficaz, ha de obtenerse despertando interés en los niños por los estudios. Para conseguirlo se hará que la enseñanza se dirija más al entendimiento que a la memoria, y que sea activa”²³⁴. Por outro lado, importábase o modelo graduado do sistema educativo arxentino: “En cada escuela la enseñanza estará dividida en cuatro grados, y éstos divididos en dos turnos, uno de mañana y otro de tarde”²³⁵ cunha duración de tres horas e media. O primeiro e segundo grao funcionaban no turno da mañá, desde as 8 h. ata as 11,30 h., e o terceiro e cuarto grao pola tarde²³⁶, desde as 13,30 h. ata as 17 h.

Existía ademais un turno para adultos, de 18 a 20 h. Unha nota publicada en *El Despertar Gallego* en 1928 poña de manifesto, entre outros aspectos, que nas dúas escolas da sociedade de Lalín estaban a funcionar as clases nocturnas para as persoas adultas de entre a veciñanza, “que dan óptimos resultados”²³⁷.

O plan de ensino estaba formado por materias como a lingua castelá, lectura; escritura e gramática, aritmética, xeografía e historia natural; nocións de xeometría, de ciencias físicas, químicas e naturais; de hixiene e fisioloxía humana, moral, debuxo. Este programa completábase con traballos manuais, agricultura, exercicios corporais, principios de Dereito, e instrucción cívica²³⁸. A entidade tiña deseñado un programa específico para cada grao, prescribindo que non se impartira ningunha materia que non figurase no plan de ensino sen autorización do inspector técnico²³⁹. Engadimos, a modo de exemplo, o cadro demostrativo do Primeiro Grao:

234. Sociedad Unión del Partido de Lalín: *Reglamento de las Escuelas de la Sociedad “Unión del Partido de Lalín”*. Santiago, Tipografía La Comercial, 1922. Art. 4, apdo. “a”, p. 10.

235. Ibid., art. 2º, apdo. “a”, p. 11.

236. Ibid., apdo. “b”.

237. “S. U. del Partido de Lalín”. *El Despertar Gallego* nº 108, 9/10/1927, p. 8.

238. Sociedad Unión del Partido de Lalín: *Reglamento de las Escuelas de la Sociedad “Unión del Partido de Lalín”*. Santiago, Tipografía La Comercial, 1922. Art. 5, p. 4.

239. O Primeiro Grao constaba de: “Geometría, Lectura, Escritura, Aritmética, Nociones generales (principios rudimentarios de historia natural y cosmografía), Higiene, Ejercicios Físicos, Trabajo Manual, Agricultura, Moral”. O Segundo Grao: “Lectura, Historia, Lengua Castellana, Escritura, Gramática y Geometría (primeras nociones), Aritmética. Dibujo, Geografía (primeras nociones), Nociones generales ampliando las de primer grado, Ejercicios Físicos, Trabajo Manual, Moral, Agricultura, Higiene”. O Terceiro Grao: “Lengua Castellana, Lectura, Escritura, Gramática, Aritmética, Geometría, Geografía, Historia, Higiene, Nociones de Ciencias Físicas, Químicas y Naturales, Higiene y Nociones de Fisiología Humana, Ejercicios Físicos, Trabajo Manual, Agricultura, Moral, Dibujo” e o Cuarto Grao configurábase como un curso de ampliación “al alcance de los a lumnos todas las materias del tercer grado agregando ‘Principios de Derecho’ e ‘Instrucción Cívica’”. Ver, Sociedad Unión del Partido de Lalín. *Reglamento de las Escuelas de Sociedad “Unión del Partido de Lalín”*. Santiago, Tipografía La Comercial, 1922. Art. 5, p. 5.

Cadro horario no Reglamento de las Escuelas de la Sociedad "Unión del Partido de Lalín"						
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Horario
Aritmética	Aritmética	Aritmética	Aritmética	Aritmética	Aritmética	0,30 min.
Xeometría	Escritura	Xeometría	Escritura	Xeometría	Escritura	0,30 min.
Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	0,10 min.
Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	Lectura	0,30 min.
Anat. Hixie.	H ^a Natural	Fís. Quím.	Anat. Hixie.	H ^a Natural	Fís. Quím.	0,30 min.
Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	0,10 min.
Trab. Man.	Ex. Físicos	Agricultura	Debuxo	Moral	Agricultura	0,30 min.
Deberes	Deberes	Deberes	Deberes	Deberes	Deberes	0,30 min.

Fonte: Sociedad Unión del Partido de Lalín. *Reglamento de las Escuelas de la Sociedad "Unión del Partido de Lalín"*. Santiago, Tipografía la Comercial, 1922, p. 6.

As materias con maior carga docente eran a aritmética e a lectura, con tres horas semanais divididas en sesións de trinta minutos. Seguían en importancia, segundo este criterio, a xeometría e a escritura, con media hora; noutro nivel estaban a historia natural, a física e química, a anatomía e hixiene, e a agricultura, ás que dedicaban unha hora semanal respectivamente. Por último, os traballos manuais, os exercicios físicos, o debuxo e as ensinanzas de moral ocupaban respectivamente media hora á semana. A este tempo dedicado ás materias había que engadir outras tres horas para a realización de deberes.

Así mesmo, as materias de carácter doméstico, como os labores de cociña e o bordado tamén ocupaban un lugar no currículo. Tiñan categoría de “asignaturas” ás que se procuraba dar a meirande amplitud posible, e estaban orientadas ao alumnado feminino²⁴⁰.

A Sociedade entregaba a cada neno ou nena un certificado, asinado polo director e o Inspector técnico, onde constaba a promoción de grao²⁴¹. Ademais, prevíanse probas de recuperación para os que non superasen o curso anterior. Todos estos exercicios, despois de realizados, eran enviados polo inspector técnico, Luciano Folgar, a Buenos Aires, onde quedaban a disposición dos asociados que quixeran examinalos na secretaría da entidade²⁴².

Al iniciarse las clases el Director podrá someter a exámenes previos a los niños que hayan sido aplazados y lo soliciten, y promoverlos de grado si reunen las condiciones necesarias; estas promociones serán visadas por el Inspector y comunicadas a la Comisión local.²⁴³

240. Véxase *Regulamento da Unión del Partido de Lalín*, artigo 13, onde se especifica “De las labores de cocina y labores de niñas”.

241. Sociedad Unión del Partido de Lalín. *Reglamento de las Escuelas de Sociedad "Unión del Partido de Lalín"*. Santiago, Tipografía La Comercial, 1922, Art. 13, apdo. “g”, p. 13.

242. “Sociedad U. del P. de Lalín”. *El Despertar Gallego* nº 133, 21/10/1928, p. 4.

243. Sociedad Unión del Partido de Lalín. *Reglamento de las Escuelas de la Sociedad "Unión del Partido de Lalín"*. Santiago, Tipografía La Comercial, 1922, Art. 13, apdo. “f”, p. 13.

Xunto coas actividades estrictamente docentes, o *Regulamento* indicaba a obrigatoriedade “de organizar cada año una llamada fiesta del árbol en la que se harán plantaciones a fin de que los niños se interesen por el fomento de la riqueza forestal; y otra el primero de Mayo en homenaje al triunfo del trabajo”, na que non se programaría clases.

Sobre esta celebración existe unha referencia directa nas páxinas de *El Despertar Gallego* en xuño de 1928. Na crónica que asina un “Corresponsal improvisado”²⁴⁴ informa, entre outras cousas, que a escola civil “Ramón González Vigide” de Gresande celebrara naquela data “la fiesta escolar que todos los años realizan conjuntamente los alumnos de la escuela nombrada y los de la ‘Curros Enríquez’ con sede en la parroquia de Prado”. E reflicte varios aspectos salientables: en primeiro lugar, a regularidade da celebración do Primeiro de Maio; en segundo lugar, a colaboración existente entre os dous centros para realizar a mencionada festa. Pero evidencia patentiza as presións exercidas “por el cura y sus acólitos”²⁴⁵ de Prado sobre o mestre, para impedir que a escola acudira ao festexo:

Para la organización de la fiesta se tropezó con obstáculos, los más marcados de parte de algunos miembros de las autoridades y maestro de la de Prado, pero todos fueron vencidos, gracias a la tenacidad del maestro de la de Gresande y la de algunos miembros de la comisión administradora de esta escuela que supieron colocarse a la altura de las circunstancias. (...) El profesor Manuel González Rodríguez, joven culto y entusiasta, dio una conferencia alusiva al 1º de mayo y a la fiesta que se realizaba: tuvo palabras y expuso conceptos elogiosos para los de América. (...) Los alumnos recitaron poesías y cantaron canciones alusivas al acto con una perfección admirable.²⁴⁶


Outro aspecto que aparece no programa de estudos é a celebración de conferencias de carácter pedagógico. Os mestres dictaban, polo menos dúas veces por mes, unha conferencia aberta ao público, no local da escola, sobre temática variada: “Organización y funciones de las comunas (Ayuntamientos); formas tributarias del pueblo; sobre el valor y uso del sufragio por el pueblo, sobre civismo, agricultura, higiene y moral”²⁴⁷. Esta actividade de carácter divulgativo, que adoito coincidía no horario das clases para adultos, tamén se celebraba no marco dalgunha festivididade sinalada, ou durante as campañas políticas.

244. Non descartamos que a súa autoría se debera ao Inspector Luciano Folgar.

245. “Desde Lalín. Por correspondencia”. *El Despertar Gallego* nº 126, 1/7/1928, p. 5.

246. Ibidem.

247. Sociedad Unión del Partido de Lalín. *Reglamento de las Escuelas de la Sociedad “Unión del Partido de Lalín”*. Santiago, Tipografía La Comercial, 1922. Art. 20, p. 15.



Ramón González Vigide, membro fundador e destacado dirixente da Sociedade Unión del Partido de Lalín.



Edificio da escola “Manuel Curros Enríquez”, promovida pola Sociedade Unión del Partido de Lalín na parroquia de Prado, que se inaugurou o 12 de decembro de 1923.

UPL contratou para a escola de Gresande ao profesor Manuel Sánchez en 1923, a quen Jesús Blanco, por medio da Comisión Directiva, facía as primeiras recomendaciones relacionadas co funcionamento da escola e das relacións entre as diferentes partes interesadas. Así, por exemplo, pedía a axuda do mestre naquel proxecto e a súa valentía, “pues esto sólo lo pueden hacer los maestros que como Vd. se pongan al servicio de la verdad y rompan sin vacilación con la tradición de la enseñanza que se viene suministrando a los niños”²⁴⁸.

Con respecto á metodoloxía docente, indicaba que procurara “no molestar a los alumnos demasiado con clases de memoria, pues hay que hacerles comprender en lo posible lo que estudian, por eso hay que cuidarse más del entendimiento que de la memoria”. Así mesmo, recomendaba “que la moral reine en la escuela, pues esta será la prenda de más valor de las escuelas civiles, la que deberá estar basada en el respeto reciproco y no en el temor”.

Tamén deron clase Manuel González Iglesias, que o fixo entre 1926 e 1928, coñecido como Manuel Casamaro, o alcume da súa familia e Rogelio Silva, entre 1932 e 1934, data na que falece.

Pola súa parte, na escola de Prado figuran Ramón Recamán e Arturo Gil Boado. Eles foron, en etapas sucesivas, os mestres encargados da actividade lectiva. Recamán dictaba clases entre 1924 e 1928²⁴⁹, e Gil Boado fixoo a partir desa data até a súa clausura, no ano 1936.

A sociedade prestaba unha gran importancia á aptitude pedagóxica dos seus profesores. Consideraba que a verdadeira motivación do alumnado dependía do traballo realizado polo mestre; por outro lado, este debía ser un exemplo na súa conducta diante dos rapaces:

El maestro debe considerarse como un amigo y compañero de los educandos, e imponerse por sus condiciones morales. Para conservar el ascendente moral que necesita para dirigir con acierto y provecho a sus alumnos, debe observar una conducta intachable y consagrarse con el mayor cariño a su profesión.²⁵⁰

248. Carta remitida por José Blanco ao mestre Manuel Sánchez, en setembro de 1923. Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega.

249. Recamán foi contratado pola Sociedade Pro Escuelas en Bandeira, e dirixiu aquela escola entre 1930 e 1933. En setembro de 1935 aparece como cursillista en Pontevedra (*El Pueblo Gallego*, 20/9/1935, p. 13.) e supera o primeiro exercicio de oposiciones naquela ocasión (*El Pueblo Gallego*, 16/10/1935, p. 12).

250. Sociedad Unión del Partido de Lalín. *Reglamento de las Escuelas de la Sociedad “Unión del Partido de Lalín”*. Santiago, Tipografía La Comercial, 1922. Art. 9, Apdo. “c”, p. 11.

Entre as obrigas dos profesores das escolas de Bendoiro e Prado figuran a de controlar ao alumnado no aspecto de puntualidade e asistencia, velar polos intereses escolares “siendo responsable de los útiles que se confie a su custodia”²⁵¹; observar o cumprimento das normas que dictaba o propio *Regulamento*, avisar anticipadamente sobre as ausencias, así como comunicar coa suficiente antelación a baixa no posto. Ademais do xa mencionado compromiso de pronunciar, polo menos dúas veces por mes, unha conferencia no local escolar.

Por outro lado, como xa se ten apuntado, a organización dos centros contaba cos servicios do inspector técnico Luciano Folgar. Este viña atendendo a inspección das escolas de *Hijos de Silleda*, e se incorpora ao seu cargo a instancias de Antón Alonso Ríos no inicio do curso 1922-1923²⁵². Exerceu como mestre na escola “Rosalía de Castro” ata finais dos anos 20. Posteriormente pasou á escola “Francisco Giner de los Ríos” ata 1932. Ao mesmo tempo foi o encargado de organizar en Galicia a posta en funcionamento de varias escolas creadas polas sociedades que formaban parte da *Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales*, baixo os criterios de Alonso Ríos. Aparte das que acabamos de mencionar, organizou as das sociedades *Nueva Era de Vilanova*, *Cultural del Pino*, *Pro Escuelas en Bandeira*, *Cultural de Moraña* e *Mutualista y Pro Escuelas de Caldas de Reyes*.

Con respecto aos salarios, os lalinenses tiñan establecido que os profesores haberían percibir “un sueldo inicial igual al que percibían los maestros de las escuelas del Estado, (según su categoría)”²⁵³, que podía ser incrementado en 25 pta. aos cinco anos, e nunha cantidade similar aos dez anos de servizo. No ano 1923, os profesores das escolas da UPL cobraban 2.250 pta. anuais²⁵⁴. En outubro de 1927 unha nota de *El Despertar Gallego* indicaba entre outras cousas que o seu salario era de 400 pta. mensuais²⁵⁵.

Outro aspecto que merece atención refirese ao rexiteitamento dos castigos. O seu *Regulamento* indicaba que “la idea de los castigos corporales debe quedar eliminada en absoluto de la educación, sólo deben aplicar aquellos correctivos de alcance moral que tiendan a corregir errores, y nunca como una venganza de las

251. Ibid., p.15.

252. Copia da misiva dirixida ao Presidente de UPL con data 23 de agosto de 1923. Arquivo da Emigración Galega, Consello da Cultura Galega.

253. Sociedad Unión del Partido de Lalín. *Reglamento de las Escuelas de la Sociedad “Unión del Partido de Lalín”*. Santiago, Tipografía La Comercial, 1922. Art. 18, p.14.

254. Carta remitida por José Blanco ao mestre Manuel Sánchez, en setembro de 1923. Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega.

255. “S. U. del Partido de Lalín”. *El Despertar Gallego* nº 108, 9/10/1927, p. 8.

faltas cometidas”²⁵⁶. Tal e como nos quere dicir, a práctica de correctivos, sempre leves, tiña como obxecto tratar de modificar conductas non adecuadas, antes que reprimir ou atemorizar diante dunha actitude incorrecta. Por iso, no exercicio do seu cargo, o mestre debía infundir confianza respectando certa marxe de liberdade, que resultaba, por outro lado, inherente á natureza infantil, como premissa indispensable para poder construír unha sociedade de homes libres:

Ah! la escuela libre, con el niño libre! ¡Cuándo veremos esto! muchos entienden por escuela libre la enseñanza libre de... frailes. Eso es algo, pero muy poco, no basta. Hay que hacer escuelas libres, donde el niño sea libre y libre sea la enseñanza y sea libre el maestro. Educad hombres libres si queréis que la sociedad lo sea. Y para esto es preciso ante todo, no confundir enseñanza con educación, saber con valer. No pretendemos hacer sabios, sino hombres de mente sana y de corazón bueno, capaces de discernir, capaces de querer y hacer.²⁵⁷

Para a escola Ramón González Vigide foi habilitado un local xa existente. A Sociedade fixo o esforzo de adaptar unha vivenda particular, cedida por Manuel Dobarro Vidal²⁵⁸, ás necesidades educativas, e malia ser habilitada por aquela época para acoller aos rapaces da parroquia, padece as insuficiencias que se deducen dun local antigo, circunstancia que debe xustificarse debido á “escasez de recursos materiales”²⁵⁹ da propia institución. Aínda así, a asemblea celebrada o 15 de abril de 1923, decidira iniciar unha colecta para construir un edificio escolar en Gresande²⁶⁰, que nunca chegaría a realizarse.

No caso da Escola Manuel Curros Enríquez, o inmoble foi derrubado para construir o actual Colexio Público. Segundo os testemuños de varios ex-alumnos, o local orixinario era de dúas plantas, de pedra de cantería, con aulas separadas para nenos e nenas no mesmo edificio e un patio frontal para recreo. Na planta alta ubicábase a vivenda do mestre. As aulas contaban con aceptables condicións de habitabilidade, con amplitude de locais, luz abundante e servicios hixiénicos separados. Aparte dos medios achegados pola Sociedade en Buenos Aires, e a contribución mediante diferentes traballos por parte dos veciños de Prado, o terreo foi doado por unha benfeitora de nome María Ignacia, coñecida

256. Sociedad Unión del Partido de Lalín. *Reglamento de las Escuelas de la Sociedad “Unión del Partido de Lalín”*. Santiago, Tipografía La Comercial, 1922. Art. 9, apdo “b”, p. 11.

257. ELAM RAVEL: “La educación”. F.I.G., nº 17, 31/12/1910, p. 6.

258. Veciño do lugar de Porreiros, que emigra a Buenos Aires en 1895.

259. “Sociedad ‘Unión del Partido de Lalín’. Auxiliar y de fomento de Sociedades agrarias y culturales”. *Céltiga*. N° 37-38, 25/7/1926, s.p.

260. “Unión del Partido de Lalín en Buenos Aires”. *Correo de Galicia*, 13/4/1923.

como *Señora de Eirexe*. A ela asistían os escolares da citada parroquia e os de Bendoiro.

A Escola Ramón González Vigide contaba con diverso material, entre o que salienta unha mesa para o profesor sobre tarima, pupitres bipersoais para os alumnos; unha modesta biblioteca, así como encerado, un braseiro de leña e percheiros²⁶¹. Entre os obxectos de parede, o reloxo, unha Bandeira de España, un calendario e unha colección de mapas variados²⁶².

Formando parte dos utensilios destinados ao traballo escolar para uso individual dos alumnos asistentes²⁶³, subministrados de forma gratuita pola Sociedade figuraban tinteiros, frascos de tinta, plumas, pizarras individuais, pizarríns, cadernos de exercicios de cálculo, cadernos de exercicios de escritura, cadernos de debuxo administrados por mes, unha Enciclopedia escolar e diversos textos manuscritos²⁶⁴.

Con respecto á Escola Manuel Curros Enríquez, varios ex-alumnos coinciden en sinalar unha dotación similar de material para este Centro. Ademais, ambas escolas contaron con máquinas de escreber, enviadas pola sociedade previa solicitude de Luciano Folgar, e tamén do propio mestre²⁶⁵. O material escolar, que sufragaba a entidade, subministrábase directamente desde Buenos Aires, e para iso, esta organizaba periodicamente diferentes actos onde se reunían os dezaos asociados, e o resto da colectividade.

Como exemplo, pódese citar o festival campestre familiar que se organizou na quinta denominada “Blanco”, no número 20 da rúa Blanco Escalada, “en homenaje a los alumnos de las escuelas laicas que esta sociedad sostiene en Gresande y Prado” para o día 18 de decembro de 1927, patrocinada pola Comisión de Festas, formada na altura por Eladio González, Ramón Rodríguez, José Mato, Manuel B. Núñez, Marcelino González e Manuel Varela (ver Anexo VIII) .

Como indica Núñez Seixas, “manter as escolas era, para unha sociedade de entre 150 e 200 asociados, problemático: os aforros da entidade fóreronse gastan-

261. Segundo o testemuño achegado en entrevista realizada o 14 de abril de 1993 en Gresande a Victorina Toimil Dobarro, alumna da escola durante a época estudiada, posteriormente emigrante na Arxentina.

262. Segundo o testemuño achegado en entrevista realizada o 14 de abril de 1993 en Gresande a Manuel Toimil Dobarro, veciño de Porreiros.

263. Segundo o testemuño de Manuel Toimil Dobarro.

264. Material enumerado mediante cuestionario tipo, pasado a Victorina Toimil Dobarro e Manuel Toimil Dobarro, alumnos da escola de Gresande, e a Luis Cuña Fondevila, María Lamas e Pedro Cachedo, alumnos da escola de Prado, en abril de 1993.

265. “Las escuelas que sostiene la S. Unión del Partido de Lalín. Impresiones de un viajero”. *El Despertar Gallego* nº123, 20/5/1928, p. 2.

do en pouco tempo, non ingresaron novos socios na cantidade desexada, e o manteñer as dúas escolas entre soldos e alugueiros supuña uns 2.300 pesos arxentinos por ano, mentres a entrada anual por cotas era de 2.400 pesos". Para sostener o seu proxecto nunhas condicións dignas, víase obrigada a soportar un déficit anual de 800 pesos, e os incrementos de cotas (un peso mensual por socio) non eran viábeis"²⁶⁶.

Unha nota de difusión da propia entidade que aparece no xornal *Correo de Galicia* en xullo de 1928 advirte que "como es del dominio de los asociados, los recursos con que cuenta la sociedad son escasos. Habiendo tenido que girar el dinero para los pagos del año escolar que terminó, la C.D. se vio obligada, como en años anteriores, a apelar a la generosidad de sus miembros para que le anticiparan parte de los recursos necesarios". Mais adiante indica: "Precisamos también aumentar el material escolar de enseñanza, y para ello es necesario los recursos. Así pues, procuremos todos los asociados hacer la mayor propaganda posible a fin de consolidar la obra emprendida y extenderla a otras parroquias"²⁶⁷.

UPL dedicaba á Biblioteca escolar unha gran importancia. Esta debía funcionar baixo a inmediata responsabilidade do director da escola e a Comisión Local. Especificaba que os libros podían ser facilitados en préstamo, e promovíase súa utilización no propio local. Ademais, pensando especialmente nos mozos e adultos de entre a veciñanza, "con el fin de retirarlos de las tabernas y otros sitios de corrupción", a biblioteca debía facer unha activa propaganda, proporcionar todo tipo de lectura e centrar alí a distribución do correo, ofrecendo un lugar alternativo de reunión.

As escolas debían funcionar como axentes sociais para o cambio, como *viveiros* onde habían de medrar os futuros agricultores: profesionais capacitados e ao mesmo tempo cidadáns concienciados. Como o mesmo Jesús Blanco escribía contra 1931 nun manifesto a favor da II República, "capacitando a las masas productivas para el ejercicio de la ciudadanía dentro del campo político"²⁶⁸; para desterrar do medio rural o atraso que os mantinha nunha situación de estancamiento socioeconómico. Unha idea que apuntaba desde o voceiro federal:

El empeño que pone la sociedad Unión del Partido de Lalín para extirpar gradualmente, a medida que su capacidad se lo permita, la ignorancia en que nuestros gobiernos nos han tenido a medida en que se ha ido sucediendo suministrándonos la instrucción, es decir, la arcaica instrucción y poco menos que nula, como un artículo de lujo en que el pobre, o los del trabajo rudo del campo no tienen derecho.²⁶⁹

266. NÚÑEZ SEIXAS, X.M.: *Op. Cit.* (2001), p.121.

267. "Sociedad Unión del Partido de Lalín. Informe oficial sobre las escuelas". *Correo de Galicia* nº 1171, 13/7/28, p. 4.

268. Véxase o contido completo en NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *Op. Cit.*, (2001), pp. 128-131.

269. "Unión del Partido de Lalín". *El Despertar Gallego* nº 47. 1/3/1925,



Iglesias Surribas, cun grupo de amigos na Festa do Corpiño en 1923.



Anuncio insertado na revista Céltiga polo xastre Blanco, directivo de Unión del Partido de Lalín.
Buenos Aires, 1925.

Tanto a escola de Prado como a de Bendoiro contaron cunha nutrida matrícula, en constante ascenso a medida que foi arraigando a súa implantación, e os pais do alumnado tiveron que afrontar as presións daqueles que receaban do que alí se facía. Unha nota de prensa de Correo de Galicia indicaba, en xuño de 1924, que asistían 84 alumnos á escola de Prado e 136 á de Gresande, entre os 6 e os 33 anos²⁷⁰. *El Despertar Gallego* informaba en abril de 1925, entre outras cousas, que na escola de Gresande os alumnos sumaban 108 nos tres turnos²⁷¹. Outra nota do mesmo xornal dous anos despois, no curso 1926-27, falaba de 290 rapaces²⁷². En 1928 *Correo de Galicia* indicaba que a inscripción de alumnos que remataba o 30 de xuño dese ano era de 300 nas dúas escolas, repartidos nos dous turnos que funcionan para menores e o nocturno para adultos²⁷³. A cifra dos matriculados aquel curso non coinciden co que informa o xornal, pero pasa dos douscientos, o que de todos xeitos representa unha matrícula considerable para unha escola rural, e amosa o éxito da súa implantación.

Ese mesmo ano, o socio fundador Ramón Rodríguez García realiza unha viaxe a Galicia e, entres outras actividades, dedica unha xornada a visitar a escola de Gresande. Sobre esta visita opina que “es un modelo de organización. De ambas hay que esperar grandes frutos en materia de enseñanza, pues he podido comprobar el adelanto de los alumnos en las distintas materias”²⁷⁴. Con respecto ao mestre -probablemente referíase a Manuel González Rodríguez-, o visitante resaltaba que “se desempeña muy bien. Demuestra mucho interés por la instrucción de los alumnos. Me demostró que desea contribuir con su acción a la generosa obra de los sostenedores de las escuelas”. Ao tempo, o mestre non desbotou a oportunidade para solicitar do dirixente da Sociedade un necesario encargo: “me hizo notar que sería de mucha utilidad poder enseñarles a escribir a máquina a los alumnos adelantados, y que cuando nos fuera posible procurásemos dotarla de alguna máquina de escribir y de algunos otros elementos de enseñanza”. E tomouse aquel encargo con dilixencia, pois en setembro dese ano *El Despertar Gallego* informaba aos asociados: “continúa abierta la suscripción iniciada para dotar a nuestras escuelas de máquinas de escribir y útiles de enseñanza, la que alcanza la importante suma de 138 pesos”²⁷⁵.

270. “Soc. Unión del Partido de Lalín en Buenos Aires”. *Correo de Galicia* nº 947, 1/6/1924, p. 4.

271. “Sociedad Unión del Partido de Lalín en Bs. Aires”. *El Despertar Gallego* nº 49, 5/4/1925.

272. “S. U. del Partido de Lalín”. *El Despertar Gallego* nº 108, 9/10/1927, p. 8.

273. “Sociedad Unión del Partido de Lalín”. *Correo de Galicia*, nº 1173, 1/7/1928, p. 4.

274. “Las escuelas que sostiene la S. Unión del P. De Lalín. Impresiones de un viajero”. *El Despertar Gallego* nº 123, 20/5/1928.

275. “Sociedad U. del Partido de Lalín”. *El Despertar Gallego* nº 130, 2/9/1928. Sobre este asunto, cómpre referenciar que desde Cuba, a Sociedade Club Lalín tamén xira a cantidade de 25 dólares como con tribución a dita subscrpción: “S. U. P. de Lalín”. *El Despertar Gallego* nº 144, 7/4/29.

A Federación de Sociedades

UPL integrouse na *Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales*, da man dun dos seus elementos máis activos, o socio fundador Jesús Blanco. E alí participou nun proxecto educativo progresista de corte laico e republicano, inspirado polo mestre silledán Antón Alonso Ríos. *A Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales (FSGAC)* nacía o 24 de setembro de 1921²⁷⁶ como resultado da progresiva politicización das sociedades de emigrantes. “Las instituciones de nuestra colectividad eran núcleos carentes de ideas y de principios y su acción se limitaba a la ayuda mutua, las mejoras, y a una labor ‘recreativa’ rigurosamente estéril, cuando no perniciosa, al resto de los demás”, escribía Alonso Ríos anos máis tarde en *El Despertar Gallego*. Por iso, continuaba, “la aparición de nuestra institución en el páramo ideológico de la colectividad ha constituido una novedad y un grito de esperanza y de reivindicación”²⁷⁷.

A FSGAC nacía sobre os piarezos do liberalismo, o laicismo e o progresismo, unha urdime ideolóxica que áinda se remataría de tecer co fio do republicanismo e do agrarismo para atopar, anos despois, na veta galeguista a verdadeira trama da súa actuación futura. Ao tempo, amosaba unha postura extremadamente crítica e combativa coa dictadura do xeneral Primo de Rivera e a sociedade que a sostiña, á que o propio Alonso Ríos, desde as páxinas de *El Despertar Gallego* definiña en 1926 como “esa España funesta de héroes de cartón pintado, reyes monigotes y aristócratas sodomitas, que aguanta y aplaude desde hace ahora tres años, la tutela vergonzosa de soldados cobardes y de frailes y curas corrompidos”²⁷⁸.

Jesús Blanco e Alonso Ríos coincidiron en esencia con aquel proxecto, até que ambos líderes comezaron a distanciarse debido ás diferencias relacionadas coa paulatina deriva do silledán cara o galeguismo, apoiado por Blanco Amor, fronte ao manifesto antigaleguismo de Blanco, máis orientado ao socialismo. Natural de Cristimil e xastre de profesión, Blanco emigrou a Buenos Aires con-

276. Reuníronse nun local da rúa Lima, nº 247, “un núcleo de gallegos de espíritu democrático, representantes de otras tantas sociedades agrarias, culturales y mutuas: Residentes de Outes, Residentes de Cuntis, Agraria de La Estrada, Hijos de Silleda, Hijos de Poyo, Comité Agrario de Puenteareas, Centro del Distrito de Salceda, Agraria de Moraña, Unión P. de Aljón, Agraria de Moreira, Monterroso y Antas de Ulla, Unión de Mazaricos, Cultural de La Carballeira, Pro Escuelas en Bandeira, Hijos de Entienza y los periódicos El Agrario, El Bólido y la Libertad”. Ver, “Cómo nació esta entidad y quienes fueron sus iniciadores”. *El Despertar Gallego. Órgano Oficial de la Federación de Sociedades Gallegas en la República Argentina*, nº 134, 1/11/28. Pola súa parte, Sixirei paredes indica que “na orixe da federación están tres entidades pequenas pero de grande actividade: Sociedad de Moraña, Hijos de Silleda e Comité de Ponteareas. Ver, SIXIREI PAREDES, C.: Galeguidade e cultura no exterior. Santiago, Xunta de Galicia, 1995, p. 103.

277. “Los principios y la acción”. *El Despertar Gallego* nº 94, 5/3/1927, p. 1.

278. “Alcance espiritual de la Federación”. *El Despertar Gallego*, nº 82, 15/8/1926.

tra finais do século XIX, e alí foi un activo participante nas angueiras societarias dos lalinenses²⁷⁹. Así mesmo, afiliouse ao Partido Socialista arxentino, e foi colaborador ocasional do seu xornal *La Vanguardia*. Núñez Seixas defineo como “socialista de orientación reformista, fervente republicano sen simpatías por forma ningunha de galeguismo, ateo convencido, grande denunciador do fanatismo relixioso”.

Voltou a Lalín cara 1910, exercendo de dirixente agrario, e reemigrou novamente en febreiro de 1911 á Arxentina, onde desenvolveu até a súa morte unha intensa actividade societaria dentro da colectividade galaica e especialmente dezá²⁸⁰. Blanco erixiuse nun dos principais líderes dentro da FSGAC, a medios da década dos vinte, así como un dos colaboradores más frecuentes tanto do seu voceiro *El Despertar Gallego*, como máis tarde de *Acción Gallega*, órgano da Federación de Sociedades Gallegas, resultante da escisión en 1930 da primitiva federación²⁸¹.

Debido ás liortas entre ambos líderes, UPL abandona a organización federal entre 1927 e 1928. Para os de Lalín, a Sociedade estaba a ser vítima dunha campaña organizada por Alonso Ríos entre o IV e o V Congreso da mencionada Federación, polo que se sentía “mermada en sus fuerzas morales y materiales”. Esa campaña culminou ás portas do V Congreso, celebrado en novembro de 1927, a causa do voto imposto por Alonso Ríos á presenza do propio Blanco na Xunta Executiva²⁸². Comenta Bieito Alonso que esta ocasión foi o axuste de contas por parte de Blanco, acusando ao silledán de ter empregado o xornal *El Despertar Gallego*, no que era director, como instrumento ao seu servizo parainxurialo, en connivencia con outros membros da executiva. O conflicto agachaba a guerra desatada entre os dous sectores encontrados: o socialista e o republicano federalista, que rematou coa división da mencionada Federación²⁸³.

Pero isto non impede que nas terras de Deza, as escolas “Ramón González Vigide” e “Manuel Curros Enríquez” seguiran integradas na rede escolar da

279. NÚÑEZ SEIXAS, X.M.: *Op. Cit.*, (2002), p. 57.

280. IDEM: *Op. Cit.*, (2001), pp. 118-119.

281. En 1930, por problemas internos relacionados coa súa orientación -que no fondo solapaban as loitas entre socialistas e republicanos federalistas polo seu control-, a FSGAC dividíase en dúas entidades resultando, por un lado, a Federación de Sociedades Agrarias y Culturales, con maior caudal de asociados, de tendencia republicana e nacionalista, e parte do sector socialista onde permaneceu Antón Alonso Ríos; e por outro, a Federación de Sociedades Gallegas, de orientación socialista, que contaba con máis asociacións, pero menor número de adherentes, na que se integrou Blanco e a Unión del Partido de Lalín. Esta última editou o seu propio voceiro nese mesmo ano, baixo a cabecera Acción Gallega.

282. Sobre este episicio pódese consultar a obra de Xosé Manoel Núñez Seixas *O galeguismo en América, 1879-1936*. Sada, Ediciós do Castro, 1992; tamén a de Bieito Alonso Fernández Antón Alonso Ríos. *Crónica dunha fidelidade*. Santiago, Edicións Laioveneto, 1994.

283. Véxase, máis extensamente: NÚÑEZ SEIXAS, X.M.: *Op. Cit.*, (2001), pp. 123-127.

Federación, xunto con outras, xa mencionadas, da man do inspector técnico Luciano Folgar, e máis tarde o propio Alonso Ríos.

Con respecto á súa relación con *Hijos del Partido de Lalín*, da que se esgazara en 1921, volve a haber un intento de integración en 1932. Os da sociedade primitiva aducían que, toda vez que ambas pertencían ao mesmo Partido, era necesario “llegar a la fusión a fin de que no aparecieran dos sociedades ostentando la palabra ‘Lalín’ en sus denominaciones”. Pero aos ollos da *UPL*, que podía amosar unha activa traxectoria de esquerdas e de apoio á causa antiforal -fronte á feble presenza de representantes de *Hijos del Partido de Lalín* apoiando á *Acción Gallega* de Basilio Álvarez en Buenos Aires, entre 1912 e 1914²⁸⁴-, “más que el aporte social de nuestra sociedad, les interesaba lo primero”²⁸⁵, é dicir, ostentar en exclusiva o estandarte lalinense desprezando outros aspectos que tiñan que ver co plano ideolóxico. Isto xenerou un intenso debate, xa que os da *UPL* sostiñan que de integrarse novamente perderían a súa seña de identidade política, “uno de los puntos que nuestra sociedad le concede suma importancia”, polo que logo daquel intento nunca outro chegou a prosperar.

A presión da Dictadura de Primo de Rivera

O proxecto escolar de *UPL* padeceu, desde os seus inicios, a persecución de curas, caciques a ata dalgún mestre nacional afecto ao réxime de Primo de Rivera, que viña de dar o golpe de Estado en setembro de 1923. Ao tempo que a sociedade inauguraba a súa segunda escola na parroquia de Prado, en decembro dese ano, “para contrarrestar sus efectos, el cura-párroco de Bendoiro creó tres escuelas atendidas, una por el mismo, la segunda por el auxiliar y la tercera por el señor Manuel Campos”²⁸⁶. As tres pecharon pouco tempo despois “desde el momento que sus bancos no se ocupaban por falta de alumnos”.

Nesta liña, a propia *Federación de Sociedades*, na que estaba integrada a Sociedade dezá, daba a coñecer nun comunicado, desde *Correo de Galicia*, as resolucións do seu III Congreso celebrado en 1924, onde entre outras cuestións relacionadas coa política do Directorio, denunciaba “la intromisión del clero en las escuelas en perjuicio del carácter científico de la enseñanza y de la libertad de cátedra, en la familia con detrimento de la patria potestad y en el Estado con desdoro para el poder civil”²⁸⁷.

284. Ibid., pp.117-118.

285. *Acción Gallega* nº 73, 29/8/1932.

286. “Sociedad ‘Unión del Partido de Lalín’ en Buenos Aires”. *El Despertar Gallego* nº 73, 4/4/1926, p. 4.

287. “La Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales en la República Argentina. A los agrarios de Galicia”. *Correo de Galicia*, nº 931, 3 de febreiro de 1924, p. 3.

Os confrontamentos foron continuos ao longo destes anos: inspeccións arbitrárias co conseguinte peche de escolas, ocupación dos locais polos sindicatos afectos ao réxime, presións sobre os pais dos alumnos para que deixasen de enviar alí aos cativos... pero a resistencia foi notable. Por exemplo, o mestre Manuel González informaba en 1926 á Comisión Directiva que “el cura de Barcia hizo grandes esfuerzos contra la Escuela, pero ahora se calla la boca viendo la inutilidad de su predica” debido a cada vez máis familias solicitaban un lugar para os seus nenos e nenas.

Do mesmo xeito, as autoridades políticas realizaban actos para contrarrestar a influencia das escolas civís dos emigrados, como o que se organizou en Prado en outubro de 1924 para celebrar o Día da Raza. Nesta ocasión os agricultores afectos ao réxime, acompañaron ao Gobernador Civil de Pontevedra nun acto político onde tamén participou o vicepresidente da Deputación de Ourense Salgado Biempica. A festa pechouse, como non podía ser doutro xeito, cun “banquete popular, para el que están inscritos unos cien comensales”²⁸⁸

Ademais do que vimos de mencionar, utilizáronse outros métodos para boicotear o funcionamento das escolas. Entre eles, “el de organizar sermones a cargo de ‘padres’ misioneros, especialmente en el arte de enseñar y educar a su modo”. Pero felizmente todo foi inútil: “Las escuelas civiles se impusieron en una forma predominante, tal lo demuestra la cifra de alumnos que a ellas concurrieron, cifra que constantemente va en aumento”²⁸⁹. O citado mestre refería, sobre este aspecto que “De Sotolongo, parroquia fanática en exceso también empiezan a venir chicos a pesar de ser Escuela laica, la gran distancia y tener una maestra buena según dicen. De Botos también quieren venir teniendo dos escuelas”.

Este tipo de sucesos, que crearon continuas tensións entre as partes implicadas, non se deron no colexio que *HPL* mantinha por aqueles anos no edificio do *hospitallillo*. Con todo, a situación cambiou para *UPL* a partir de 1931, pois gozou da sintonía republicana nos seus planteamentos ideolóxicos, na preocupación pola mellora do ensino en todos os seus aspectos e no apoio que as súas escolas recibiron durante aquel breve paréntese. *UPL* decidiu manter as súas escolas durante esa nova etapa; outras sociedades dezás, pola contra, optaron por cederlle os locais ao Estado, como *Hijos de Silleda* ou *Pro Escuelas en Bandeira*, toda vez que os gobernos republicanos amosaban unha gran preocupación pola alfabetización dos adultos, a escolarización dos cativos e a promoción da cultura, especialmente no mundo rural.

288. “Lalín. La Fiesta de la Raza”. *El Pueblo Gallego*, 24/10/1924, p. 8

289. “Sociedad ‘Unión del Partido de Lalín’ en Buenos Aires”. *El Despertar Gallego* nº 73, 4/4/1926, p. 4.



Algúns membros de Unión del Partido de Lalín. Buenos Aires, 1925.



Antigo solar do Hospitalillo, que na actualidade ocupa o IES Ramón María Aller.

Por último, a Guerra Civil

Logo do golpe de Estado do 18 de xullo de 1936, e forzosamente clausurada a actividade nas súas escolas, *UPL* aliñase co goberno lexitimo republicano a través de diferentes manifestos e tamén, en varias ocasións, mediante a achega de colectas para as vítimas da guerra. E como primeira medida, organiza en colaboración con *Hijos de Silleda* e *Pro Escuelas en Bandeira*, unha serie de actos cívicos e culturais a favor das forzas republicanas²⁹⁰. Estes tiñan, sobre todo, un sentido solidario, distanciandose das actividades festivas que seguiron a programar algunas sociedades malia as dramáticas circunstancias que se estaban a viver²⁹¹.

Os dirixentes da *UPL* reafirmaban o seu compromiso coa República tratando de deixar patente que a súa agrupación, “nada tiene que ver con la similar ‘Hijos del Partido de Lalín’, con domicilio en la calle Moreno, a la cual hemos pedido colaboración con el fin de trabajar en pro de la liberación de nuestra España y del Gobierno Leal y nos lo han denegado, aduciendo que el estatuto Social no se lo permite²⁹². Outra sociedade, a *Unión de Residentes del Ayuntamiento de Carbia* xustificaba a celebración de actos recreativos durante a guerra porque “cuando emprendimos la tarea de unir a todos los hijos del Ayuntamiento de Carbia, no les hemos preguntado a ninguno qué ideas profesaban. [...] Entendemos por libertad de ideas respetar la de quien no piensa como nosotros”²⁹³.

A sublevación de 1936 e a posterior victoria dos fascistas truncou o pulo reformista no que fora inspirada a *UPL*, isto é: republicanismo socialista, rexeneracionismo, laicismo militante e confianza na educación como semiente de conciencia cívica. Os seus promotores , así como os mestres e todos os que nalgún momento amosaron as súas simpatías cara a Frente Popular foron brutalmente perseguidos. Foi o caso do mestre Alonso Ríos, ou do socialista Luciano Folgar, inspector das escolas da Federación de Sociedades. Outros correron peor sorte, e acabaron por ser fusilados.

A ansia de rachar definitivamente coa emigración dos máis novos e valiosos efectivos humanos do País, como a de destruír a lenda do *Eldorado americano* mediante a acción pedagóxica quedou desgraciadamente sen efecto. Do mesmo xeito, nunca poido ser cumplido o compromiso de formar unha sabia nova - “Aquellos niños que reciben instrucción en las escuelas que sostienen los gallegos de América, serán la simiente de la generación que verá para Galicia la alborada de un nuevo día”- destinada a renovar a vella árbore da sociedade civil galega.

290. Ver, por exemplo, a convocatoria conxunta para unha festa a beneficio dos nenos e nenas orfos da República, en *Galicia*, nº 586 e 587, setembro de 1938.

291. “Sociedad Pro Escuelas en Bandeira”. *Galicia*, nº 479, 1/8/1936, p. 12.

292. *Galicia*, nº 542, p. 4.

293. *Galicia*, nº 511, p. 5.

DOCUMENTACIÓN E BIBLIOGRAFÍA

I. FONTES

MANUSCRITAS E INÉDITAS

Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega

SOCIEDAD UNIÓN DEL PARTIDO DE LALÍN. *Libro de Actas*. Buenos Aires, 1921-1937, en microfilm.

SOCIEDAD UNIÓN DEL PARTIDO DE LALÍN. *Correspondencia entre a Sociedade e o Inspector D. Luciano Folgar*. 1921-1936, en microfilm.

SOCIEDAD UNIÓN DEL PARTIDO DE LALÍN. Relación de programas escolares, materiais didácticos e exercicios de escolares en microfilm.

IMPRESAS

SOCIEDAD DE INSTRUCCIÓN, PROTECCIÓN MUTUA Y RECREO HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE GOLADA: *Nuevo Reglamento*. La Habana, Imprenta “La Industrial”, 1929.

SOCIEDAD HIJOS DE SILLEDA. *Reglamento para las escuelas dictado por la Comisión Directiva de 1916-1917 y aprobado en la sesión extraordinaria del 20 de mayo de 1917*. Buenos Aires, 1917.

SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN: *Estatutos Generales de la Sociedad*. La Habana, 1939.

SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN: *Memoria y Balance General correspondiente al periodo de 1910 á 1911*. Buenos Aires, 1911, Imprenta y Encuadernación Ucha, Miyares & Cía.

SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN: *Memoria y Cuentas Generales Ejercicio 1916-1917*. Buenos Aires, 1917, Talleres Gráficos.

SOCIEDAD HIJOS DEL VALLE DEL ULLA Y SU COMARCA: *Reglamento*, La La Habana, Imp. Casa Harris, 1956.

SOCIEDAD PRO ESCUELA HIJOS DE LOÑO: *Estatutos*. Buenos Aires, 1912. Texto mecanografiado.

SOCIEDAD PRO ESCUELA HIJOS DE LOÑO: *Reglamento Escolar*. Buenos Aires [1917]. Texto mecanografiado.

SOCIEDAD PRO ESCUELAS EN BANDEIRA: *Estatutos*. Buenos Aires, Imprenta La Ibeira, 1923.

SOCIEDAD PRO ESCUELAS EN BANDEIRA. *Reglamento Escolar*. Buenos Aires, Imprenta Rudesindo López e Hijo, [1929].

SOCIEDAD UNIÓN DEL PARTIDO DE LALÍN. *Reglamento de las Escuelas de la Sociedad “Unión del Partido de Lalín”*. Santiago, Tipografía La Comercial, 1922.

Publicacións periódicas

Da Galicia emigrante

Acción Gallega. Órgano de la Federación Gallega de Sociedades. 1929-1936.
Céltiga, (Buenos Aires), 1924-1929.
Correo de Galicia (Buenos Aires), 1919-1929.
Eco de Galicia (La Habana), 1927.
El Eco de Galicia (Buenos Aires), 1906-1913.
El Despertar Gallego (Buenos Aires). 1922-1930.
Fomento de la Instrucción Gallega. Órgano de la Sociedad “Pro Escuela en Bandeira” (Buenos Aires), 1909-1911.
Galicia, (Buenos Aires), 1931-1939.
Lalín. Buenos Aires) 1946.
Nova Galicia. Buenos Aires, 1908-1922.
Revista del Centro Gallego. Montevideo, 1927.

Da Galicia Interior

El Pueblo Gallego (Vigo), 1925-1936.
Verdad y Justicia, (Lalín), 1924.
Vida Gallega (Vigo), 1909-1936.

TESTEMUÑOS PERSOAIS

Relación de informantes:

D. Andrés GRANJA, Lalínés fortemente vinculado ás Sociedades de Instrucción do Concello de Lalín. Lalín, setembro de 1991.

D. José A. GARCÍA ANTÓN, cubano de ascendencia galega e directivo de varias Sociedades. La Habana, 19-23 de outubro de 1994, e 12-24 de maio de 1997.

D. Manuel TOIMIL DOBARRO, ex-alumno da escola de Porreiros, en Gresande, fundada pola Sociedade Unión del Partido de Lalín, e veciño do mencionado lugar. Porreiros, Gresande, 12 de abril de 1993.

D^a. Victorina TOIMIL DOBARRO, ex-alumna da escola de Porreiros, en Gresande, fundada pola Sociedade Unión del Partido de Lalín, e emigrante na Arxentina. Porreiros, Gresande, 12 de abril de 1993.

II. BIBLIOGRAFÍA

ALONSO FERNÁNDEZ, B.: *Antón Alonso Ríos. Crónica dunha fidelidade*. Santiago, Edicións Laiuento, 1994.

COSTA RICO, A.: *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*. Santiago. Xunta de Galicia. 1989.

FERNÁNDEZ VIZOSO, M.: “Xornalismoe e emigración en Deza e Trasdeza”, en MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M.: *Fomento de la Instrucción Gallega*. Vigo, Ir Indo, 2002, pp. 18-19.

IGREXAS, M.: “Os emigrantes e a transformación social na Comarca de Deza. (1910-1936)”, en MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M.: *Fomento de la Instrucción Gallega*. Vigo, Ir Indo, 2002, pp. 67-86.

MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M.: “O proceso de creación das sociedades de emigrantes dezás en América. Tipoloxía e configuración organizativa”. *Descubrindo. Anuario de Estudios e Investigación nº 1*, 1999, pp. 39-58.

MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M.: “Escolas de americanos nas terras de Deza”. *Pontevedra. Revista de Estudios provinciais nº 14*, 1999, pp. 229-256.

MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M.: “As fundacións docentes dos indianos nas terras de Deza”, en Pontevedra. *Revista de estudios provinciais nº 15*, 2000, pp. 133-144.

MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M.: *A Escola da Bandeira. Unha nova escola en Galicia*. 1909-1936. Bandeira, Asociación Cultural Vista Alegre, 2000.

MALHEIRO GUTIÉRREZ, X. M.: *Fomento de la Instrucción Gallega*. Vigo, Ir Indo, 2002.

NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *Emigrantes, caciques e indianos*. Vigo, Edicións Xerais, 1998.

NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: “A parroquia de alén mar: Algunhas notas sobre o asociacionismo local galego en Buenos Aires (1904-1936). *Semata. Ciencias Sociais e Humanidades* nº 11, 1999, pp. 345-379.

NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: “Lalinenses emigrados na Arxentina pola República: notas a un discurso de 1931”. *Descubrindo. Anuario de Estudios e Investigación* nº 3, 2001, pp. 111-132.

NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: “Gaitas y tangos. Las fiestas de los inmigrantes gallegos en Buenos Aires”. *Ayer. Asociación de Historia Contemporánea* nº 43, 2001, pp. 191-223.

NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: “Da rexeneración da Bandeira: notas sobre a emigración, asociacionismo e mobilización sociopolítica”, en *Fomento de la Instrucción Gallega*. Vigo, Ir Indo, 2002, pp. 51-66.

PEÑA SAAVEDRA, V.: *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*. Santiago, Xunta de Galicia, 1991.

PEÑA SAAVEDRA, V.: “Siglo XVII: génesis de las fundaciones docentes de los indianos gallegos”. *Educación y Europeísmo. De Vives a Comenio*. Actas del VII Coloquio Nacional de Historia de la Educación. Málaga, Universidade de Málaga, 1993.

PEÑA SAAVEDRA, V.: “Indianos precursores de la filantropía docente en Galicia” (1607-1699), en *Revista de Indias* nº 216, 1999, pp. 375-389.

PORTO UCHA, A. S.: *A Escola Normal de Pontevedra. (1845-1940)*. Santiago, Universidade de Santiago, 1994.

HERVELLA GARCÍA/SEIJAS MONTERO: *Lalín-Bos Aires, unha historia compartida*. Lalín, Padroado Cultural de Lalín-Seminario de Estudios de Deza, 2001, p.42.

SIXIREI PAREDES, C.: *Galeguidade e cultura no exterior*. Santiago, Xunta de Galicia, 1995.

ANEXOS

Anexo I: Acta de constitución de *Hijos del Partido de Lalín* de Buenos Aires

Acta del día 7 de Agosto de 1908.

En la Ciudad de Buenos Aires, a los siete días del mes de Agosto de mil novecientos ocho: Reunidos los señores que al final se expresan, con objeto de cambiar ideas acerca de una reunión tenida por los mismos con fecha 14 de Junio del presente año para constituir una Sociedad con el fin de allegar fondos para la construcción de un Hospital en la villa de Lalín, provincia de Pontevedra; se acordó:

PRIMERO: Proceder al nombramiento de una Comisión Directiva provisional, que quedó constituida con los señores siguientes:

Presidente: *Benito Neira Areán*.

Vice-Presidente: *Pedro Presas*.

Secretario: *Norberto Triana*.

Pro-Secretario: *Ramón Rodríguez*.

Tesorero: *Amador Rodríguez*.

Pro-Tesorero: *Guillermo Areán*.

Vocales: *Inocencio Rodríguez, José Rodríguez, José Romero, Alejandro Gutiérrez, Manuel Miranda, Manuel Chouza*.

Suplentes: *Sergio Gutiérrez, Manuel Areán, Manuel Méijome, Celso Gerpe, José García, Cupertino González*.

SEGUNDO: Se acordó denominar a esta Sociedad: “Hijos del Partido de Lalín”.

TERCERO: Se resolvió reunirse nuevamente el día 17 del corriente con el fin de proceder al estudio de un reglamento que una vez hecho se presentará a la primera Asamblea general que al efecto se convocará para proceder a la aprobación o modificación del mismo y al nombramiento de la Comisión Directiva efectiva.

Con lo cual se dio por terminada esta acta, que firman los señores que forman la Comisión, y con ellos los demás que asistieron a ella y saben hacerlo, que lo fueron: Severino González, Manuel Fernández, Guillermo González, Ramón Casal, José Santomé, Maximino Miguélez, Luis González, José Varela, José María Crespo, Alejandro González, Servando González, Eloy Gutiérrez, Jesús López, José Valdés, Maximino Areán, Nemesio Neira, Manuel Trabazo, José Fernández, Baldomero Fernández, Pedro Villar, Antonio Villar, José Montouto, Ventura Portas y Francisco Taboada, entre otros.

Anexo II: Acta de constitución de *Hijos del Partido de Lalín* de La Habana

En la ciudad de La Habana, a los veintiseis días del mes de Enero de mil novecientos diez se reunió el Comité de propaganda de los naturales del Partido de Lalín, residentes en esta Isla, con el fin de constituir una Sociedad en esta Capital, para crear un “Hospital-Asilo” en Lalín, asistiendo a dicha reunión los señores que al margen se expresan.

Se dio lectura al acta de la junta anterior por el Secretario, la cual fue aprobada sin discusión.

Se acordó nombrar una Comisión de cinco miembros para redactar el Reglamento, siendo elegidos los señores Lamas, Lorenzo, Méijome, Pedreira y Máximo López.

Y después de terminado se citase a la Junta General para discutirlo y aprobarlo.

Y no habiendo otros asuntos de que tratar se dio por terminada la reunión levantando la presente acta para constancia de los presentes, de la cual certifico.

El presidente: *Cándido Lamas*.

El secretario: *Máximo López*.

Concurrentes:

Presidente: *Sr. C. Lamas*.

Tesorero: *Sr. M. Lorenzo*.

Secretario: *Sr. M. López*.

Vocales: *Sr. José Ramos, Sr. José Areán, Sr. Emilio Lalín, Sr. José Méijome, Sr. D. Carral, Sr. Francisco Iglesias, Sr. Antonio Iglesias, Sr. M. Pedreira*.

Anexo III: Directivas das Sociedades

Directivas de Hijos del Partido de Lalín. Buenos Aires

Comisión Directiva provisional. 1908²⁹⁴

Presidente: Benito Neira Areán
Vicepresidente: Pedro Presas
Secretario: Norberto Triana
Vicesecretario: Ramón Rodríguez
Tesoureiro: Amador Rodríguez
Vicetesoureiro: Guillermo Areán
Vocal: Inocencio Rodríguez
Vocal: José Rodríguez
Vocal: José Romero
Vocal: Alejandro Gutiérrez
Vocal: Manuel Miranda
Vocal: Manuel Chouza

Primeira Comisión Directiva electa, ano 1908-10²⁹⁵

Presidente: Guillermo González, de Lalín.
Vicepresidente: Arturo Rial Ramos, de Silleda.
Secretario: Jesús López, de Carbia; Alejandro Lalín.
Vicesecretario: Benigno González, de Soutolongo, Celso Martínez.
Tesoureiro: Marcelino Otero, de Barcia; Manuel González.
Vicetesoureiro: Manuel Vila, de Dozón.
Vocal: Manuel Frade; Luis Varela.
Vocal: Manuel Fernández, de Lalín; Antonio Sarandeses.
Vocal: Benigno González, de Goiás; Eloy Gutiérrez.
Vocal: Luis Varela; Manuel Miranda.
Vocal: Emilio Rey, de Noceda; Ramón Rodríguez.
Vocal: José García, de Agolada; Sergio Fernández.

Comisión Directiva ano 1910-12²⁹⁶

Presidente: Guillermo González
Vicepresidente: Arturo Rial Ramos

294. Nomeados na asemblea celebrada o 7 de agosto de 1908.

295. Elixidos mediante votación secreta en asemblea celebrada o 2 de novembro de 1908.

296. Elixidos mediante votación secreta en asemblea celebrada o 3 de decembro de 1910, e renovados algúns cargos na sesión ordinaria de 3 de decembro de 1911.

Secretario: Celso Martínez Teijeiro, Alfredo González.
Vicesecretario: Ramón Rodríguez, Alejandro Lalín.
Tesorero: Manuel González, Francisco González.
Vicetesorero: Manuel Vila, Antonio Iglesias.
Vocal: Manuel Barrio, Alejandro Gutiérrez.
Vocal: José Romero, Alfredo González.
Vocal: Manuel Chouza, José Ferradás.
Vocal: Manuel Miranda, Alejandro Lalín.
Vocal: Eloy Gutiérrez, José María Crespo.
Vocal: Antonio Iglesias; Francisco González.

Comisión Directiva ano 1912²⁹⁷⁻¹⁴

Presidente: Guillermo González
Vicepresidente: Roberto Martínez Baladrón
Secretario: Celso Martínez Teijeiro.
Vicesecretario: Abelardo García.
Tesorero: Francisco González.
Vicetesorero: Solitario Lijó.
Vocal: Alfredo Sarandeses.
Vocal: Antonio Iglesias.
Vocal: Celso Palmaz.
Vocal: Norberto Triana.
Vocal: Francisco González.
Vocal: Vicente Fernández.

Comisión Directiva anos 1914²⁹⁸⁻¹⁶

Presidente: Guillermo González.
Vicepresidente: Roberto Martínez Baladrón.
Secretario: Celso Palmaz.
Vicesecretario: Norberto Triana.
Tesorero: Alfredo Sarandeses.
Vicetesorero: Antonio Iglesias.
Vocal: Alejandro Gutiérrez; Guillermo González.
Vocal: Alfredo Sarandeses; Celso Martínez Teijeiro.
Vocal: José Ferradás; Solitario Lijó.
Vocal: José Mª Crespo; Manuel Barrio.
Vocal: Francisco González; Camilo Campos.
Vocal: Benigno González; José María Asorey.

297. Elixidos mediante votación secreta en asamblea celebrada o 7 de decembro de 1912.

298. Elixidos mediante votación secreta en asamblea celebrada o 27 de febreiro de 1914, e renovados na sesión celebrada o 10 de novembro de 1914.

Comisión Directiva ano 1916²⁹⁹-1918

Presidente: Guillermo González
Vicepresidente: Celso Martínez Teijeiro
Secretario: Roque Vázquez
Tesorero: Manuel Barrio
Vicesecretario: Camilo Campos
Vocal: Ramón Miranda.
Vocal: Manuel Castro.
Vocal: Francisco Gil.
Vocal: Ramón Ferradás Villar.
Vocal: José R. García.
Vocal: Norberto Triana.

Comisión Directiva ano 1920³⁰⁰-1922

Presidente: Constantino González; Eleodoro Friol.
Vicepresidente: Luis López Páez.
Secretario: José Neira Vidal.
Vicesecretario: Inocencio Rodríguez.
Tesorero: José Rodríguez González.
Vicesecretario: Emilio Ferradás.
Vocal: Aniceto Troitiño; José González Madriñán.
Vocal: José Abeledo; Julio Cortizo.
Vocal: Celso Cuervo; Emilio Ferradás.
Vocal: Eleodoro Friol; Marcelino Iglesias.
Vocal: José M. González; Roque Vázquez.
Vocal: Darío Moure.

Comisión Directiva ano 1922-24

Presidente: Secundino Villar
Vicepresidente: José Abeledo.
Secretario: Julio Cortizo.
Vicesecretario: Marcelino Iglesias.
Tesorero: José González Madriñán.
Vicesecretario: Darío Moure.
Vocal: Antonio Fernández (fillo).
Vocal: Emilio Ferradás.
Vocal: Cándido González.
Vocal: Roque Vázquez.

299. Memoria 1916-1917.

300. Comisión elixida por aclamación, por non existiren listas alternativas, en asemblea xeral ordinaria o 26 de decembro de 1920.

Vocal: Manuel Casado.

Vocal: Antonio Blanco.

Comisión Directiva ano 1924-26

Presidente: Eleodoro Friol.

Vicepresidente: Secundino Villar.

Secretario: José Neira Vidal.

Vicesecretario: Julio Cortizo.

Tesoureiro: José González Madriñán.

Vicetesoureiro: Darío Moure.

Vocal: José Abeledo; Secundino Villar.

Vocal: Emilio Ferradás; José Abeledo.

Vocal: Marcelino Iglesias; Antonio Fernández.

Vocal: Roque Vázquez; Cándido González.

Vocal: Ramón Campos.

Vocal: Antonio Blanco.

Comisión Directiva ano 1928-30

Presidente: Aniceto Troitiño.

Vicepresidente: José Abeledo.

Secretario: David Barrio.

Vicesecretario: José Neira Vidal.

Tesoureiro: Emilio Ferradás.

Vicetesoureiro: Antonio Pájaro.

Vocal: Vicente Fernández.

Vocal: Antonio Rodríguez.

Vocal: Manuel Bermúdez.

Vocal: Cándido González.

Vocal: Victorino Lalín.

Vocal: Vicente Sánchez.

Comisión Directiva ano 1930-1933

Presidente: Aniceto Troitiño

Vicepresidente:

Secretario: José Neira Vidal.

Vicesecretario

Tesoureiro

Vicetesoureiro

Vocal: Antonio Fernández Feijoo.

Vocal: Vicente Sánchez.

Vocal: Victorino Lalín.

Comisión Directiva ano 1933-36

Presidente: Antonio Fernández Feijoo.

Vicepresidente: José Abeledo.

Secretario:

Vicesecretario

Tesoureiro

Vicesoureira

Vocal: Luis Goyanes.

Vocal: Marcelino Iglesias.

Vocal: Emilio Ferradás.

Vocal: Ramiro Riádigos.

Vocal: José Rodríguez González.

Vocal: Cándido González.

Vocal: Manuel Sobrado.

Vocal: Manuel Casado.

Vocal: Antonio Pájaro

Vocal: Manuel Pereira.

Vocal: Antonio Rodríguez.

